



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

AUSENTES

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11:00 horas do día 13 de novembro de 2014 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

Interventora de fondos

D.^a EVA FERNÁNDEZ GARCÍA

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, bos días a todos e a todas, empezamos entón con este pleno ordinario, co primeiro punto da orde do día que é a aprobación da acta do 08/09/2014 e como carácter previo dicir que vamos ter que facer unha corrección de erros porque na fecha que se puxo en relación a un dos festivos locais, que se dixo que era o 11 de febreiro, parece ser que é o día 17 de febreiro, que é o martes de carnaval, pois dito isto, sometese a votación a acta, se hai algo que alegar, bueno, pois queda aprobada entón por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación da acta do 08/09/2014**”

2- APROBACIÓN DA REGRA DO GASTO

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao punto dous que é a aprobación da regra do gasto que para iso doulle a palabra a señora interventora, porque é un tema puramente económico

A sr. Interventora toma a palabra: O punto dous supón a aprobación da regra do gasto con carácter previo á aprobación do orzamento, entón tratase de determinar cal é o teito de gasto para o ano 2015 e de ver si o orzamento no caso de ser aprobado, si cumpriría con este teito de gasto, para a determinación deste teito de gasto, bueno pois remítome ó informe sobre estabilidade e regra de gasto, que se determina ese teito coa aplicación do porcentaxe de aumento que se aproba no Consejo de Ministros e que está publicado no boletín oficial das Cortes Xerais o 7 de xullo de 2014. Este porcentaxe é de 1,3% para o período 2014-2015, e como podemos ver o gasto computable da liquidación do ano 2014 que é o punto de partida para a determinación desta regra de gasto é de 4.725.608,08, incrementándose neste 1,3% teríamos un incremento de 61.432,91 euros, máis os aumentos permanentes que neste caso verían dados pola aprobación da regulación do prezo público correspondente ao Polideportivo que se estima nuns 68.400,00 euros, nos da un teito máximo de gasto dun 4.855.440,99 euros. Tendo en conta o orzamento que se presenta, no seguinte punto, vemos que correxido con todas as operacións que hai que practicarlle, pois cumpriría con este teito de gasto, con un marxe de 27.380,99 euros, ¿se teñen algunha pregunta?



O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, é un tema puramente técnico, entón ¿se alguén quere tomar a palabra?

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Non, que o Bloque Nacionalista Galego vaise abster porque entendendo que é unha cuestión técnica, e que responde á legalidade vixente, responden tamén as cifras, a uns orzamentos aprobados polo Partido Popular e que claro corresponde á realidade económica que ten este Concello polo que fai o Partido Popular,

O sr. Valcarcel toma a palabra (PSOE): Pois o Grupo Socialista non está de acordo con esta obriga legal, xa que non responde ás necesidades da cidadanía, por está razón, en principio ímonos a abster.

O sr. Alcalde toma a palabra: ben, sométese o asunto a votación

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do Partido Popular e as abstencións do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo “ **Aprobación da regra de gasto para o orzamento do ano 2015**”

3- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O ANO 2015

O sr. Alcalde toma a palabra: Voulle dar en principio a palabra, dende o punto de vista técnico á Interventora para despois tomen a palabra dende o punto de vista político, para defender o orzamento, entón os criterios técnicos que fale entón a Interventora.

A sr. Interventora toma a palabra: Grazas, o orzamento que se trae á aprobación inicial ten unha contía de 5.489.654,27 euros, presentase nivelado tanto en gastos como en ingresos, e hai que dicir que se introducen algúns cambios en canto á estrutura, para adecuarlos á nova estrutura aprobada pola orde do Ministerio de Facenda e de Administracións Públicas 419 de 2014 de marzo e se da unha nova estrutura, pois pódese ver que no caso do que antes era o grupo de políticas, 155 que era vivenda e urbanismo, pois agora é o 153.1, acceso aos núcleos de poboación, 153.2 pavimentación de vías públicas, por poñer algúns outros exemplos, na política de gasto no 16 pois danse 6 grupos de programas, o 160 redes de sumidoiros, 161 abastecemento domiciliario de auga potable, 162 recollida, xestión e tratamento de residuos, 163 limpeza viaria, 164 cemiterios e servizos funerarios, 165 iluminación pública, por poñer algún exemplo e sen ánimo de resultar moi exaltivo, en canto a materia de ingresos e gastos, hai que dicir que se producen algúns ingresos que serán comentados despois polo señor Alcalde, e en materia de gastos hai que resaltar que pese a que non se pode incrementar o gasto de persoal, porque a Lei de Orzamentos Xerais do Estado establece que se conxela a gasto de persoal



para o ano 2015, si que é certo que a disposición adicional décima, da mesma Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, propón a recuperación da paga extraordinaria, en canto os 44 días, que bueno foron obxecto de múltiples sentencias e demais si recoñecen o dereito a cobrar 44 días de paga extraordinaria sempre que a entidade este nas condicións para facer frente a esos gastos cumprindo pois estabilidade, regra de gasto e no noso caso dáse esta circunstancia, o crédito para facer frente a este gasto de persoal, entón o capítulo uno vese incrementado pois no importe correspondente. Os gastos correntes quedan practicamente iguais, e despois prodúcense variacións nas inversións, pouco máis hai que dicir dende o punto de vista técnico en relación ao orzamento do ano 2015.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, pois dende o punto de vista político, loxicamente teño que empezar a dicir o seguinte, como todos saben o orzamento contempla tres apartados fundamentais, que son as bases de execución de presuposto, que teñen todos copia, a memoria da Alcaldía e o presuposto contable real. En canto as bases de execución pois son as que están ahí, entendo que non hai nada que discutir en principio; e encanto a memoria, pois si obviamente, a grandes rasgos dicir que como todos saben, os orzamentos compóñense de ingresos e gastos, para chegar aos gastos loxicamente hai que contemplar primeiro o capítulo de ingresos. Pois o capítulo de ingresos neste ano sofre unhas pequenas variacións, fundamentalmente por dúas cousas, primeiro; contéplase que os ingresos do Estado se reduzan entorno a 200.000 euros aproximadamente, porque o Fondo Nacional de Cooperación como todos saben, bueno e os ingresos que realmente contempla o Estado van en función tamén dos ingresos do IAE e compañía, e como estes últimos anos a actividade económica está baixando, pois baixan tamén loxicamente os ingresos, que é o que nos remite o Estado con relación a actividade económica que hai cos anos anteriores, que é o que se toma como base, en torno a eso aproximadamente 200.000 euros. Hai outra baixa importante, porque, todos sabedes que baixamos o imposto, o ibi que todos os anos estaba subindo, pois este ano loxicamente deixamos o máximo permitido pola Lei, que é o 0,4% que se aprobou aquí nun pleno recentemente, e se contempla como é lóxico pois para o ano anterior, esto nos pon unha merma tamén de ingresos en torno a 100.000 euros, entón estamos falando dunha rebaixa de ingresos, para o ano 2015, en relación ao 2014, a grandes rasgos, en principio, cunha diminución en torno a 300.000 euros. En cuanto ao capítulo de gastos para o ano 2015, contemplamos un gasto a maiores que non se contemplaban en anos anteriores, tamén en torno a 200.000 euros a maiores co ano anterior, que é o gasto da Posta en marcha do Polideportivo; é un gasto importante, pero é un gasto útil e necesario



como todos sabemos, despois a parte deste gasto que é fundamental, loxicamente y é novo, pois os demais gastos, pois indudablemente son moi similares aos orzamentos do ano 2014, ben é certo que este ano rebaixase o capítulo de inversión, se hai menos ingresos e hai os mesmos gastos, loxicamente dalgún sitio teñen que saír, ben pois saen en primeiro lugar baixase o capítulo de inversión, porque como todos están vendo, ano tras ano, máis a diante, a final de ano, cando se fai a liquidación dos orzamentos, soe haber un de remanente de tesourería importante, como foi o ano pasado, como son todos os anos en xeral, e pretendemos aplicar o superhabit, que estamos seguros de que o vai haber e o remanente de tesourería, ó capítulo indudablemente de inversión, reforzar o capítulo de inversión, con esas partidas que ano tras ano, como viron fai pouco tempo, pois se fixo, entón como digo houbo menos ingresos e hai os gastos a maiores, entón dirán ¿como se cadran as constas?, bueno pois as contas hai que cadralas loxicamente con coherencia, como é o caso. Outros anos, nos se contemplaban no orzamento unha serie de subvencións, que todos os anos veñen que son fixas, e que contamos con elas ano tras ano, ¿iso que nos producía?, como dixen antes, pois producíanos que haxa un remanente de tesourería moi avultado a final de ano, entón este ano xa o contemplamos como ingresos e loxicamente como gastos, entón ese capitulo, estamos falando de entorno a 300.000 euros, que non se contemplaban e que este ano se contemplan, que van a cubrir ese deficit que dixemos antes, do orzamento pola diminución de ingresos do Estado máis a diminución do ibi en canto a recadación, entón contemplando o capitulo de transferencia correntes e doutras administracións que son eses 300.000 euros aproximadamente que se contemplan e que ese capítulo queda obviamente compensado, despois tamén se contempla no capitulo de ingresos unha cantidade aproximadamente de 68.000 euros que se pretende recadar con taxas do Polideportivo, e a grandes rasgos así o orzamento como poden ver no documento que se vos entregou, queda practicamente equilibrado, porque o que se pretende neste momento de crise como estamos, pretendese pois manter os servizos, os servizos todos se manteñen, e máis é importante destacar que estamos dedicando unha cantidade moi importante de recursos, incluso a servizos fundamentalmente que son necesarios, por iso o facemos, á cidadanía pero que non son de competencia directa como poden ser en tema de educación, vostedes viron o documento e esta en torno a un 10% do orzamento o que se dedica, dedicase a educación como ben saben vostedes, a actividades extraescolares, a clases de apoio tanto de inglés como actividades para os nenos, e de todo o que se refire en torno a tema de cursos, a charlas, todo o que vai dedicado a ese capítulo, suma como vostedes ben viron hai, pois entorno a un 10% . E outro capítulo moi importante, tamén de recursos, que está en torno o 15%, e o tema de deportes, ambos



son para a xuventude e para a cantidade de xente nova que hai neste Concello, entonces si realmente estamos dando este tipo de servizos que son moi importantes, e no orzamento é unha partida moi avultada, pois queda menos loxicamente para inversión, pero bueno a mellor inversión creemos que é en Educación e na Xuventude, que creo que para nós e creo que para todo o mundo debe ser prioritario. Entón este equipo de goberno considera e considerou prioritario a Xuventude porque hai moita neste Concello afortunadamente, e hai que darlle recursos a este tipo de poboación que tanto o necesita, é certo que quedan cousas posiblemente por facer, pero entendemos que a día de hoxe os recursos que se dedican é unha cantidade, eu creo que todo o mundo o recoñece, todo o mundo o valora, e nós por suposto, estamos facendo un esforzo importante a este colectivo, sen esquecer de outros como pode ser a terceira idade, a asistencia social, os servizos sociais, como vostedes ben saben, pero que todos eles loxicamente consumen a maioría dos gastos dos orzamentos do Concello. Noutro momento se fixeron grandes cantidades de inversións, o capítulo de inversión foi moi potente, , neste momento non pode ser, as inversións unha vez que se fan, tamén hai que mantelas, nos neste momento o que tratamos e de mantelas coherentemente en función das posibilidades e como hai unha gran inversión feita, digamos en servizos e en obras, pois entendemos que este non é o momento de facer inversión en obras, senón en servizos aos cidadáns. Despois tamén se contempla ahí, que non se mencionou antes, un capítulo moi importante de recursos que tampouco seria moi propio do Concello que é o de o transporte público 280.000 euros, creo que son, y que indudablemente é un tema gravoso para este Concello, nos recentemente na ultima reunión co Presidente da Xunta lle reivindicamos a posta en marcha ou dunha financiación dun transporte urbano, metropolitano, porque é unha cantidade importante, ben é certo que este ano contéplanse 280.000 euros no orzamento porque vostedes supoño tamén que viron na memoria que se inclúe a recadación tamén que pagan os veciños, non é que o Concello desembolse 280.000 euros, pero o Concello desembolsa en torno a 150.000 paréceme, 170.000 ou por ahí anda a cousa.

Entón é outro servizo impropio pero que é necesario para os veciños deste Concello, e por eso o estamos facendo así, estamos dedicando unha cantidade moi importante, ano tras ano, pero que unha vez que se poña en marcha un servizo metropolitano, isto seguramente xa quedará pois máis desminuida esta partida, e quedará liberada para outro tipo de servizos ou para outro tipo de obras. Bueno a filosofía dos orzamentos é darlle servizo aos cidadáns, como vostedes ben, mantelos cuns imposto máis baixos, o mellor posible para que a cidadanía que estamos nun momento de crise, poida dedicar os seus recursos pois a vivir porque neste momento, por desgracia nestos momentos é



complicado, e en moitos casos e moi difícil chegar a fin de mes, entón este é o documento que está encima da mesa para aprobar, está é a filosofía do Partido Popular como sigue todos os anos, e dicir isto que é importante, que se poden manter todos os servizos tamén, porque vostedes como ben saben este Concello non ten débedas, que en moitos casos o capítulo de débeda supón un capítulo importante de intereses, un capítulo importante no orzamento a amortizar e que neste caso non existe, afortunadamente neste momento non hai débedas e non hai gasto, e bueno nada máis, como primeira intervención e o que someto ao pleno, para a votación,

O sr. Fírvida toma a palabra(BNG): Bos días, bueno escoitando ao Señor Alcalde dá a sensación de que, bueno non quero repetir o do ano pasado de que aquí non pasa nada, de que aquí todo é marabilloso, todo funciona moi ben, Barbadás está cheo de servizos públicos, gastamos todo en asistencia aos veciños, non hai ningunha necesidade, xa non fai falta facer ningún tipo de investimentos porque parece que xa está todo feito, e o que non este feito xa se fará no futuro, pero a realidade é ben diferente, e a xente que vive neste Concello está sufrindo a realidade.

A realidade de todos os días, non a que conta vostede señor Alcalde, vostede empezou pola memoria e eu non tiña pesando empezar pola memoria, pero mire voulle falar da súa memoria. Outros anos a memoria dos orzamentos eran tres páxinas, que non puñan practicamente nada, este ano son seis páxinas, pero son seis páxinas que máis cunha memoria veñen a ser unhas bases de execución do orzamento como as que fai a Interventora ou a Secretaria para xustificar os números e a legalidade, son unhas bases de execución, porque nesta memoria vostede non dí absolutamente nada de cales son os obxectivos que se marca como dirixente político deste Concello, como máximo responsable da autoridade pública, non dí para nada cara onde camiña Barbadás, non dí cal é a misión do seu grupo de goberno, non dí porque vostedes están ganando 107.000 euros, as persoas que teñen dedicación exclusiva e para que traballan para o Concello, non dí nin sequera cales son os planeamentos do futuro, o que vai a construír, cal é a inversión nova, cando se vai a facer, cando se vai a periodificar ese gasto, agora nos fala dun servizo metropolitano, cada día saca debaixo da ala unha promesa nova, e a realidade nunca, nunca se concreta en nada. Vostede fala na memoria de como se realizaran as contas pero non di absolutamente nada de cal vai a ser o futuro do noso Concello, por exemplo non nos di nada de cales son os obxectivos que persigue o Concello en materia de Asistencia Social, porque non fala do Centro de Día, nin do Centro de Saúde, nin di cando se vai a construír, nin porque non se leva construído, nin porque non está financiado, nin porque o solar está como fai dez anos, non dí absolutamente nada, non di nada dos servizos públicos por exemplo, non dí nada das Garderías, non



dí nada da Atención á Infancia, nin tampouco dí nada do Instituto de Secundaria, para vostede todas estas cousas na memoria non existe, non dí nada da calidade de servizos que presta este Concello, por exemplo as piscinas que temos, que son un cubo que quedaron absolutamente pequenas para tanta poboación, non hai planificación dun Polideportivo cunhas piscinas axeitadas, cunhas piscinas cubertas, cunhas piscinas climatizadas como as que teñen todos, todos os Concellos de Galicia moitísimo máis pequenos que o de Barbadás, non hai Concello en Galicia que teña menos infraestruturas, menos servizos que en Barbadás, non o hai, compare vostede Garderías Públicas, Institutos, Centros de Saúde, Centros de Día, están falando de facer un Centro de Saúde en Padrenda, eso é o que temos en Barbadás, están falando de facer un segundo Instituto en moitísimos Concellos desta provincia, e nós non temos nin o primeiro, e así todo, tampouco nos di por exemplo nada, na súa memoria sobre o que pensa sobre o emprego, porque é certo que dedica unha partida orzamentaria ó emprego, pero sen embargo na memoria vostede non dí nada, e porque non fala nada da posibilidade de construír un parque industrial, un parque empresarial ou sequera xa non industrial, un parque comercial no noso Concello para que as empresas comerciais se poidan asentaren, estamos a menos dun quilómetro dunha autovía que cruza todo o Estado Español desde Madrid hasta o noso país, e que remata en Vigo e na Coruña, aquí é un sitio privilexiado para ter un parque comercial, pois non, vostede non di nada, vostede na memoria non recolle absolutamente nada, e agora na introdución nos fala vostede da súa memoria, home menos mal que falou algo, porque desde logo o que está escrito non recolle absolutamente nada, o único que recolle a memoria é unha intencionalidade por parte súa e por parte dos seus Concelleiros e Concelleiras para manterse no poder, para ter un goberno absolutamente abotargado, anestesiado, que está ben pagado, se consideran eles, e iso é suficiente para sacarlle adiante a vostede todo o que nos ven presentando sistematicamente no Concello, limítanse a levantar a man, non interveñen en ningunha moción, aquí non se sabe quen é a Concelleira de Obras, nin que é o Concelleiro de Servizos Sociais, nin que é a Concelleira de Deportes, só nos enteramos cando temos un problema ca cidadanía e temos que ir a falar cos cidadáns, entón si, sabemos que por alí pasou unha Concelleira ou un Concelleiro, porque aquí intervencións ningunhas, vostede fai de Concelleiro absolutamente de todas as áreas, iso falando da memoria.

Pero agora voume referir en concreto aos orzamentos, con cifras, con números, son os seus números, non os do Bloque Nacionalista Galego, hai un cadro que recolle nos orzamentos de gastos, recolle o resumo por políticas de gastos, e aquí nos atopamos coa realidade deste Concello, vostede nos di na introdución, que este Concello non invirte nada en obra nova, porque se vai dedicar a prestar os



servizos que xa ten ofertados, e resulta que o capítulo 16, benestar comunitario, chámase así, pois vostedes, dedícanlle 130.000 euros menos que o ano pasado, isto é o que teñen vostedes nos seus orzamentos, non o digo eu, Manolo, non o digo eu, capítulo 16, benestar comunitario, 130.000 euros menos, e as outras partidas relacionadas co benestar aumentan en 21.000 euros; as de Promoción Social, 56.000 euros o de Fomento de Emprego, que despois explicarei en que se aumenta estas partidas, despois explicarei en que aumentan, aumenta en deporte 173.000 euros e aquí temos a nova estrela do Concello de Barbadás, que é o Pavillón, o Polideportivo conseguiu engulir estes orzamentos, aquí en Barbadás xa sabemos quen é a candidata ao Partido Popular para as seleccións municipais do ano que ven, a Concelleira de Deportes, ¿por que o sabemos?, ¿por o traballo desenvolvido nestes catro anos?, non, ¿pola queixas que nos dan os veciños polas parroquias e pola Valenzá? non, sabémolo analizando estes orzamentos, 173.000 euros máis para o capítulo de deportes, benvido sexan, que todo o mundo en Barbadás faga deporte, pero despois de comer, ehh, despois de ter calefacción, despois de pagar a luz, despois de levar a un fillo ao colexio con libros de texto, cousa que nos sacou o Señor Feijoo, despois de poder pagar os medicamentos, que antes eran gratis, cousa que nos sacou o Señor Feijoo e o Señor Rajoy, despois de todo iso, vamos e facemos deporte, despois, non antes, 173.000 euros, e claro 160.000 euros para transporte público, estes son os orzamentos, o resto eu podería coller os orzamentos do ano pasado, leer a miña intervención do ano pasado, leer a de Xose Carlos e transcribila a do ano pasado e quedarme tan ancho, pero non, non, e que estos son peores, estes orzamentos recortan en benestar para aumentar a partida de deportes, para maior gloria da Señora Concelleira de Deportes, para por en marcha un polideportivo que está sen inaugurar, inaugurarase en marzo, abril ou maio, ¿verdade señor Freire?, e ademais temos unha moción sobre isto, xa falaremos largo e tendido sobre o Polideportivo, sobre o que esta pasando aquí, agora vou falar dos orzamentos, e 160.000 euros que aumentan no transporte público que dicía o señor Freire que era porque se inclúe nos orzamentos, unha cantidade que antes non se incluían, que se chaman nos orzamentos transferencias de familias que son 126.000 euros, é dicir faltan 32.000 euros máis para o transporte público, ¿en que se gastan esos 32.000 euros señor Freire?, eu estou farto, analizando as intervencións dos anos pasados, de que tanto Xosé Carlos como eu fagamos cincuenta preguntas nos debates dos orzamentos e o señor Freire conteste pois falando das nubes, e non se nos contesta a ningunha pregunta, entón eu quero saber, en que se gastan 32.000 euros máis neste Concello en transporte público cando as transferencias son 126.000 e aumenta a partida en 160.000 euros, hasta 270.000 euros, non sabemos en que se gasta, perdón podemos saber en que se gastan, en deportes, hai



partidas en deportes para transporte ¿ para quen?, ¿ para o equipo de terceira división?, ben, de acordo, vamos a seguir falando dos orzamentos, entonces.

O orzamento aumenta en 28.000 euros, o señor Freire Couto falaba de que se reducían 300.000 euros derivados de menos transferencias do Estado en 200.000 euros e outros 100.000 euros doutra partida e entonce se reduciría en 200.000 euros, pero si se xustifica coas subvencións que antes no se recollían e agora si se recollen, polo tanto, Señor Freire Couto se vostede dí que as inversións se reducen ata practicamente desaparecer son o 3,15 % dos orzamentos, o 3,15% , fixen esas contas e a min dáme eso, 3,15%, é dicir un Concello, unha Administración Pública, un Concello que é o que esta máis achegado á cidadanía que dedique o 3,15% dos orzamentos para o investimento é absolutamente irrelevante na vida dos cidadáns, é algo que, ¿ para que existe este Concello?

O sr Alcalde toma a palabra: Para dar servizos.

O sr. Firvida toma a palabra: Eu estou en contra das Deputacións, si, xa veso, 130.000 euros para benestar comunitario estes son os servizos que vostede da, servizos educativos que vostede dá en ensino secundario, servizos sanitarios son os que vostede dá, servizos deportivos os que da a Concelleira, esos son os servizos que vostede da, bueno eu digo se agora recolle como ingresos dos orzamentos as subvencións que vostede antes non recollía e que despois sempre ía derivado ao remanente de tesourería para inversión, e de supor que este ano que xa está recollido no orzamento, non vai a ver remanente de tesourería, vostede mesmo o acaba de explicar, a min explíqueme como hai 300.000 euros máis contabilizados nos ingresos dos Concellos que antes non se contabilizaban, ían o remanente de tesourería, se agora están nos ingresos non vaia haber remanente de tesourería, para facer ningún tipo de inversión, ningún tipo de inversión, vostede o acaba de repetir na súa intervención, imos a ver en que se gasta o diñeiro deste Concello, desaparecen 37.000 euros dos traballos do PXOM, vostede recolle na memoria que os traballos xa están rematados, aquí xa se trouxo unha vez ao pleno unha moción do Bloque Nacionalista Galego onde se preguntaba por este PXOM, ¿ que é o que se fixo con este PXOM Señor Freire?, porque ademais de falar de números hai que falar do Estado Xeral do Concello de Barbadás, había que ter un debate para falar do Estado Xeral deste Concello, entón, ¿que é o que vostede ten pensado facer co PXOM deste Concello? Agochalo ata maio, agotalo ata xuño, cando pensa sacalo adiante, ¿ vaia a ver participación cidadá na redacción dese plan Xeral? ou vai facelo para os seus amigos, queremos saber que vai pasar con Plan Xeral que é a ferramenta de ordenación dun Concello, e vostede sacan estes 36.000 euros e desaparecen, aquí votamos terra por enriba, e deixamos que morra o conto, polo menos ata o mes de maio, despois quen



veña ¿verdade?, que se coma o marrón. Despois en vías públicas que desaparece por certo todo o orzamento, é dicir Victoria, María, Anxela, Sarín, mántanse a presentar mocións sobre parques e xardíns, vostedes unhas as aproban as que queren outras non as aproban, dicindo que co remanente de tesourería xa dedicamos un importe a xardíns, pois mira outras infraestruturas novas en conta xeral 15.32, 68.000 euros menos que o ano pasado, quédanse en 47.000 euros, ¿vostede cree que con 47.000 euros vai a poder atender todas as necesidades do Concello, das parroquias, parques, xardíns, beirarrúas, acesos, acesos ao rural?, en reparacións 10.000 euros menos, quedan 20.000, ¿saben cal é a única partida que aumenta en tódolos capítulos do gasto? É a única que aumenta en tódolos capítulos, “traballos realizados por outras empresas”, estamos asistindo a una esternalización de todos os traballos que se fan neste Concello, eu vou a ir despois detallando capítulo por capítulo o que se dedica a esta partida, todo o que antes se facía con obreiros do Concello, agora faino con empresas privadas, todo o que se facía en emprego, agora faise con empresas privadas, moitas das cousas que se facían en Educación e Cultura agora faise con empresas privadas, home xestionar así a verdade é que é cómodo, é cómodo, coller un teléfono chamar a empresa e dicirlle que veñan aquí a facer obras, é o mais fácil que hai, e se queda mordida por detrás aínda mellor, é moi cómodo gobernar así, claro, e que todas as partidas son traballos realizados por outras empresas, 5.000 máis por obra pública, para vías públicas, menos inversión, igual número de traballadores, temos no Concello 103 traballadores na actualidade, non se despide a ningún traballador do Concello na actualidade, do que eu me alegro, eu me alegro, pero si resulta de que todas as obras as fan, esternalizando, privatizando con empresas de fora, a inversión que ten o Concello, a mi isto perdome vaime lembrar aquilo de aqueles países subdesenvolvidos que non tiñan empregados públicos que non tiñan nin ladrillos nin cemento para facer as obras e iso é o que vai a pasar en Barbadás, manter vostede aos obreiros para non manter o material nin onde traballar porque van a facer as empresas de fora, vostedes crean emprego, pero emprego fora do Concello, en empresas privadas. E por certo os salarios tampouco se reducen, curiosamente redúcese a inversión, redúcese o gasto en obras e servizos públicos, pero non se reduce os salarios deses traballadores, a min gustaríame que a Concelleira encargada do ramo puidera explicarme algunha vez que é o que pasa aquí.

Capítulo 160, traballos realizados por outras empresas na rede de sumidoiro, 39.000 euros máis, señor Freire estes 39.000 euros máis son os que se van a dedicar para mellorar a rede de abastecemento e saneamento de Loiro?, gustaríame que na súa intervención me contestase a iso, porque vaise gastar 39.000 euros máis na rede de sumidoiros, a parte dos 60.000 que xa había, máis diñeiro para os



servizos esternalizados, outras inversións, eso sí, quedan 7.500 euros, esta é a partida que vai dedicar para mellorar o servizo de Loiro, 7.500 euros da para mellorar , ¿ cantas cañerías se poden arranxar con 7.500 euros?

O sr. Alcalde toma a palabra: O de Loiro xa se puxo, o que é o bombeo me refiro,

O sr. Fírvida toma a palabra: Ah, pois entonces mentiulle aos veciños, porque se vostede está dicindo alí que cando haxa un problema, e pouco a pouco, cando se observen deficiencias vaise a ir restaurando e mellorando a rede de saneamento e abastecemento, e separando as augas unhas das outras, por certo é ilegal, é perigoso, e agora dí que xa se fixo, lástima que non haxa aquí ninguén de Loiro. Abastecemento de augas, cánones, 19.500 euros máis que o ano pasado, ¿ para quen van estes 19.500 euros de máis de abastecemento de auga? Para Viaqua, para outras empresas que prestan servizos, ¿ Onde se gastan estes 19.500 euros de máis dos que se gastaron xa este ano? E claro as grandes partidas dos orzamentos, son todas aquelas que teñen relación cos servizos privatizados, contrato de recollida de lixo, 384.000 euros, eu preguntolle Señor Freire, ¿ entregou o informe anual a empresa encargada da recollida do lixo e que figura no prego de contrata como obrigatorio presentar anualmente?¿entregou ese informe?. Segunda pregunta ¿ fíxo a empresa concesionaria da recollida do lixo a nave que figura no prego de contratos?, terceira pregunta ¿ ten vestiarios e almacén a empresa concesionaria tal como figuran nas condicións da contrata?, outra pregunta ¿ cantos traballadores ten a empresa concesionaria? ¿Son os que figuran no contrato de concesión? Outra pregunta ¿ comprou a empresa concesionaria hidrolimpiadora, sopladora, camión basculante e todo o que necesita como figura na contrata asinada coa empresa pola que se lle pagan 384.000 euros, ? esas preguntas eran suficientes para renegociar, incluso para rescatar a recollida do lixo, desa empresa e facelo dende o propio Concello, con 384.000 euros o Concello tiña que estar feito unha patena, una patena, pero claro, preferimos darllo a unha empresa amiga, así nos vai contratando aos familiares.

Tratamento de residuos; traballos realizados por outras empresas 288.000 euros que sumados aos 384.000 euros suman 672.000 euros. Gastamos 672.000 euros no tratamento dos residuos, sen ningún tipo de consideración ecolóxica, nin de redución, nin de reutilización, absolutamente nada, aquí da igual, aquí o que importa é pagarlle as empresas concesionarias, o que se faga co lixo da absolutamente igual, como se o meten debaixo dun alcantarillado, da igual, o que importa é darlles 672.000 euros. Vendo unha dación de conta, véñeme agora a cabeza, deste pleno, que a empresa Viaqua, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento da auga, tamén é a empresa que xestiona a cobranza do lixo, que a empresa concesionaria da auga cobre a xestión do lixo que



presta outra empresa privada. Cando temos a cobranza de impostos delegada no Deputación Provincial de Ourense, eso xa é o non va máis, ben pois nos cobran o 3,5% dos recibos facturados pola recollida do lixo, o 3,5% o que suma máis de 12.000 euros a o ano, nunha xestión que é unha cobranza dun imposto, que se podía facer desde as oficinas municipais cun traballador e un computador; porque o censo de vivendas está, o que pagamos está porque esta recollido nos ingresos dos orzamentos, está recollido no diñeiro que se consegue coa empresa concesionaria, ¿Porque razón lle estamos regalando a unha empresa privada o 3,5% do que se recada do lixo, alguén mo pode explicar, gustaríame que alguén contestase a algunha vez a algunha destas preguntas, máis 12.000 euros que lle regalamos a Viaqua, ademais do que lle regalamos pola auga, inversións en parques e xardíns 53.000 euros menos que o ano pasado, 15.000 euros a inversión de parques e xardíns vai ser de 53.000 euros para que sigades presentando mocións, e de camiños e de mellora de xardíns 15.000 euros, 53.000 euros menos, para traballos realizados por outras empresas para parques e xardíns aquí si que se diminúe, 12.000 euros, sen embargo se contemplan 62.000 euros para outras empresas para parques e xardíns, seguimos dándolle todo as empresas privadas, ¿para qué? para ter a farolas, cortadas, rotas, os xardíns cheos de pulgas, os cans por alí facendo as súas necesidades, o areeiro sen cambiar, bueno todo isto que xa temos falado en moitas mocións. Traballos realizados por outras empresas en administración xeral servizos sociais, 5.500 euros máis, ¿pode dicirme o Concelleiro de Servizos Sociais para que se lle pagan 8.500 euros a traballos realizados por outras empresas para Servizos Sociais no Concello? ¿para qué? E que nos non vemos absolutamente nada, nada, porque os locais sociais funcionan porque están alí os veciños e se realizan actividades sociais, e o resto para que é, todo para empresa privadas. E figura unha partida moi curiosa, locomoción para persoal non directivo 6.000 euros, locomoción para persoal non directivo,

O señor Alcalde toma a palabra: Iso son os das Asistentas Sociais, o que se lle pagan as dietas, o quilometraxe.

O señor Firvida toma a palabra: De acordo, ben, dietas de asistentes sociais. Nada para fins sociais, nada para a atención a violencia de xénero, nada para persoas en inclusión en risco social, absolutamente nada para as persoas que peor o están pasando neste Concello, unicamente hai 30.000 euros dunha partida específica para persoas coa enfermidade celiaca, para o resto da xente deste Concello non hai absolutamente nada, non hai nin sequera unha partida para pagar medicamentos a aqueles xubilados, que pola súas baixas rendas, están deixando de medicarse, en enfermidades crónicas moi graves porque non teñen diñeiro, non teñen diñeiro, isto é unha realidade que está



sucedendo no noso país, e vostedes podían dedicarlle, mire por exemplo 5.000 euros, 10.000 euros para estes programas, por exemplo a programas contra a violencia de xénero, de atención á muller, de atención a mocidade, de atención a desempregados, de atención a persoas maiores con rendas mínimas, aplicar unha especie de risga en Barbadás, non universal, ¿verdade?, senón atendendo ás necesidades da xente, pero non, resulta que non hai ningunha partida e as que hai desaparecen. Fomento do Emprego, traballos realizados por outras empresas , 35.000 euros, temos dúas ou tres persoas traballando no mal chamado Edificio Empresarial Transfronterizo, onde se fan actividades de Fomento do Emprego, pero resulta que todo o diñeiro dedicado de Fomento de Emprego se dedica a empresas de fora do Concello, home isto sería tanto como firmar un convenio cun sindicato, cunha empresa privada de Ourense e mandalos a facer cursillos ao Parque de San Lázaro, para contratar empresas externas ao Concello escusabamos ter ao Edificio Transfronterizo, aforrabamos tres salarios, pechabamos o Edificio, calefacción, gas, luz, aforrabamos todo iso, contratamos a unha empresa que dea cursos de formación de parados, pois que os dea no Parque de San Lázaro, ou na rúa Río Mao, porque aquí non se fai absolutamente nada desde a Administración Pública, desde o Concello. A pesar de que hai no Edificio Transfronterizo 21.500 euros máis para persoal, ¿para qué persoal?, ¿quen máis vai a traballar no Edificio Transfronterizo?, ¿Cal vai a ser o seu traballo?, ¿Cal vai a ser a súa misión? ¿ Que vai a facer esa nova persoa que se vai a contratar? ¿ ou si xa se contratou?, se todo está esternalizado.

Desaparece a partida de catering e lavandería, que no ano 2013 era de 12.000 euros, o ano pasado era de 5.000 euros, e este ano son 0 euros, xa non se vai a prestar o servizo de catering e lavandería ¿verdade?, non se presta, desaparece, esto é do que fala o Señor Freire Couto de que o Concello de Barbadás non fai investimentos porque se dedica a prestar aos Servizos Sociais, pero resulta que en catering e lavandería desaparecen, accións públicas relativas á Saúde, traballos realizados por outras empresas 4.000 euros, nova partida, traballos realizados por outras empresas en accións públicas relativas á Saúde, se houbera Concelleiro ou Concelleira de Saúde ou de Sanidade neste Concello, que eu non o coñezo, que me explique a que se dediquen estes 4.000 euros en accións relativas á Saúde, ¿ en qué se gastan? En traballos realizados por outras empresas que non fagan os funcionarios do Sergas, ou que non fagan funcionarios do Concello, porque entón non estarían nesta partida. Servizos complementarios de Educación, traballos realizados por outras empresas 26.000 euros máis co ano pasado, temos monitores xa o dixo o Señor Alcalde na súa introdución, que dan cursos, esa xente figura como contratos temporais, e polo tanto figuran no capítulo 2 de gasto de persoal do



Concello de Barbadás, entón ¿porque se gastan 26.000 euros máis en traballos realizados por outras empresas para servizos complementarios en Educación?, máxime cando temos 25.000 euros máis para gasto de persoal neste capítulo, ¿para que é?, Concelleira de Educación, por favor se alguén me pode respostar, 26.000 euros máis, en total suman 46.000 euros máis, para servizos complementarios de Educación, tendo en conta que neste Instituto, só atendemos aos nosos veciños ata que cumbran os 12 anos, porque aos 12 anos xa os expulsamos do Concello, ¿verdade?, solo os atendemos ata os 12 anos, si, si, e gastamos isto. Ben, despois hai partidas que estamos fartos de repetir, pero nunca cambiaran, asociación, música e cultura de Galiza, una empresa que non ten actividade, nin vida pública, nin nada que se lle pareza en Barbadás, 500 euros, bueno 500 euros son 500 euros podiamos deixar de decilo para decilo todos os anos, ás asociacións veciñais a todas se lle dan 1.000 euros, menos á asociación de veciños de Parada, que se lle dan 4.000 euros, ¿Porqué?,

O sr. Alcalde toma a palabra: Se lle explicará despois.

O sr. Firvida toma a palabra: Ben, agás a Fonval, e a Valenzá, 1.500 euros, asociacións de veciños da Valenzá 1.500 euros,esto é algo que repetimos ano tras ano, ¿cando fixo esta asociación unha memoria das súas actividades e a presentou non Concello? Gustaríame que me contestasen, ¿hai no Concello unha memoria das actividades desenvolvidas por esta asociación?, ¿cando fixo esta asociación a assemblea xeral de constitución?, ¿onde están rexistrados os seus estatutos?, ¿cando se fixo a dación de contas anual?, ¿cando se presentou o orzamento da empresa?, ¿cando se someteu a socios e socias, se existen á programación anual?, ¿cando?, nunca, nunca, non hai nin un só veciño de Barbadás que coñeza a vida desta asociación, non se pode, esto é como o dos mormones, sabemos que existen, pero non sabemos onde están, están desaparecidos, e encima lle da vostede 1.500 euros, o seu amigo,

O sr. Alcalde toma a palabra: Se os xustifica

O sr. Firvida toma a palabra: Pero onde o xustifica, ¿con que actividade? onde o pon, ¿con cal?, ¿pero se non fixo nada, ¿Pero se non ten vida?, senón ten estatutos, é ilegal, vostedes están colaborando con unha asociación ilegal,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: ¿Vostede sabe se os cobrou?, se non xustifica nada, non os cobra.

O Sr. Firvida toma a palabra: É que está aquí, leva toda a vida aquí.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Pero iso non quere dicir que se lle paga.

O Sr. Firvida toma a palabra: E o que pon aquí, ben Administración Xeral de Deportes, a grande



estrela dos orzamentos 2015, aquí vai todo, despois vou falar nunha moción que presentamos sobre o Pabillón de Deportes, e as Escolas Deportivas, pero claro é abraiante, eu sorpréndome cada vez que miro os orzamentos, Administración Xeral de Deportes conta 340, vestiario 5.000 euros, pero ¿non é obrigatorio para os nenos matriculados nas Escolas Deportivas que compren todo o material deportivo? Desde botas a calcetíns, a pantalóns, a chandals, a sudaderas

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Son para os monitores que dan as clases,

O sr. Firvida toma a palabra: ¿5.000 euros?, ¿5.000 euros para os monitores?, temos 2 monitores e hai unha persoa en administración xeral do servizo de deportes, e a cada monitor vaille dar vostede 2.500 euros para vestiarios.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: ¿Quen llo vai dar?

O sr. Firvida toma a palabra: Home, Manolo, está nos orzamentos, non o digo eu, ¿pero entón os orzamentos non é unha previsión de gastos?

O sr. Alcalde toma a palabra: É unha previsión, previsión, xa o di a palabra, poden quedar 4.000 euros sen gastar.

O sr. Firvida toma a palabra: Bueno, 5.000 euros para vestiarios para o Servizo Xeral de Administración Xeral de Deportes, bueno despois temos, para produtos alimenticios 4.000 euros e para produtos farmacéuticos 1.000 euros, oye non hai nin un peso para produtos farmacéuticos para as persoas maiores, ou para dependentes ou persoas con minusvalía, pero temos 1.000 euros para Deportes, ¿que se van chutar a adrenalina esta, ¿como se chama?, e ¿4.000 para produtos alimenticios?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Os nenos marchan, son bocadillos para os nenos que marchan, por favor.

O sr. Firvida toma a palabra: Esta ben, de acordo, a min cando se me contesta eu agradezo, está ben. Traballos realizados por outras empresas, para Administración Xeral de Deportes, 115.000 euros, temos a tres persoas traballando no Polideportivo, temos uns gastos que suman unha barbaridade, 563.000 euros en Deportes, e dedicamos 115.000 euros para traballos realizados por outras empresas, ¿Qué outras empresas realizan traballos no noso Concello en actividades deportivas? ¿Porqué o que coñecemos nós e que no Polideportivo se lle pagou 240.000 euros a unha empresa que fai estas actividades de outubro a decembro, que foi o que me contestou a Concelleira, ata 115.000 euros ¿en que se gastan?, ¿qué outras empresas veñen ao noso Concello a ofertar actividades deportivas e gastar 115.000 euros, porque os salarios das actividades están aquí, están no capítulo de persoal. Unión



Deportiva Barbadás 31.000 euros, eu teño moitas sospeitas do que pasa neste Concello, o que pasa é que non o podo demostrar, teño moitísimas sospeitas, eu xa dixen o ano pasado que me parecía unha aberración 31.000 euros gastar nun equipo de Fútbol, chámese como se chame, na situación económica na que están as familias de Barbadás, paréceme unha aberración, pero é que con 31.000 euros non se ten un equipo en terceira división, con 31.000 euros nos se ten os futbolistas que ten o Barbadás, que lle vai moi ben e me alegro, pero non se ten, non se ten, bueno, entón, haber si de estes 563.000 euros que dedica ao Deporte en Barbadás, se deriva moito en traballos realizados por outras empresas, transportes, ect, ect, a este equipo de terceira división, porque senón é insostible, os futbolistas hoxe en día non xogan o fútbol gratis, cobran por xogar ao fútbol, e o sabemos todos e todas, os futbolistas cobran todos por xogar ao fútbol, en terceira división, ¿saben que non cobra ? os das Escolas Deportivas, pagan, os nenos pagan, 80 euros e teñen que comprar o material deportivo, mire, xa falarei despois na moción do Polideportivo, por non mezclar, 31.000 euros para as Escolas Deportivas. Despois, instalacións deportivas, bueno supoño que será o Campo de Fútbol, porque aquí ven desglosado, instalacións Deportivas do que é o Pavillón, en instalación deportivas enerxía eléctrica, combustible, vestiario, outra vez aparece vestiario por certo, supoño que será polo Campo de Fútbol, e despois en Administración Xeral de Deportes en enerxía eléctrica e combustible supoño que será o campo de Fútbol. Instalacións Deportivas, traballos realizados por outras empresas 39.000 euros, partida que o ano pasado non existía, e exnovo, 39.000 euros para traballos realizados por outras empresas en Instalacións Deportivas, ¿ que se vai a facer?¿ un novo vestiario?¿ un novo ximnasio?, ¿unha nova caldeira?¿ unha nova piscina? ¿ que é o que se vai facer? Porque eu pensei que o Polideportivo xa estaba rematado, e as obras pagadas. Inversións en edificios e outras construcións 21.000 euros, en maquinaria 13.000 euros, en mobiliario 2.000 euros, en total 36.000, sumado ao anterior case máis de 80.000 euros, para investimentos en instalacións deportivas. O Polideportivo de Barbadás vai a ser o conto de nunca acabar, isto engule diñeiro, isto vai a seguir engulindo diñeiro toda a vida, isto é o nunca acabar. Bonobuses, o que dicía o Señor Freire Couto na introdución, súmase 160.000 euros máis que o ano pasado, suman 270.000 euros, o ano pasado eran 110.000. 126.000 euros que veñen dos ingresos de transferencias de familias, pero faltan 34.000 euros, as contas non dan, haber de onde saen eses 34.000 euros máis dedicado a bonobuses, partida 440, si o que se transfere desde as familias suma 126.000 euros.

E despois, en órganos de goberno, gastos protocolarios, e servizos de carácter xeral, suman 10.000 euros, en publicidade 20.000 euros, e en outras indemnizacións 5.500 euros, por non repetir o que



dixen o ano pasado, parece-me unha obscenidade que a estas alturas se sigan gastando 10.000 euros en gastos protocolarios, ¿protocolarios de que?, ¿ A quen queremos traer a Barbadás?, ¿ que é o que vamos a ensinar de Barbadás?, ¿ que é o que queremos vender de Barbadás?, ¿ protocolario de qué? ¿Qué vaia a vir o Felipe IV ao Concello?, ¿ en que vamos a gastar 10.000 euros?, e 5.500 euros en indemnizacións e 20.000 euros en publicidade, bueno en publicidade si.

Xestión do Servizo Tributario 130.00 euros, e vou acabando a miña primeira intervención, témolo dito moitas veces, Concello de Barbadás 103 traballadores, unha persoa e un computador, un programa informático pode liquidar os impostos todos da cobranza do Concello, todos, faise así, e preguntaino en todos os Concellos de Ourense, no Carballiño, no Barco, en moitos Concellos que teñen xestión que a xestionan eles mesmos, a cobranza dos impostos, e vostedes gastan 130.000 euros ca Deputación de Ourense, tendo en conta que a cobranza do servizo de abastecemento e saneamento da auga está privatizado, a cobranza do lixo está privatizado, que son os maiores gastos que hai, son as dúas partidas importantes, porque despois está o Ibi, que sí que se reduciu un pouco, non o 20% por certo, reduciuse 93.000 euros, e dámoslle a Deputación, regalámoslle a Deputación, todos os anos 130.000 euros, que ven se podían dedicar a Servizos Sociais, por certo case coincide cos 130.000 euros que vostedes reducen de benestar comunitario, poderíamos aforrarnos estes 130.000 euros, ca Deputación e dedicalos a servizos comunitarios, por exemplo, o Bloque Nacionalista Galego vai a presentar enmendas a estes orzamentos, e agora vamos a votar que non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Pois ben, señor Freire, señor Obispo 130.000 euros, 10.477 veciños e veciñas, cada un coas súas particularidades, circunstancias e problemas, 10.477 non é unha simple cifra, son as persoas que hai que atender desde o Concello, prestando servizos, mellorando e modernizando dotacións xa existentes, e creando ou axudando a crear outras dotacións e servizos novos. A finalidade dun orzamento e a de dar solucións ás necesidades das veciñanza, apostando polas persoas máis desfavorecidas, pola creación e fomento de emprego, apostando por mellorar, parques e xardíns, as estradas, rúas e pistas, apostando por mellorar o alumeadado público e a recollida do lixo, loitando por conseguir unha segunda gardería, un IES, un Centro de Saúde digno, e un longo etcétera que despois pasaremos a enumerar.

Pola contra os orzamentos de Barbadás, apostan por manter a situación tal e como está, e incluso as veces axudan a empeoralala. Ano tras ano o orzamento é unha copia do anterior, cunha pequena capa de maquillaxe, son os orzamentos elaborados polo Partido Popular nun ano, no que o Señor Freire xa non



será candidato, e polo tanto no Grupo Socialista damos por feito que a nova candidata a Señora Chelo Vispo, participou na súa elaboración, polo que tamén é responsable desta desfeita. Nova candidata, pero non novas políticas, falamos dun orzamento no que non se establecen obxectivos claros, nin existen prioridades, non hai nin un tipo de planeamento, nin cousa que se lle poida parecer, están o tanto de mata, resolven os problemas segundo van xurdindo, non hai nin planificación, nin previsión. E para o Grupo Socialista é moi triste, ver un orzamento no que practicamente o 90%, para ser exactos o 89,54 % do mesmo vai destinado ao gasto de persoal, e ao gasto corrente, é dicir o que se chama gasto improdutivo, mentras que a cidadanía recibe recortes nos servizos que percibe, fai fronte co pago farmacéutico e sanitario, experimenta mermas no seu soldo, o grupo de goberno segue percibindo 14 pagas, cando os funcionarios están loitando día a día, para poder recuperar esas 14 pagas, os señores Concelleiros de Barbadás seguen recibindo 14 pagas anuais,

“Mantense unha discusión entre o Señor Valcarcel e o Tenente Alcalde por as pagas extras dos Concelleiros”

O sr. Valcarcel toma a palabra: e que supoñen un custo para a veciñanza de 108.000 euros, o que hai que engadir o custo da Seguridade Social, e a realidade é a que é, e o problema vai a ser acuciante para toda a cidadanía por as escasas expectativas en relación ao emprego, pois ben a previsión de gasto-----, para o 2015, segundo vostede, segundo os orzamentos, e de 47.000 euros, este sen embargo é o gasto dedicado ao gasto de persoal, que ascende a 54.100 euros, é dicir vostedes gastan 47.000 euros presupuestados, orzamentados supostamente para fomento de emprego, pero 54.100 euros en persoal, simplemente lamentable, por cada euro que gasta en persoal, destínanse 87 céntimos a gasto produtivo, pero para o Grupo Socialista sendo isto grave, inda é máis grave a actitude do Partido Popular, en relación á proposta feita en xuño polo Grupo Socialista para conveniar co polígono virtual de Galicia, unha seria de actuacións, que sí que apostaban pola creación de emprego, e polo desenvolvemento do comercio local en Barbadás, con custe 0 practicamente para o Concello e para os comerciantes, vostedes votaron a favor, non podían ser doutro xeito, evidentemente sairían moi mal retratados na prensa, pero cando tocou mover ficha vostedes deron a espantada, hipocresía, iso chamase absolutamente hipocresía, non ten outro nome, toda a súa actuación política está chea de hipocresía, a actuación política do PP ten dúas facianas, unha cara a galería, aprobando a iniciativa socialista e outra a real, pondo todo tipo de trabas para a súa aceptación, podíamos ter aquí unha escola de negocios, contando co polígono virtual e vostedes deixaron pasar esa posibilidade innovadora e pioneira, así apostan vostedes polo fomento de emprego e pola formación, de feito o



polígono virtual montou esa escola de negocios, cunha academia aquí na Valenzá, e vostedes deixaron pasar esa oportunidade.

As políticas de fomento de emprego deben ser un dos eixes centrais dun orzamento, e teñen que desenvolverse dun xeito transversal entre os distintos marcos de goberno, cousa que aquí non ocorre, para nada, un desentendese do asunto, o outro tamén, e que non o faga ninguén, que é o mellor que se pode facer, non vai ser que se equivoquen.

Os socialistas creemos que é fundamental potenciar, fomentar o comercio local e incluso habería que aproveitar os eventos deportivos, xa que estamos con equipo de terceira división, que pode atraer público doutras localidades, para revitalizar outras actividades. Tamén é fundamental crear un programa de rehabilitación de vivendas de núcleos rurais, aquí non, é de feito o Señor Freire fala nos programas electorais dese asunto de rehabilitar os núcleos rurais, e de rehabilitar vivendas, pero nunca fai nada, sempre figura no titular do programa electoral.

A cifra dedicada a investimentos é o espello onde se ten que mirar o goberno para saber si a súa xestión axuda –os problemas da cidadanía, pos ben, para o 2015 destínanse o que o PP chama investimento reais, a contía de 173.394,24 euros, é dicir que por cada euro do orzamento vai a investimento a suposto investimento, pouco máis de 3 céntimos, iso representa por cada día do ano 475 euros, ¿ canto se gasta diariamente no Concello de Barbadás en persoal?, diariamente fállolle, 6.500 euros diarios, en persoal, a investimentos 475 euros, volvo insistir investimentos supostos, pero a realidade é moitísimo peor, investimento é de 0 euros, a cantidade antes citada de 173.394,27 euros, destínanse integramente a simple gasto de mantemento, co agravante de que non hai ningunha programación nin plano de actuación, ben 47.324, 27 euros destinados a viais, non hai ningún planeamento específico de obras, nada, 7.500 euros dedicados a saneamento e sumidoiros, non hai absolutamente nada de programación, investimentos en iluminación pública 20.000 euros, non hai programación, non se sabe exactamente onde van destinados, nada de nada, pois esa é a forma de traballar do Partido Popular,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: O que se estropé

O sr. Valcarcel toma a palabra: Pero se hai moitísimo estropeado, facei unha andaina, pola Valenzá ou por o resto das Parroquias, xa veredes cales son as situacións dos parques, o que se estrope, e ¿o que está estropeado como queda?

Todas as partidas acollidas baixo o epígrafe outras inversións novas, e ademais e que é chámalle outras inversións novas, novas de qué?, Novas suponse que é algo novedoso, algo a maiores do que



hai, pois chamase, todas as partidas recollidas baixo o epígrafe inversións novas e que afectan a viais, abastecemento, alumeado, parques e xardíns, realmente son simples reparacións, simples reparacións, Isto é unha situación insostible, e que convida a veciñanza constantemente a sufrir deficiencias nos parques, nas bierarrúas, nos alumeados, nos viais e así sucesivamente, as deficiencias nos parques e xardíns son enormes, se pasean un pouquiño sábeno, eu quero finalizar a miña intervención, sen interrupcións, despois vostedes teñen a posibilidade de respostas, as que queiran, desde banco rotos, hasta elementos de xogo precintados, como o que ocorreu fai pouco, fai un mes, no parque da Solaina, que a raíz dunhas preguntas presentadas polo Partido Socialista, precintaron un dos columpios, pero por favor, por favor, non xesticule, é certo, é certo, e Miriam sabeo. A raíz de que presentei unhas preguntas foi precintado o columpio grande do parque da Solaina, así de sencillo, eu teño fotografías antes de habelo precintado, presentadas as preguntas do Partido Socialista e logo aparece precintado,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Eso é mentira

O sr. Valcarcel toma a palabra: Aquí os que minten son vostedes, e lamento dicilo por Miriam, eu teño as fotografías no móbil, e enséñochoas.

“Discusión entre o Valcarcel e os Concelleiros”

Desde bancos rotos ata elementos de xogo precintados, pasando pola necesidade de substituír os areiros por caucho, como digo un claro exemplo como o do Parque da Solaina, e por suposto podíamos mencionar moitos máis, hai zonas verdes totalmente abandonadas, como é o Parque de Lucinda co Partido Socialista presentou unha moción, e que o Partido Popular aprobou, no Fonsillón para recuperalo e rehabilitalo e ahí está morrendo de asco, literalmente morrendo de asco, pero lamentablemente non hai ningunha actuación prevista, para todas estas necesidades. A veciñanza tamén reclama que se actúe sobre a gran cantidade de iluminarias rotas e que non se repoñen, tan solo se arranxan aquelas que indemnizan as compañías de seguros e seino, “ y lo se”, como dín por ahí, y vostedes o saben. E seino porque pagamos nos unha, e foi repostada, pero as outras que foron dañadas por vehículos ou por percances de tráfico non se repoñen. Por certo, na empresa que eu traballo, repúxose unha. Tan só se arranxan aquelas que indemnizan as compañías aseguradoras, como consecuencia dalgún dano causado polos vehículos, hai farolas que desde hai anos, na esquina do Mercadona, son utilizados pola veciñanza como papeleiras, por raro que pareza, pero esa é a realidade. Un báculo situado na esquina que da o Mercadona, está sen repor desde hai moitos anos e alí a xente deposita latas de bebidas de refrescos, debe ser tamén porque hai carencias de papeleiras,



supoño.

A continuación prodúcese un receso de cinco minutos.

O sr. Valcarcel toma a palabra: A veciñanza tamén reclama e esixe que se actúe sobre a gran cantidade de iluminarias rotas e que non se repoñen, como dicía arránxanse as que pagan as aseguradores e outras non, como dicía hai báculos que son utilizados como papeleiras e vostedes sábeno, porque o deben ver.

En calquera parque da Valenzá ou de Barbadás, abonda as iluminarias sen bombilla ou sen tulipa, ou con cristais rotos, e a situación que se reflicte nas parroquias rurais é absolutamente desastrosa, precisan dunha actuación urxente por estas actuacións que fan aquí, por exemplo o lado da Capela de San Mauro, bótanlle unha gravilla e ahí queda, e con chuvia volven os regos da auga, leva a gravilla a esa capa que se lle votou, precisan dunha actuación urxente e dun planeamento a medio prazo, que o goberno do PP se nega a realizar. Parada é un exemplo desta situación, en San Mauro outro exemplo, desta situación tercer mundista, a cada lugar a que se acuda atopámonos ca mesma situación.

Os veciños e veciñas tamén piden actuacións inmediatas, e non simples parches, a veciñanza demanda que se arranxen os camiños, as rúas pero dun xeito programado, e desde o Grupo Socialista queremos suliñar que este orzamento non contempla ningún avance no que atinxe o gasto social, o que vai directamente a axudar as persoas con graves problemas económicos, un exemplo o Partido Socialista presentou unha moción para axudar as persoas e familias que sofren a chamada situación de pobreza enerxética, pois ben, o PP deixa todo en mans das axudas de emerxencias, o que antes se chamaba beneficiencia, e nos non queremos iso, a xente non demanda auxilio social, a xente demanda actuacións planificadas e ordenadas e mellor a través dunha ordenanza, cousa que aquí non se fai, aquí ten que acudir un veciño aos Servizos Sociais, para pedir axuda, co lastre que iso supón para moita xente, moitos veciños non queren auxilio, demandan axudas establecidas, estipuladas, e arregladas, e vostedes non fan iso. Neste eido dedicase a persoal 282.330 euros, e a axudas sociais directas 44.500 euros, resumindo por cada euro dedicado a persoal, destínanse a axudas directas 16 céntimos, 16 céntimos, 282.330 euros en persoal, e 44.500 en axudas, eu non lle teño calificativo a iso, francamente, é lamentable. Penosa é actuación do Goberno Local do Partido Popular en actuación do Polideportivo, e neste eido o responsable non solo é o Señor Freire, tamén o son as sucesivas Concelleiras de Deportes. O Pavillón empezou a ser utilizado entre os meses de setembro e outubro, como dixo o Señor Firvida, non está inaugurado, pero xa antes de estar finalizada a obra, houbo que facer reformas nos vestiarios e nas caldeiras, o que supuxo unha modificación de crédito de 35.000



euros, ademais de ter unha cancha totalmente inoperativa, totalmente inoperativa, a parte superior do Polideportivo está inoperativa, hai unha inutilización pasmosa, e agora resulta que hai que instalar un aparato de aire acondicionado no ximnasio, cambiar a grifería dos vestiarios, colocar unha barandilla na parte superior, instalar un rótulo, cubrir e almohadillar columnas, e todo isto supón un custo adicional de 21.000 euros, é dicir, o Polideportivo foille entregado o Concello de Barbadás, supoño que estará entregado e recepcionado, supoño que si, bueno pois despois desa entrega e recepción, o Concello de Barbadás tense que gastar adicionalmente 56.000 euros no Polideportivo, nin máis nin menos que dez millóns das antigas pesetas, dez millóns, eu de verdade que estou asombrado, alguén foi a verificar esa entrega acompañado dalgún técnico, para que lle reclamara a empresa que realizou esa obra que colocara a barandilla, que almohadillara as columnas, que se verificara se a grifería estaba en bo estado, pregunto se alguén o verificou, non hai máis de tres meses ou catro, que se empezou a utilizar ese deportivo, e resulta que o Concello vai a desembolsar 10.000 de pesetas, 10.000 de pesetas en reformalo, por certo que ten gretas, eu funo a ver, e ten gretas o Polideportivo, ¿vaiselle reclamar a empresa construtora a subsanación de todas esas anomalías? Vaiselle reclamar á empresa que construíu o Polideportivo que reembolse estes 21.000 euros que agora se van a gastar, en barandillas, en cubrir columnas, na grifería dos vestiarios, ¿vaiselle reclamar pregunto? O mellor antes de recepcionalo había que verificar todo iso, eu vino, eu vino, perfectamente cando fun a velo, cando fun ver o Polideportivo vin perfectamente que as columnas estaban sen almohadillar, que eran un perigo para os usuarios,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Iso non estaba non proxecto,

O sr. Valcarcel toma a palabra: Non estaba no proxecto pero, alguén tería que haber supervisado ese proxecto, haber un proxecto dun Polideportivo non se pode facer sen asesoramento de técnicos expertos nun Polideportivo, nunha instalación dese estilo,. Eu fun a velo, Señor Manolo, e Señora Chelo, e tan pronto cheguei alí e puxen un pe na cancha vin que estaba sen almohadillar esas columnas, e de feito, ao dar un paseo polo Polideportivo, tamén percateime que a mobilidade para persoas discapacitadas ou con minusvalías era nula, agora hai que pechar tamén unha porta polo visto, ou asegurar unha porta que polo visto non reúne os requisitos, eu pregunto e eu infórmome Chelo, eu non lanzo afirmacións ao aire sen máis, verémolo, xa veredes como esa porta, creo que é a porta de abaixo, vai a ter que sufrir unha modificación, está previsto no orzamento, porque a min dixéronmo, neste Concello, ¿e certo Manolo ou non?

Todo isto como dixen, supón un custo adicional de dez millóns de pesetas, o Polideportivo é o vivo



exemplo da desidia da falla do planeamento do Señor Freire e do seu equipo, e isto reflíctese no orzamento, por certo, falando do Polideportivo, ¿cal é o custo do xerente? ¿Son os 39.000 euros que aparecen por aquí, en traballos doutras empresas?, ¿ou están incluídos nos 115.000 euros que tamén son de traballos doutras empresas?, o custo do xerente.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Nin son 39.000 euros, nin hai xerente

O sr. Valcarcel toma a palabra: O señor Modesto, parella da ex-concelleira Señora Susana.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Nin son 39.000 euros, nin cousa que se lle pareza.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Aquí hai traballos realizados por outras empresas 115.000 euros, eu aquí teño anotado Modesto, sueldo ou partida 342.227.99 traballos realizados por outras empresas monitores Polideportivo 39.000 euros,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non é monitor e coordinador

O sr. Valcarcel toma a palabra: Moi ben, como o queirades chamar, ¿cal é o seu custo? ¿Esta metido dentro destes 39.000 euros?,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non

O sr. Valcarcel toma a palabra: ¿Está incluído nos 115.000 euros?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non

O sr. Valcarcel toma a palabra: ¿Entón por onde se lle paga?, por algún sitio cobrara, digo eu,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Vamos a ver na partida de 39.000 euros, están máis ca el.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Vale, pero eu pregunto, pois entón está incluído nos 39.000 euros, vale esa era a pregunta, entón non se me vaia por as ramas. ¿E canto cobra el?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Está ahí a factura, podes velo.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Eu pregunto, ¿canto cobra?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: 1.300 euros ou por ahí, aquí non se oculta nada.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Eu non estou afirmando que se oculte, eu estou preguntando, ¿onde están incluídos se nos 39.000 euros, ou nos 115.000?, non fago ningunha afirmación de ningún tipo, eu non estou dicindo que se oculte algo, eu estou preguntando onde van, onde están, nada máis.

A nos, ao Grupo Socialista non nos vale que o Partido Popular afirme que se van a facer obras co remanente de tesourería, iso e nada, todo é un, porque segue sen haber programación, fagan vostedes unha programación co remanente de tesourería, non a hai, non a hai, e incluso se descoñece a contía, evidentemente non se pode facer programación cando se descoñece canto vai a sobrar, resumindo, non hai investimento novo, hai simples arranxos, o anexo de investimento resulta ser unha simple listaxe



de cifras, valeiras de contido, deste xeito como dicía antes, e normal que case todos os parques e zonas verdes, incumpran a normativa europea, e que non teñan os elementos de xogo en bo estado, e por suposto carezan das medidas de seguridade axeitadas e que o mobiliario urbano presente un estado de conservación penoso, e Miriam sabe tamén perfectamente que a veciñanza do entorno do Parque da Solaina demanda con urxencia, que se suprima e se sustitua o areiro que hai alí, é un perigo, e un foco de insalubridade, supoño que non haberá nada previsto, e vostedes levan anos e anos, votando a favor de acordos plenarios, presentados tanto polo Bloque Nacionalista como por o Partido Socialista e facendo caso omiso a eses acordos plenarios, e facendo caso omiso a normativas europeas, de xeito que en moitas ocasións, como xa dixen antes se pon en perigo a integridade física dos usuarios e das usuarias. Para os Socialistas tamén resulta esperpéntico, que na actual situación de crise económica de recortes continuados, e de falla de investimentos, o PP de Barbadás destina a publicidade 20.000 euros e 10.00 a protocolo.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: 5.000 euros

O sr. Valcarcel toma a palabra: 10.000 euros, hai dúas partidas, 10.000 euros

O sr. Alcalde toma a palabra: De protocolo gastase practicamente 0

O sr. Valcarcel toma a palabra: Pois entonces fagan un presuposto realista, e poñan cero ou poñan 5.000 ou poñan 2.000, pero non poñan unha cifra no orzamento que despois van a incumprir, que o mellor podíamos dedicar a outras partidas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso pódese facer despois a final de ano.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Pero entón o orzamento, ¿para que serve? Eu pregunto, entón para que serve o orzamento, para telo ahí exposto e cando chova e que se molle, eu creo que debe ser algo que intente ser realizable e realista, hai dúas partidas as dúas suman 10.000 euros, eso é certo, unha de administración xeral e agora outra no me acordo onde está.

A actuación do PP é absolutamente vergoñenta, cando sistematicamente hai partidas de gastos superfluas como pode ser o calendario, que todos os anos se reparte desde o Concello polo costoso, supostamente o ano pasado custo 4.000 euros, pois 4.000 euros a moitas familias, axudáballes Señor Freire, vostede pon cara de incredulidade,

O sr. Alcalde toma a palabra: É unha maneira de felicitar a xente, que en todos os Concellos o fan, e a xente está encantada.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Señor Freire a xente quere comer, hai xente que pasa fame

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero por favor, non ten que ver unha cousa con outra.



O sr. Valcarcel toma a palabra: Eu coñezo xente que non pon a calefacción na súa casa por penuria económica, pero nos temos que felicitar desde o Concello de Barbadás, dirixido polo Partido Popular con 4.000 euros aos veciños cun calendario, eu de verdade sorpréndeme que me diga que iso non é superfluo, pero bueno, cada un ten a súa forma de facer política e de atender á cidadanía a nosa é distinta, desde logo, e ademais facendo o reparto dese calendario por funcionarios do Concello, facendo deixación do traballo que realmente teñen que facer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Para aforrar cartos doutro lado.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Afórreno no calendario, a min no me molesta que se reparta o calendario, a min moléstame que haxa xente que ten problemas para sobrevivir.

O sr. Alcalde toma a palabra: A min tamén.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Que non podan encender a calefacción da súa casa, e para poder darlle o mellor un bocata aos seus fillos.

O sr. Alcalde toma a palabra: A min tamén me molesta.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Non o parece, non o parece. E tamén resulta obrigado falar das achegas ás asociacións de veciños, e diversos colectivos adicionais, estamos de acordo en que hai que destinar 3.000 euros probablemente o Campo de Fútbol de Parada.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non é para ahi, que logo me quedei pensando, o do campo de fútbol, cando o arranxemos ímolo arranxar nos, iso é para unha carpa que solicitou a asociación de veciños de Parada, para ampliar cando se necesite o local social. Iso está alí o lado do local social, e iso e noso e podémolo facer, perdón é o revés, o da subvención da asociación de veciños e para o campo de fútbol porque o campo de fútbol non é do Concello.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Entón non informo mal os 3.000 euros, son para o campo de fútbol, iso parécenos ven porque é unha infraestrutura que esta infrautilizada e que deberíamos utilizar desde o Concello, como outras moitas por certo. No Grupo Socialista consideramos que é imprescindible que se faga un control minucioso das actividades que se realizan, estas actividades teñen que ser sufragadas en función da súa utilidade para a veciñanza, e tamén da súa utilidade social e do interese xeral.

Falla claridade e transparencia, a min chámame a atención, que aquí no documento falan de subvención nominativas, pois nos estamos en contra das subvencións nominativas, estamos radicalmente en contra das subvencións nominativas, como dicía falla claridade e transparencia na concesión das subvencións. Desde hai moito tempo a sociedade sospeita, que o criterio non é outro co



de premiar ou castigar a determinados colectivos, e desde logo o que tamén sospeita e que hai algunha asociación veciñal que é absolutamente ficticia, o Señor Fírvida encargouse de enumerar cales son todas as anomalías que se producen nesa asociación de veciños, e que é absolutamente ficticia que non realiza actividades de interese xeral e que recibe todos os anos un importe que non resposta a seu interese, creo que a última actividade do que temos coñecemento foi unha suposta festa de Halloween fai dous anos, que eu non sei si se celebrou o final ou non, ¿Canto percibiu esa asociación de veciños, concretamente a da Valenzá no ano 2014? Porque vostede hai un momento dixo que o mellor non se pagaba, ¿canto percibiu?, non me respondeu a esto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Se o recibiu foi loxicamente porque o realizou

O sr. Valcarcel toma a palabra: ¿Pero hai un control despois si se realizan as actividades?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Por suposto.

O sr. Valcarcel toma a palabra: É imprescindible que se modernice o control de subvencións, hai que elaborar unha bases que sirvan de soporte para unha xestión eficaz e útil e que estean basadas na concurrencia competitiva, non na concesión nominativa de achegas, porque o fin e o cabo esa concesión nominativa supón unha asignación a dedo, dos cartos que saen dos petos da veciñanza, a suma do que estamos falando non é ningunha tontería, son 73.000 euros, 73.000 euros concedidas discrecionalmente dos cales o 42,47 % é dicir 31.000 euros, vai dedicado a un equipo de fútbol, os socialistas somos partidarios de que o Concello axude a buscar patrocinios, pero cousa distinta é facer aportacións directas de cantidades tan destacadas, esto non é pan e circo señor Freire, vivimos no século XXI, na antiga Roma, circo, circo e circo e durante o circo repartíase pan para que a xente estivera calada, pois a sensación que hai aquí é a mesma, é dicir dámoslle circo, e mentras hai circo a xente olvídase de que hai que reclamar para comer, ou como dixen antes para encender a calefacción, ou para por a luz, e o Partido Socialista non quere circos.

Os veciños e veciñas de Parada e Piñor gustaríalle saber que xestión fixo vostede dos 10.000 euros que no orzamento do ano 2014, é dicir no orzamento do ano en curso, se destinaban a subvencionar a posta en marcha do bonobus para esas dúas localidades, ¿que se fixo?, ¿ que se fixo?, respóndame despois o final. ¿ Que xestión fixo vostede para por en marcha esta axuda? Porque se supón que si se destinan 10.000 euros no orzamento do 2014, que se elabora a finais do 2013, deberíase haber feito algunha xestión para ter a certeza de que eses 10.000 euros se van a gastar, pois estamos en novembro do 2014 e non hai ningunha certeza, non se puxo en marcha nada, e os veciños de Parada de Piñor queren saber. E ca xestión da recadación que lle vou a dicir, estamos xestionando a recadación por



dous sitios, o Partido Socialista xa o leva reclamado desde hai moito tempo que se xestione, que se recupere a recadación dende aquí dende Barbadás, que hai una serie de impagos, e aínda que a xestión mellorou, como no seu día nos comentou a interventora, e podía ser moito mellor, estou convencido que dende o Concello se podía facer unha mellor xestión da recadación e dos impagados, o cal o remanente de tesourería si que sería moito máis alto, polo tanto os investimentos e o gasto que se pode destinar a gasto produtivo, podía aumentarse. Pois ben, o Grupo Socialista vai a votar en contra deste orzamento por varias causas, primeira ausencia total de investimentos, segundo porque consideramos que son ineficaces dado que non resolven as moitas carencias en dotación en servizos de Barbadás, terceiro non se fomenta o emprego, cuarta non hai ningún estímulo para potenciar e desenvolver os sectores produtivos do noso Concello, non hai transparencia na concesión das achegas, e por último non axuda a cidadanía a facilitar o pago dos tributos dado que non se contempla o seu fraccionamento como solicitou no seu momento o Grupo Municipal Socialista, o noso voto evidentemente é en contra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois non sei se empezar por o último ou empezar polo primeiro, e igual, en todo caso, voulle a contestar as cuestións que plantearon, xenericamente obviamente, empezarei dicindo que dicía o BNG que na memoria que non había obxetivos sociais, público, todas esas cousas, non, iso o di vostede, evidentemente creo que xa o expuxen antes, o obxectivo global e fundamental que ten o Partido Popular con estes presupostos é o de dar servizos, e manter os que hai en principio, que seguramente son necesarios máis, seguro, pero os que temos, de entrada, como mínimo, hai que mantelos e nós nos encargamos loxicamente de mantelos, e amplialos hai está o tema de deportes, como falamos antes, da posta en marcha do Polideportivo, que tanto dano lle fai porque vai a ser a Concelleira a persoa candidata, pois mire vostede, non é como vostede pode comprender non é ese o tema, si se pon en marcha o servizo, haberá que dotalo presupuestariamente para que poida funcionar, algo que levamos ansiado tanto tempo, é normal que leve unha cantidade de recursos importantes, porque tamén é un servizo moi importante para a cidadanía, ¿vale?, pois esa é a cuestión. Despois en relación, as outras cuestións que me fala, de servizos sociais, do instituto, do centro de saúde, todo iso, como vostedes saben igual ca min, e xa non valdria a pena repetilo, pero bueno, por deferencia voulle a contestar, que cada cousa ten o seu tratamento, é dicir, o que é o Centro de Saúde, que despois falaremos del como dixo vostede, na moción evidentemente, pois ten unha financiación que non ten nada que ver nin co Concello nin coa Xunta de Galiza neste caso, porque a financiación que se prevee para o Centro de Saúde vai ser con financiación Europea, en canto o



Instituto, iso está en tramite o que é a disposición dos terreos, que é o que temos que facer nós, e o que vamos a facer, iniciamos fai un tempo e está en trámite do desenvolvemento de ese polígono, e unha vez que se desenrole e dispoñamos de eses terreos, se lle porá a disposición a Xunta, así que ese xa é un trámite que está en marcha. O tema dos servizos sociais, pois neste tema todo é mellorable, evidentemente, pero neste caso, vostedes fan unha diferenciación entre o que lle correspondería da subvención e entre o que gastamos de persoal, pero é que loxicamente servizos sociais, é prestar servizos, como os asuntos todos, o gasto maioritariamente vai en nóminas, vai en sueldos porque esa xente está traballando, dando un servizo a sociedade, neste caso, unha cantidade moi importante para as persoas maiores fundamentalmente, entón algo é de tipo administrativo, como asistentes sociais, pero a maioría é na axuda a domicilio e outros non. En relación o que me falaba, do parque comercial, parque empresarial ou de emprego, vamos a ver o Concello neste momento como vostedes ben saben, e recollemos a idea dun parque comercial porque entre outras cousas, xa unha das Concelleiras o plantexou aquí, que era necesario e nos lle dimos en principio o visto bueno, e sea uns ou outros estou de acordo que o mellor non o parque empresarial neste momento, porque hai exceso de so industrial en todas as partes, pero sí un parque comercial pode ser interesante para o desenvolvemento deste Concello, debido as características que temos, como vostede ben dicho antes Señor Fírvida, e cando se elabore o novo plan, que xa está moi avanzado, ca elaboración do novo plan urbanístico coa modificación, se non está contemplado loxicamente dende o Concello a idea é facer unha alegación para que se contemple, porque neste momento está moi avanzado o sistema, e non sei si se poderá incluír ou non, pero é certo que un parque comercial a este Concello, pódelle ser útil ao Concello, moi útil ao Concello e a sociedade, porque indudablemente crean postos de traballo, bien, empresarial sí, comercial non, probablemente non, porque eso evidentemente vaino facer a Xunta, en todo caso vai a quedar unha zona de área industrial, onde están as naves hoxe fundamentalmente e haberá que reordenar iso, pero a Xunta de Galicia, facer parques empresariais como se facían hasta agora, a política neste momento non vai por ahí, vai, porque digamos, darlle saída aos que ten, si se fai algún ten que ser de iniciativa do Municipal, onde están esas naves en Bentraces, hai quedaría o parque empresarial, distinto sería o deixalo ubicado terreo para un parque comercial, que eso entendo que é útil, e sexa quen sexa o que estea aquí, eu creo que se debe recoller porque ten unhas características moi importantes este Concello, que se non as aproveita Barbadás, pois vainas aproveitas San Ciprián, ou vainas aproveitar outro e como se pode ver e demostrar pois iso crea riqueza onde se ubica.

Despois en canto ao referente ó cadro da política de gasto, mire na política de gasto loxicamente en



primeiro lugar cambiose, como o sistema como ben dixo antes a Interventora, moitas transferencias que antes estaban nunha partida, agora están en outra, por iso a vostedes non lle encaixan, nin lle parece que nuns casos subiu moito, e en outros que diminuíu, pero non é que subira moito nuns nin que subira noutros, senón que reasignouse en función das partidas que se crearon novas.

Con relación aos traballos con outras empresas, que tanto lles preocupa a uns e o outros, vamos a ver, se crearon partidas importantes, en case todos os servizos con traballos noutras empresas entre outras cousas, porque agora non se pode, como vostedes ben saben, ou si se pode pero non o autorizan facilmente, se hai que contratar persoal, por exemplo para xardíns, ou para facer unha obra, ou para o que sexa, pois hai que xustificala, porque o capítulo un, non pode aumentar, téñena que autorizar, o cal está creando serios problemas, cuestión, pois decidimos evitar ese problema, deixar esas partidas, porque somos conscientes de que nos vai a facer falta persoal, tanto en obras como en xardíns, como en monitores e obviamente pois hai que recurrir pois a contratación doutras empresas, porque dada a circunstancia non é posible dar ese servizo doutra maneira, e como queremos seguir dando servizos, pois loxicamente pois temos que deixar esa partida con traballos para outras empresas.

Con relación despois, aos materiais, vestimentas para o Polideportivo, e toda esta cuestión, antes de iso, perdón, en relación co tema da recollida da limpeza, da basura, do vestiario, que non tiñan almacén, miren, nos pregos de condicións que se puxeron e que se aprobaron aquí, se lle está esixindo ás empresas, tanto a unhas como as outras, todo o que necesitan, o que puxeron no prego de condicións ahí está, o vestiario e o almacén, ou unha nave se a teñen. O informe anual, eu non sei si quedaron de traelo, eu neste momento descoñezo esa situación, eu esixindo incluso persoalmente, non sei se o entregou ou non, de todas maneiras se non o entregou, volveráselle a requirir para que o entregue antes de final de ano, ¿vale?

En canto ao fomento de emprego que tanto o critican, vamos a ver, nos o fomento de emprego que máis quixeramos que ter unha partida para facer emprego, pero tamén teño que dicir unha cousa, as administracións, en este caso a Local, o emprego que se crea, normalmente ten dous problemas o que se crea dende a administración, primeiro si é necesario para dar servizos obviamente isos servizos seguramente se van a ter que manter no tempo, co cal o servizo que se crea logo é moi difícil sácalo, quero dicir con isto que habería que ter dotación presupuestaria, cousa que neste momento no teriamos moita dotación presupuestaría para seguir creando empregos novos servizos máis cos que hai, porque estamos ao limite como vostedes ben viron, iso por un lado, por outro lado nós podemos fomentar o emprego loxicamente coa formación, que xa se está facendo, e esa formación se esta facendo



efectivamente dende o Centro Empresarial, e se deixan unhas partidas importante ahí, porque en relación ao ano pasado, porque se preven cursos, e eses cursos hai que dotalos presupuestariamente para poder pagalos antes de que che dean o diñeiro, que despois se reintegra, unha vez que se xustifica, por iso, esa é a motivación por o que hai isos 39.000 euros por un lado, y outros por outro. Eso non quere dicir que nos esteamos aquí pagándolle a outras empresas, e que nós non o fagamos, non porque loxicamente os cursos cando se dan, hai que recurrir a persoas cualificadas para dalos, e é o que se está facendo, que aquí non se está facendo despilfarro, e non é que se faga deixadez de función, non, non, todo o contrario, nós o que nos compete e podemos facer que é a formación, estamos intentando facelo, dentro das nosas posibilidades, nos somos o que somos e con estes presupostos hai que ser realistas, non se pode facer moita máis cousa.

Despois en relación do que me falaba, das asociacións de veciños, xa se lle explicou aquí o que había, bueno pois efectivamente xa se dixo, este ano se contempla aquí unha cantidade máis importante porque se pretende canalizar ás asociación de veciños o arranxo do Campo de Fútbol, que dende a outra maneira non se podería facer, porque como non é do Concello, o Concello non pode invertir nun campo de fútbol que non é propiedade del, entón se contempla esa partida para poder tratar de axudalos a desenrolar esa actividade, que ten alí que é o deporte e o fútbol, dito sexa de paso na zona de parada hai moita xente e moitos rapaces, e estamos dispostos a potenciar ese campo porque é un servizo complementario ao que hai na Valenzá y bueno estamos incluso en negociacións para ver si llo pasan ao Concello, para que o Concello poda facer inversión nel, porque senón non se pode.

E con relación ao do Fútbol, non se preocupen, vostede por un lado non desconfíe que haxa gato encerrado, para lle pagar 33.000 euros ao Club de Barbadás, nin vostede pense que eso é un despilfarro, porque tampouco o é, nin se lle da por ningún lado máis do que buscan, se autoxestionan practicamente e se xestionan bastante ben ata o día de hoxe, porque é certo o que di vostede que para o pouco diñeiro que se lle dá, a relevancia social que ten o club, obviamente que é o primeiro club neste momento da provincia de Ourense, e que indudablemente está nunha categoría, pois en terceira división, que entendemos que bueno é todo un logro, todo un éxito, todo un reto, impensable fai pouco tempo, e o único que hai que dicirlle aos directivos é “chapeaux”, dende o Concello o único que hai que facerlle aos directivos do Club Deportivo Barbadás é darlle as grazas, por ter levado o listón de Barbadás por toda a xeografía de España e sobre todo de Galicia, cun club de terceira división, cuns recursos tan limitados, o único que cabe é sacarlle o sombreiro e felicitalo, iso por un lado, e por outro lado, non me dirá o Señor Valcarcel que é un gasto tan esaxerado porque obviamente para a



relevancia social e para o traballo que están facendo eu entendo que é unha inversión, é unha inversión porque se inverte loxicamente en Deporte, invertese en benestar social, porque moita xente vai a disfrutar de esa actividade e obviamente se inverte en imaxe tamén do Concello, ¿vale?

Despois en relación co dos bonobuses, bueno pois xa se dixo aquí cal era o tema, os bonobuses este ano se contempla unha cantidade aparentemente maior ca do ano pasado, porque se mete na partida de ingresos o que se recaudan dos 125.000 euros, que se recadan dos veciños, e eses a maiores que non lle cadran o Señor Firvida, son os que precisamente se contemplan para os bonobuses de Parada de Piñor, que o motivo, tamén o digo xa aquí agora, que o de que hasta agora non esté posto o de Parada de Piñor é que eu xa fun falar varias veces co da empresa, pero non me da dado unha proposta como executar o tema, é dicir eu propusenlle que me dera o número de usuarios, para saber cantos máis ou menos, porque hai que saber canto vai a supoñer, pero primeiro que me de o número de usuarios que ten, por día, por mes, ou por ano, mellor por ano incluso, para loxicamente nós empezar a funcionar. Non é culpa nosa, porque ademais teño a empresa, debaixo onde vivo, e téñollo dito varias veces, ata agora aínda non me entregou o papel, non sei porque, non o faría, ou por desidia, pero bueno en todo caso eu me comprometo a intentar axilizalo o máis rápido posible, pero depende un pouco da empresa, non noso, ¿vale?. Ben, isto era do Bloque, e do PSOE practicamente quedou tamén contestado a maioría das preguntas con relación aos do PSOE, é dicir os obxectivos din que non son claros, para nós son clarísimos, por suposto eses son os políticos, pero os obxectivos que temos nos aquí, é como dixen ao principio dar servizos co diñeiro que temos, e o diñeiro que temos estamos invertindo en iso, por eso non queda diñeiro para grandes obras de infraestruturas porque entre outras cousas, nos preferimos, dada a situación que hai, a crise, baixar os impostos como xa fixemos, recadar menos e non facer obras, que o mellor neste momento pois poden esperar algo, non digo que non sexan necesarias, todo é necesario ou todo é innecesario depende de como se interpreten as cousas, nos consideramos que os servizos que temos é de momento é prioritario o mantelos, son basicamente servizos sociais como vostedes están vendo, porque o deporte é un servizo social, a cultura é un servizo social, o benestar social dito sexa de paso tamén o é, entón nós neste momento os obxectivos son eses, simples e claros, manter os servizos axeitados á poboación que temos, e se sobran recursos melloralos, e tamén é certo que despois en relación o fomento de emprego, xa llo dixen antes, a contestación do señor Firvida vale exactamente para vostede, é dicir, ese é o seu criterio, nos aquí non podemos fomentar o emprego doutra maneira, é dicir co presuposto que temos, non podemos facer grandes planes de emprego, a idea era esa, pero teño que dicilo, que vostedes non o dixeron, pero



vouno a dicir eu, vamos a ver, o fomento de emprego, que eu había dito aquí nun pleno anterior, que co remanente de tesourería íase a facer un plan de emprego, neste momento o Concello de Ourense fixo o mesmo, plantexouno e non o puido facer, neste momento hai problemas dende o punto de vista legal, porque a Xunta neste momento é a que coordina o plan de emprego, e non deixa debido a lei de Facendas Locais de Actividade Presupuestaria, non deixa neste momento que os Concellos pois fagan un plan de emprego como se facía hasta agora normalmente, iso que quede claro, eu prometín e o sigo prometendo, si hai remanente de tesourería, que si o vai a ver, a dificultade legal e a que é, e non se pode saltar.

Bueno, con relación o tema de parques, xardíns, farolas, o señor Valcarcel vostedes sabe que se acaba de adxudicar un plan, un proxecto con cargo a remanente de tesourería do ano pasado de 70.000 euros por un lado, bueno en total cento e pico mil euros, bueno pois parte desas deficiencias todas están recollidas nese plan, que se acaba de executar, reposición de parque, reposición de mobiliario urbano, de parques, de viais, asfaltado de viais, que aínda hoxe, onte adxudicamos algunha, a dos viais estase adxudicando, é certo iso que din, que a min tampouco me gustou, pero colleunos en mal momento, o tema do asfaltado que non se pode votar mentras hai chuvia, e obvio, y eu sei e se falou aquí, é máis a primeira fase que se votou no peri no verao quedou moi ben, está agora veu a chuvia e foi un problema, se vai a pospoñer hasta que veña o bo tempo a seguinte fase, que hai varias, pero esas están en marcha, para executalas, hai están o dos camiños e todo eso, o do Polideportivo, fálame vostede que do Polideportivo, que lle parece que si acabamos de inauguralo, quen o recepcionou, ¿porque non se verificou?, si que se verificou os técnicos son os que o foron ver, nos non somos técnicos, o proxecto executouse tal y como estaba, o proxecto tiña carencias, e esas carencias son as que agora estamos tratando de subsanar, chámese almohadillado das columnas, chámese incrementar como se incrementaron dous vestiarios, hai unha serie de deficiencias que non son, pero non é que foran no proxecto e non se fixeran, pero son deficiencias por carencias, porque non ían nese proxecto e hai que intentar subsanalas, e iso é o que estamos a facer, osea que tampouco é unha cousa, verificar xa se verificou, os técnicos son os que deron o visto bo, nós non somos técnicos, e segundo o proxecto que estaba feito en papel, alí se cumpría nese proxecto, o que pasa é que hai cousas que había que facer a maiores que non estaban nese proxecto, entonces por eso hai que aumentar isos 56.000 euros, e se deixa loxicamente pois en algúns deles, tamén un pequeno colchón por o que poida xurdir durante o ano, porque senón, no Polideportivo hai moita actividade e pode haber roturas e pode haber problemas, e hai que ter unha partida onde dedicala, senón agora non se pode gastar, en cuanto a



claridade da subvencións, pois mire máis clara imposible, a claridade das subvencións, están ahí, son nominativas porque esas si sabemos que todos os anos fan actividades máis ou menos e todos adxudicamos das súas memorias que presentan e máis claro auga, aquí non hai subvencións a dedo, non , non , a dedo non son ningunha, ¿porque son a dedo?, se están no presupuesto, están aprobadas no pleno, eu non dou unha subvención neste momento que non este recollida no presupuesto, non me digan vostedes como pasaba noutros organismos en algúns momentos que eran graciadas, pois viñan un grupo o unha asociación e se lle dá ou se lle daba, non, non, aquí o que se lle vai dar esta aquí, e máis claro imposible, non creo que haxa ningún tipo de trampa nin cartón nin oscurantismo, ¿non?.

E con relación a da recadación que me falaba, o da recadación pódese facer aquí, claro que se pode, sen ningunha dúbida, pero eu estou segurísimo, segurísimo que ía saír máis caro, de feito dicía vostede antes, porque razón lle demos a recollida do lixo a empresa, porque é moitísimo máis eficaz, por a sencilla razón de que eles e tiñan razón, ten a ventaxa de que a auga a auga, senón paga por un lado paga por outro, porque ten medo a que lle corten a auga en principio, si, si, iso pasa en Ourense, e faise totalmente igual, nas grandes cidades todas, ademais é o máis económico, e do tres o cinco na Deputación, e foi moito máis eficaz, a recadación hai está, a técnica o pode dicir, cando veña ela, nos o fixemos porque somos conscientes de que a eficacia é de un 97% largo e antes non era esa eficiencia, e máis barato e aínda por encima nos é máis eficiente, simple e llanamente, pero vostede pensa que por 12.000 euros vamos a ter unha persoa aquí recadando todo o ano, vostede dixo antes 12.000 euros por a do lixo.

Bueno eu non teño nada máis que contestarlle, porque está todo contestado en relación ao orzamento, bueno en concreto como cada un ten a súa versión do presupuesto, como é lóxico, a oposición non vai a ter a mesma opinión co grupo de goberno, pois bueno este é o presupuesto que se somete a votación, eu entendo que, como se di vulgarmente con estes mimbres, non se pode facer outro cesto, e a realidade é a que é, e non teño nada máis que dicir, simplemente someter a votación si o estiman oportuno, ou turno de replica, e punto.

O sr. Firvida toma a palabra: Brevemente, pero agora empezando por isto último, entón que vostede parten de que a administración ten que actuar con carácter punitivo é dicir como non me pagues o lixo, córtoche a auga, iso é o que vostedes pensan, na administración pública e do servizos que se prestan é un castigo para o cidadán, esto non é un castigo para o cidadán, como non me pagues o lixo córtoche a auga, entón poñoche outra empresa que van de detectives, de policías, que como non me pagues unha cousa eles van a executar este castigo, e vostedes parten sempre no mesmo de que a



Administración Pública, todos os que traballamos na administración pública somos todos uns inútiles, malos traballadores, ineficientes, ineficaces, e encima que cobramos moito, porque xa me dirá vostede que fai a xente de Viaqua que non poida facer un funcionario público, ¿que fan? ¿milagros? Non, o que fan e cobrar, enriquecerse, cobrar un salario e gañar diñeiro para o seu empresario e obter beneficios, eso é o que fan, sen embargo a administración pública pode prescindir dos beneficios, e por iso pode prestar servizos mellores, de mellor calidade e máis baratos, si, si, iso é así, hai moitísimos estudos, por desgraza España é un paradigma en toda Europa en privatización de servizos públicos, en Europa no se privatiza a auga nin o lixo, lévano na administración pública, en case todos os países, pero aquí non, aquí colleuse, polo que se colleu, agora se está descubrindo polo que se privatizou tanta cousa en España, pero claro interesaba, interesaba para facer negocio cos amigos, pero es así, aquí non nos vendas motos que nos deixamos fai moito tempo iso, sabemos o que hai, vostedes privatizan e logo lle dan a empresa privada para que logo eles gañen diñeiro cos amigos públicos, iso é o que hai detrás de todas as privatizacións, ¿que pasou ca gardería pública deste Concello? ¿Por qué se retomou a cuestión?, por certo do que nos alegramos,

O sr. Alcalde toma a palabra: E nos encantados, tamén

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Por qué? Porque non daban beneficios, iso pasa coa xestión do lixo, coa xestión da auga, hai Concellos agora en Galiza que se están propondo recuperar a xestión de abastecemento e saneamento da auga, en Galiza eh, porque saben que lles van a saír máis barato, e claro danlle 130.000 euro a Deputación e 12.000 euros a unha empresa que xa cobra, pero é que non cobra 12.000 euros e que a empresa cobra 380.000 euros, claro, e 12.000 euros pola xestión da cobranza, é que é unha coña, ¿como? É logo nos se lle dan 380.000 euros pola xestión do lixo a empresa concesionaria da recollida do lixo, dáselle, e agora a outra 12.000 euros pola cobranza incluído no prezo da concesión, por exemplo, xa que nos van a cobrar 380.000 euros pouca las grazas que puideran cobrar eles os impostos, pero non é mellor darlle a empresa doutros amigos para que ganen 12.000 euros máis, e ¿vostedes pensan que eles van a ter un traballador por 12.000 euros? ou que lle sae gratis, non, non, eles gañan diñeiro, eles farán, outro traballador da empresa que fai outras cousas e que fai iso, ben, en definitiva non queren facelo con xestión pública, porque non queren, porque lles interesa telo en mans privadas, ¿porqué?, por que sí, por que sí.

Respecto a memoria de Alcaldía, cando empezou a falar, na memoria da Alcaldía, por certo a parte de non pretende recoller nada do que se pretende o Concello no futuro, nin obras, nin proxectos nin infraestruturas, nin servizos públicos, nin nada de nada, vostede xa se dixo que este Concello para



prestar servizos e di vostede hai que dotalos e hai que pagalos, home, entonces peche os que hai, claro si é por cuestión de non pagar e que non lle dé gasto ao Concello, si todas as Administración públicas, fan eso, o Sergas podía pechar os hospitais tamén, xa o están facendo, pero podían pechar aínda máis, para non servizos para non gastar diñeiro, que un representante público chega a dicir isto eu penso que é moi grave, é dicir que un representante público se recoñeza así mesmo incapaz de poder xestionar os bens públicos e crear novos servizos e xestionalos e facelo co diñeiro público, e ter que privatizalo e dicir non, non é que non podo privatizar os servizos públicos que consta diñeiro, non, non é que ademais non consta diñeiro, é que non crea ningún servizo público novo,

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿E logo o Polideportivo non é un servizo novo?

O sr. Fírvida toma a palabra: E que quitan 130.000 euros de benestar comunitario que é o mais básico, vostedes teñen, despois xa falaremos nunha moción, vostedes teñen unha concesión de servizos públicos que é: “os servizos públicos hai que ofertalos para que a xente os pague e despois existe unha cousa paralela que se chama beneficiencia, quen sexa pobre de pedir, vamos darlle --- os servizos, pero non como un ben público xeral, non, senón como unha cuestión de beneficiencia, puramente, di na súa memoria, imputarase a esta política de gasto os imputados para desenrolar a asistencia social primaria e dí a continuación, a promoción de igualdade de xénero, non existe, está mentindo, promoción e reinserción social de marxinados, non existe, están mentindo, non existe ningún programa en todos os orzamentos, e senón dígame onde está esa dotación, que vaia dedicada a igualdade de xénero, ou a programas sociais de xente marxinada, non hai, é dicir a memoria xa empeza, eu non sei quen a faría pero xa están mentindo porque non hai ningunha partida para estes gastos, despois, reducen investimentos, reducen gasto social e o que se incrementan son os gastos noutras empresas, nos explicou dúas ou tres partidas, unha no Polideportivo para facer os apaños que hai que facer fin de obra que non quedaron ben feitos, e algunha máis por hai, pero en todos os capítulos, en todos os capítulos se reducen o gasto público ou se mantén se son nóminas, e se aumentan os traballos doutras empresas, en todos, en todos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa lle expliquei o porque.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, explicou en dúas contas, explicou a do Polideportivo e a do Emprego, e ningunha outra, incrementan os canóns ás empresas que están privatizadas, a empresa xestionaria da recollida do lixo, non ten nada de iso que figura no prego de contratas, revíseno, non ten sopladora, non ten hidrolimpiadora, non ten a nave, que prometeu facer aquí en Barbadás, ten unha nave pero non a que prometeu vostede facer alí adianten na subida en Bentraces ou en Sobrado,



ten un proxecto presentado no prego de contrata.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non fixo a nave, alquilouna

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Ten todos os traballadores que figuran no prego?

O sr. Alcalde toma a palabra: Por suposto

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Entregou os informes que ten que entregar anualmente?,

O sr. Alcalde toma a palabra: O informe agora mesmo non o sei, pedir pedíuselle.

O sr. Fírvida toma a palabra: E premiámoslle aumentándolle o canón. E despois dí que o Coordinador do Polideportivo que está dado de alta como autónomo, e por iso se lle paga como servizo de outras empresas, ¿e logo non houbo unha selección?, ¿non pasou ningún tipo de proceso?, ¿que tipo de contrato ten?

O sr. Alcalde toma a palabra: Contrato de servizos

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Contrato de servizos?, e os servizos que presta é ser Coordinador das Escolas deportivas, é dicir temos traballando para o deporte neste Concello, no Polideportivo e no Campo de Fútbol a oito persoas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Temos os que están hai.

O sr. Fírvida toma a palabra: A oito persoas, e temos que contratar a un Coordinador o que se lle paga 35.000 euros,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non se lle pagan 35.000 euros, homee

O sr. Fírvida toma a palabra: Dixo vostede, por unha prestación de servizos para coordinar

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero non é todo, non só é para iso, el cobra 1.300 euros ao mes.

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿ De contrato?, ¿ que tipo de contrato se lle fixo? ¿De prestación de servizos?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Claro,

O sr. Fírvida toma a palabra:¿ Houbo oferta pública para outras persoas?¿houbo algún tipo de selección?

A sra. Secretaría toma a palabra: Non é unha contratación laboral

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, si, o entendo, efectivamente, un encargado de instalacións deportivas, un monitor deportivo, un auxiliar do Polideportivo, dous monitores do Polideportivo, un auxiliar base dos servizos sociais do Polideportivo, un subalterno do Concello, e un subalterno do Polideportivo, oito persoas e teñen vostedes que esternalizar a coordinación do Deporte en Barbadás, que fai a señora Concelleira de Deportes que gana 1.200 euros ao mes, e dicir temos oito traballadores



e temos que esternalizar o servizo de coordinación, haber si son autónomos, y é unha empresa que realiza traballos que vai a contra de traballos realizados por outras empresas eso é esternalizar, senón tería un contrato laboral, claro, bueno entón eu preguntome que fai a Señora Concelleira de Deportes, con oito traballadores e con 530.000 euros do orzamento cando ten que contratar a un coordinador externo para facer o que ten que facer ela, que é coordinar as Escolas

O sr. Alcalde toma a palabra: Non perdoe, iso é un técnico, a Concelleira non é técnica é política.

O sr. Firvida toma a palabra: Mire en todos os Concellos do mundo e en todas as administración do mundo, os cargos de libre representación e que teñen un cargo, traballan, teñen un salario e traballan,.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero tamén ela traballa, ela diseña a política deportiva.

O sr. Firvida toma a palabra: Ela diseña a política deportiva, osea que ela diseña o logotipo dos chandales, jaja, non, non isto é moi serio, en todas as Administracións as persoas que teñen un salario teñen unhas encomendas, teñen unhas funcións e teñen un traballo, e traballan

O sr. Alcalde toma a palabra: Tamén traballan aquí, ¿ou non traballan?, por favor

O sr. Firvida toma a palabra: Non son políticos de presentación destes que van por hai dicindo que traballan aquí e van por hai dicindo eu son Concelleira de non se que, ou eu son Vicealcalde de non sei onde pero non teño traballo eficiente, non teño traballo e responsabilidades.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno por favor, iso é que está ofendendo á inteloxencia da xente, vostede sabe perfectamente que traballan, e non pode ser doutra maneira, vamos, por favor.

O sr. Firvida toma a palabra: E ten que encontrar un coordinador deportivo fora do Concello.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non hai que contratar un monitor, que vai a dar elas as clases tamén, ou

O sr. Firvida toma a palabra: Pero é que xa hai oito Manolo, e que xa hai oito.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Pero farán falta máis.

O sr. Firvida toma a palabra: Pois que se contraten e poñelo aquí en persoal laboral, ¿porque non se contratan máis?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non se pode

O sr. Firvida toma a palabra: ¿Porque non se pode?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Porque non se pode contratar

O sr. Firvida toma a palabra: Espera, espera, ¿ non se pode contratar? ¿Entón porque ven aquí nas dacións de contas da Alcaldía a contratación de monitores?

A sr. Secretaría toma a palabra: Podo explicarllo por favor, técnicamente, a contratación do persoal



do Polideportivo fíxose en base a un programa temporal e acolléndose o artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público que permite o nomeamento de funcionarios interinos pois mentras se desenrole ese programa, o obxectivo do programa era investigar a posta en marcha do Polideportivo, e determinar cales son as necesidades reais, maiores ou menores, en base a iso obtivemos a autorización para contratar, a partir de hai non se pode contratar a ninguén máis, tendo en conta ademais que o programa está en metade da súa execución, xa se detectan novas necesidades, cando preguntan ¿como se fan porque hai unha nova necesidade?, o programa está en marcha, a única solución e contratar a alguén de forma externa, pero ese ben de forma externa non adquire vinculación externa laboral co Concello, e por suposto pódese contratar seis meses e largalo á rúa, ou tres, ver si fai falla ou si funciona ben ou non, e como si contratas a un electricista que te veña a facer unha reparación en casa, entón neste caso a finalidade sería, pois neste caso non sei cal é o da coordinación, está pasa unhas facturas como calquera outra empresa, no momento que se lle diga deixa de pasar facturas porque xa non necesitamos os teus servizos, e dicir non hai ningunha vinculación co Concello, esa é a explicación técnica.

O sr. Firvida toma a palabra: O que nos acaba de dicir a señora Secretaria, é que cando se fixo a programación das actividades que se ían a facer no Polideportivo e as necesidades que había, creáronse unha relación de postos que se contrataron, como interinos, e cando se programou todo iso, ninguén se deu conta de que facía falta un Coordinador Deportivo, xurdiu despois, por arte de maxia, de repente descubrimos que hai a necesidade de contratar a un coordinador, para que coordine a estas oito persoas.

A sra. Secretaría toma a palabra: Non é así

O sr. Firvida toma a palabra: Non é así, entón porque se lle contrata de forma externa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Contéstolle despois.

O sr. Firvida toma a palabra: Ben, acabo con isto, o obxectivo da memoria di dar servizos, por iso na memoria non pon nada de nada, pero neste Concello cada vez hai máis poboación, máis cidadáns vivindo e cada vez temos menos servizos, iso é o grave do que está pasando en Barbadás, que Barbadás medra que cada vez nacen máis nenos, e non teñen garderías públicas e carecen, xente máis vella recóllense nun informe de intervención o envellecemento do envellecemento, que significa que a xente vive máis anos, e polo tanto teñen máis carencias, máis enfermidades, e máis necesidades, e todo iso non vai acompañando de ningunha mellora no Concello, todo vai para atrás a xente medra, a xente maior vive máis anos, nacen máis nenos, temos máis poboación, constrúese máis, pero os



servizos cada vez son menos, e o diñeiro que se dedica a servizos cada vez é menos, dedícase ás empresas privadas, e que se dedica todo a esternalizar ás empresas privadas, non se dedica máis diñeiro aos servizos sociais deste Concello, ¿é mentira? Vostedes comproben as contas e verán que é mentira. O parque comercial que falou del, dí que non figura non PXOM, vai haber unha modificación no PXOM para incluílo ou o dixo así por dicilo, porque se lle ocorreu nese momento,

O sr. Alcalde toma a palabra: Cando se presenten, as alegacións, o Concello pode alegar.

O sr. Firvida toma a palabra: A culpa é nosa que non sabemos interpretar os orzamentos, non creáronse partidas novas, non señor Freire Couto non se creou unha partida nova, as partidas novas que se crearon eu xa as ía anotando, o que se cambiou é de capítulos, pero aínda sabemos comparar partidas, non hai ningunha equivocación de momento, non se preocupe, non hai, as partidas novas que hai son por certo todas, son todas de traballos realizados por outras empresas, esas son as partidas novas que hai, que diga a señora Interventora se hai algunha outra partida nova, hai esa e hai os 126.000 euros das transferencias das familias derivados dos ingresos dos bonobuses, e non hai ningunha outra, o que hai e cambio de números, hasta hai chegamos, hasta hai chegamos, non estamos equivocados no análises que facemos. Prego de condicións das concesionarias, en fin todo repetido, non se crean novos servizos, hai que dotalos, bueno en fin, nós vamos a presentar enmendas porque nos queremos a demostrar que sí é posible gastar con máis eficiencia, con máis eficacia, deixar de gastar en cousas superfluas, como protocolo, como publicidade, e como esternalizar traballos, rescatar concesións públicas, xestionar o Concello desde esta Casa, non dende as empresas nin dende os despachos privados, e con ese diñeiro pódese prestar máis servizos públicos, vamos facer enmendas, mire levamos moitos anos facendo enmendas e sempre nos as votan en contra, pero resulta que este ano unha enmenda nosa aceptaron, non a aceptaron pero fixeron un cambio, reducir o IBI, nos xa advertiamos que a redución do IBI do 0,5% a un 0,4% ía a supor un aforro para as familias do 20% , pero para o Concello non ía a supor un detrimento do 20%, solo se perden 96.000 euros, ¿porque? Por que cada vez se recada máis, como se recada máis non se perde o 20%, e sen embargo vostedes non nos quixeron facer caso cando se presentaron as enmendas do Bloque Nacionalista Galego, eso sí o aprobaron cando vostedes o consideraron, pois igual que eso vamos a presentar outras enmendas, para demostrarlles que se poden facer moitas cousas neste Concello para aforrar moito diñeiro en cousas que se están gastando que son absolutamente innecesarias e gastalas en cousas que son moi necesarias para xente que vive aquí, moi necesarias, de primeira necesidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.



O sr. Valcarcel toma a palabra: Con todo o cariño do mundo dicirle ao señor Firvida que nos tamén presentamos propostas para reducir o IBI.

O sr. Firvida toma a palabra: Pero os primeiros fomos nos Carlos,

O sr. Valcarcel toma a palabra: Cando se fixo a revisión catastral, xa se presentou o mesmo tempo e foron debatidas as dúas, pero bueno aquí estamos debatindo os orzamentos do Partido Popular.

Primeira cuestión, vostede mencionou o PXOM, si vostede no debate que houbo no pleno extraordinario, e recoñeceron vostedes dous que non miraron o PXOM, que non o coñecían, que se fixo unha labor técnica que non tivo ningunha directriz política.

O sr. Alcalde toma a palabra: É certo.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Bueno, pois entón agora para o do Polígono Comercial e unha ocorrencia, non veña aquí agora con historias de que van a presentarse alegacións, pero a labor dun rector político como é vostede que é un Alcalde, debería ser dar algunha directriz política, para mellorar o PXOM, entre eles está velar polo futuro dos veciños e veciñas de Barbadás, e polo desenvolvemento económico, home é unha ocorrencia súa agora, os señores do Bloque e nós estamos desde logo estamos encantando de que a acolla, pero recoñeza que é unha ocorrencia, entón non hai directriz política no PXOM, esa é a primeira crítica que lle fago.

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar non estamos facendo un novo PXOM é unha modificación.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Pero pódense incorporar directrices políticas que vaian para mellorar, que vaian encamiñadas a mellorar a situación económica do Concello, e segundo vostede pasan por enriba del, porque nin o miraron,

O sr. Alcalde toma a palabra: É que a cuestión neste caso é que non é un novo plan, hai que ter claro iso.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Vostedes, non dan directrices e pasan por enriba del como se dixeron nas xeneralidades, vamos por favor.

Esa é a forma que teñen de traballar vostedes que abonda na argumentación que digo eu que non hai ningún tipo de planeamento. Ben, outra pregunta ¿van a volver a facer o calendario? Porque dende logo

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois si, xa llo digo, estase facendo, para que salga de dúbidas.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Pois iso serían 4.000 ou 5.000 euros, que vostedes podían detraer de gasto superfluo para destinalo a benestar cidadán, para mellorar a calidade de vida das persoas con



máis problemas.

Baixa de impostos, ¿que baixa de impostos? Se vostedes fartáronse desde que ganaron as eleccións, xa hai tres anos, en subir as taxas sistematicamente, ¿de que nos está falando?, ¿a que quere enganar?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, quen quere enganar é vostede, non é verdade que baixamos o IBI o máximo permitido pola lei.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Baixaron o IBI e o resto das taxas que pagan os veciños e veciñas de Barbadás deste Concello desde hai tres anos, que se encargaron vostedes de subir e de incrementar sistematicamente desde o primeiro día, desde o primeiro pleno que gañaron as eleccións, que vostede volveu a ser Alcalde, subiuse o lixo, subiuse a auga, subíronse as Escolas Deportivas, subíronse as actividades extraescolares, polo tanto nesta lexislatura non hai baixada de impostos, non mintas, baixou o IBI, punto e final o resto ségueno pagando os veciños tal e como o estaban pagando dende hai tres anos. E de Sogama sabeo vostede igual que a min, que as contas que fixo Sogama son falsas, sábeno perfectamente, e o Partido Socialista presentou unha enmenda. Ao goberno da xunta si que lle consta, que foi o argumento que utilizaron de que as contas eran deficitarias para subir a taxa en cuestión e que vostedes despois aquí non porque asumirono é certo, vostedes como outros gobernos do Partido Popular aplicárono no recibo.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: E do Partido Socialista tamén.

O sr. Valcarcel toma a palabra: Moitos do Partido Socialista negáronse, foron sumisos con respecto a outro. Cada un ten o seu criterio, cada un ten o seu criterio, eu falo de aquí, e dito iso, polo tanto non houbo baixada de impostos, a carga fiscal no conxunto destes tres anos segue sendo a mesma para os veciños co agravante de que non fracciona ningún tipo de recibo, nin de taxa, nin de imposto, nin de nada.

No Concello de Ourense, voltando a el, presentouse un plan de emprego que algún grupo político, agora mesmo no recordo cal, non permitiu que se puxera en marcha, porque carece de maioría absoluta pero aquí vostedes son sete, e nos somos seis, teñen maioría absoluta para poder polo en marcha.

Vostedes tiveron a oportunidade única, e volvo a insistir do Polígono Virtual de Galiza, de por en marcha aquí actividades de fomento de emprego pioneiras e innovadoras, vostedes non o quixeron facer, cando saben que hai Concellos, de toda a provincia, de distintos cores políticas que si o están facendo, e Concellos que se aproveitan da posibilidade de ter unha escola de negocios, Concellos que aproveitan todo ese potencial para dinamizar o comercio que é a actividade fundamental deste



Concello, sabe vostede que llo expuse perfectamente na moción, que eran un fomento do comercio absolutamente gratuíto para os comerciantes de Barbadás a cambio de cederlle un espazo no Centro Empresarial Transfronterizo, bueno vostedes queren manter o chiringuito, e o que queren nada máis e non queren ademais que se poña en evidencia a ausencia de traballo por parte do Centro Empresarial Transfronterizo, porque o Polígono virtual de Galiza, ía a deixar a actividade dese chiringuito, en evidencia, en total e absoluta evidencia, esa é a razón, e aquí o que se trata é de impulsar e axudar ás actividades privadas que crean os novos emprendedores, non de crear postos de traballo dixitais, desde o Concello, ninguén fala de crear postos dixitais dende o Concello, o único que é mentira, mentira, non se trata de iso, trátase de potenciar, porque xa sabemos a actividade privada, porque xa sabemos cal é a forma de potenciar postos de traballo desde o Concello, esternalizando por exemplo, esternalizando, son posto de traballo que crearon vostedes, desde logo, esternalizando, é somos o quinto Concello da provincia e como dicía centramos a actividade económica no comercio, poténcieno, utilíceno, o que dicía eu antes, as actividades deportivas da xente que ven dende fora a ver o equipo de fútbol de Barbadás para fomentar a súa presenza, a súa estadia na Valenzá ou no resto do Concello para que haxa máis actividade económica, non o fan, aquí chega un señor ou unha señora a ver un partido de fútbol, paga a súa entrada, e lisca fagan algún programa para potenciar a actividade económica para potenciar iso, non o fan, non hai imaxinación Chelo, e como dicía esto é unha actividade que se ten que desenrolar transversalmente, non a Consellería de Deportes, ou a Consellería de traballo, que non hai, transversalmente, poñede a cachola a traballar, dos cartos que lle pagan os veciños, iso é o que demandan eles, iso é o que demandan eles.

Campo de fútbol de Parada, vamos a ver Chelo non é unha iniciativa túa, dende logo, non foi unha iniciativa túa, foron os veciños os que se dirixiron a ti, o Señor Alcalde perdón, que ademais coincidimos en estando en Parada vostede e eu, alí, mire que coincidencia, e eu xa sabía que iba, esa iniciativa xa a plantexaron os veciños hai moito tempo, e dende logo quero recordarlle que esa iniciativa a plantexouna tamén o Partido Socialista, hai como cinco ou seis anos, cando se intentou e se presentou aquí unha moción, para fomentar o uso de esa cancha, por el equipo de los caimanes, como se chama ese deporte, beisbol, e rexeitachela, rexeitachela. Mirade non enganades a ninguén, non é unha iniciativa vosa, é unha iniciativa dos veciños de Parada, exclusivamente, que por certo, ademais quere o Concello apropiarse do campo, eso é unha das propostas que lle fixeron, que lle cederan a instalación gratuitamente a cambio de facer os investimentos, eso é o que teño entendido, cesión das instalacións completamente a cambio de facer unha mellora, pódese convenir seguramente



de moitas formas xurídicas, eu non son letrado, nin son avogado pero supoño que habería que informarse e ver como se podería facer, pero dende logo, ao grupo Socialista o que lle parece inxusto é que para facer unhas instalacións ou para melloras unhas instalacións, aínda que sexa parcialmente, haxa que facer unha cesión total da propiedade, a min parece inxusto, e con relación ao equipo de fútbol de Barbadás, volvo a insistir consideramos que o xusto e o correcto o que se debe facer dende o Concello e buscar patrocinadores, 31.000 euros son moitos cartos que sacan a moitas familias da miseria, e con isto non estou falando en contra do equipo de fútbol, nin moito menos, que nos estamos orgullosos de estar na categoría que esta, e que ogalla siga medrando, pero desde logo que non cos cartos dos veciños, isto é como o que facía o Señor Baltar no seu momento no Clube Deportivo Ourense, comprando accións, comprando accións que levaron a ruína a moita xente, e que de feito levou a ruína o Equipo de Fútbol, pero bueno así esta agora a xente como está, e está o equipo desaparecido, volvo insistir, patrocinio, patrocinio e patrocinio, aquí hai 31.000 euros do Concello ademais doutros gastos que se pagan seguramente, unha pregunta máis ¿canto se gastan en bonobuses de Parada de Piñor porque nos orzamentos do ano pasado eran 10.000 euros, e agora son 32.000 euros, canto van?, eran 10.000 euros o ano pasado, ou non chegaban este ano ou eran unha tomadura de pelo, que é o que estamos vendo porque o final non se iba a poder sufragar os gastos dos bonobuses de todos os usuarios, ou este ano hai un exceso, cal é o correcto, os 10.000 euros ou os 32.000 euros,

O sr. Alcalde toma a palabra: A cifra correcta é esa,

O sr. Valcarcel toma a palabra: ¿Cal os 32.000 euros?, bueno pois entonces no ano 2014 quedámonos curtos, entón non diga Señor Freire desidia da empresa, do empresario, ou do propietario da empresa, si son eu o Alcalde e vivo enfrente plantificome eu alí todos os días, xa non podo dicir agora, pásolle por alí todos os días, hasta que queden farto de min, é dicir, vive a 30 escasos metros e dí que é desidia do empresario, mire pareceme ridículo, ridículo.

Falta de transparencia na contratación, pois será legal, ou será como hai que facer as contratacións como dí a señora Secretaria, non o vou a dudar, porque non son un profesional neste eido, pero se van a facer as contratacións así, fágono con claridade, publicítena, que o poden facer sen publicidade porque son importes inferiores a 30.000 euros, pero Señor Freire estamos nun momento que todo o mundo sospeita de todo, e vostede xa está imputado, vostede está imputado, fagan as cousas con transparencia e claridade, entón, si hai que escoller unha empresa para facer os arranxos dos xardíns, publiciteno na páxina web, denlle publicidade nos medios que corresponden, diga cal é a proposta de cada quen, non señor Freire esa non é a forma de traballar, a cidadanía reclama outra cousa, aínda que



sexa legal, legal tamén son os viaxe as Canarias, por asuntos privados, tamén son legais, o importe que destinan agora para parques e xardíns no remanente de tesourería non chega para pipas, e nunca mellor dito señor Freire soamente en cubrir de caucho o que son os abeiros, é moito diñeiro, son bastantes cartos.

No Polideportivo, dicía a señora Chelo, que dende logo nin Victoria nin eu somos técnicos na materia, non somos expertos en cubrir columnas, nin nada por o estilo e vostede que traballa todos os anos alí e ten o seu despacho hai, tería que velo, pero xa leva tres anos sendo Concelleira de Deporte, supoño que en eses tres anos vería como evolucionaban as obras do Polideportivo, e vería que independentemente no proxecto técnico non estiveran o almohadillado das columnas, vería que terían que ser almohadilladas, debería saber que fai falla unha barandilla, debería saber que hai unha certa imposibilidade para favorecer ás persoas con minusvalías, bueno eu asómbrome, de verdade, eu asómbrome, foi chegar e velo, Chelo eu foi chegar a chancha e velo, cun militante, que non solo están para ver e asesorar, pero ti gañas un sueldo do Concello e tés a obriga de sábelo, e tes a obriga de sábelo, eu non cobro ningún sueldo do Concello para sábelo, y me busco la vida, Chelo, me busco la vida, pero me la busco e intento facer as cousas ben, e non cobro 1.200 euros ao mes, entón non quero ser duro Chelo, pero é que a forma de comportarte e de contestar fai que un se rebote, si levo asesores ou levo alguén que fai deporte e o meu problema, e ti tes o teu carón xente que fai deporte como son monitores e que cho deben dicir.

Subvencións: ¿qué problema hai dado que son tan transparentes? Que problema hai en que se convirtnan concorrencia competitiva? que se asinen con concorrencia competitiva, que presenten o seu programa, previamente á elaboración do orzamento, por exemplo porque se lle destinan a un señor que ten un programa moito máis amplo 1.000 euros, señor lease asociación que ten un programa moito máis amplo, falo nun hipotético caso, unha sociedade, unha asociación que teña actividades que teñan de un moito maior interese xeral, se lle dan 1.000 euros e a outra asociación de veciños que ten un programa máis curto, e sen ser de interese xeral se lle dan o mesmo importe, valoren, valoren antes de poñelo sobre o papel dos orzamentos sobre esa memoria esas actividades e a legalidade, alegalidade da súa forma de traballar, que non o fan, si é tan limpa e transparente a súa forma de actuar, pois concorrencia competitiva e xa está, a un dámoslle 3.000 euros porque as súas actividades son productivas, útiles para a sociedade e demoslle 1.000 euros a quen é menos productiva e a que reporte menos á sociedade, así de sinxelo, non ten máis dificultade que esa.

E da recadación, fixo vostede algún calculo mental, ten algún asesor para saber que o custo de



xestionar a recadación dende aquí de Barbadás e máis caro, eu xa lle fixen esta pregunta fai dous ou tres anos e díxome que non, supoño que agora me virá ca mesma resposta, porque non ten outra, e vamos a ver vostede non creo que sexa un técnico na materia, para saber que eso de que a xestión municipal é máis cara, e máis eficaz ca xestión privada, fa una estudio e despois valore, e argumente, solidamente, o argumento

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, o estudio neste caso, é un estudio aleatorio, é dicir, ao non ter datos reais, coller polo en marcha e o cabo dun ano máis caro e máis barato, que pode ser un ou outro, e ademais o eficiente que pode ser un ou outro, que iso é outra historia, que non é dicir, maña mesmo o podemos facer, rescatámola, e o final do ano evaluámola e miramos o resultado, en termos xerais, porque o da recadación non é ningunha cousa vanal, porque como no recades veremos como cumples despois co presupuesto.

Ten a palabra se quere constestárllle ao BNG a señora Concelleira de Deportes.

A sra. Vispo toma a palabra: Haber,explícolles como funciona o Polideportivo, Señor Firvida nós no Polideportivo, na oficina onde estamos agora mesmo, temos dúas estruturas, as Escolas Deportivas e o que é o funcionamento do Polideportivo en sí, vamos a haber as Escolas Deportiva, saben que había un coordinador que estaba no campo de fútbol, que é Angel e foise,e houbo que nomear a outra persoa, outro coordinador que ven do mundo del fútbol y que se fixo cargo para poder levar a cargo pois todas as Escolas Deportivas, é o que fai dende alí, houbo que levar a unha persoa, a un administrativo, osea que non estaba dentro do que era a Escola Deportiva do Concello, que neste caso é Daniel Andrade que agora está con nosotros ao Coordinador de las Escolas Deportivas en todo o tema administrativo, se pasan os recibos, a xestión dos recibos, logo unha Escola de Fútbol con 11 equipos que dependen, do que é o Concello e despois as outras escolas, tanto de Kunfu, de tenis, ou de ximnasia rítmica, o que hai programalas e hai que facer unhas diversas que dependen do Coordinador. O Polideportivo ten catro persoas hoxe, unha persoa que se encarga do que é a porta, o porteiro que tamén fai as súas funcións, pois no tema de si hai algunha avaría, dous técnicos, que si sabe o horario que ten o Polideportivo que é de 7:30 da maña ata as 22:00 horas da noite, con dúas horas de peche o mediodía, si calculan as horas fan falta esas dúas persoas nos fan falta para desenvolver a actividade no ximnasio. E despois un administrativo, que nestes momentos o temos de baixa, por unhas circunstancias, e que loxicamente estamos todos botando unha man, no tema administrativo incluso eu, que saben que eu estou alí todas as tardes, si traballo, iso é o que lles doi, que me vexan alí, se o Polideportivo funcionase tan mal, como vostedes dín, non teriamos a 380 persoas como temos hoxe



alí dentro, ¿vale?, bueno pois entón eso é como funciona o Polideportivo, tamén llo digo que temos unha persoa que nos axuda no tema da porta, porque os horarios non dan, e os fins de semana, logo xa llo contarei na moción, para despois, esa persoa nos axuda para poder abrilo os fins de semana, vamos a ver, miña función é política, eu non son técnica, vostede sabe o que facemos os políticos, supervisar neste caso o Polideportivo ou a gardería cando volveu ao Concello, iso é supervisar algo politicamente, pero tamén fago e se teño que pasar unha escoba tamén, ¿vale? Despois os técnicos, eu non son técnica por iso me axudan ou ven as deficiencias, agora lle contesto a vostede señor Valcarcel, nos si vemos as deficiencias que tiñan, a nos cando nos deron a recepción da obra, si fixemos a supervisión do que era o proxecto, pero había unha serie de carencias, ¿que pasa? Pois que o tema económico aquí no Concello pois loxicamente, non había diñeiro pois para facer unha serie de melloras, houbo que facer unha prioridade como foron os vestiarios, porque xa habían as Escolas Deportivas dende o ano anterior, e veiamos que si viñan todas as Escolas, non íamos a poder dar abasto, tres vestiarios, os dos árbitros, e se fixo esa obra, e a caldeira, é dicir tiñamos o que era dous calentadores e non dábamos, houbo que por unha caldeira a maiores, prioridade nese gastos no Polideportivo, ¿vale? ¿que máis me preguntou? Vouno contestar, logo na moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa non hai turno de replica

O sr. Valcarcel toma a palabra: Solo medio minuto, o traballo dun político Chelo non é o do supervisar, non, non, é guiar e liderar, dar instrucións, non supervisar, non supervisar, primeiro liderar e guiar, e despois supervisar que se cumpran os obxectivos que marcan os políticos, hai está a diferenza Chelo, e se hai que pasar unha vasoira tamén se pasa, pero o de liderar é marcar obxectivos tamén,

Pos suposto, veña moi ben, vamos a someter o asunto a votación, votos a favor, votos en contra
Ben queda aprobada cos votos do Partido Popular e en contra BNG e PSOE.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación inicial do Orzamento para o ano 2015**”

4- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VERTIDOS DE AUGAS



RESIDUAIS DE CALQUERA CLASE.

O sr. Alcalde toma a palabra: Imos ó seguinte punto que é a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de vertidos de augas residuais de calquera clase.

Por parte do voceiro do Grupo Municipal Socialista proponse que se debatan as dúas moción conxuntamente, o que resulta aprobado por unanimidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Como puideron ver e como todo o mundo sabe o que se pretende é aplicarlle o IPC que neste ano é o -0,2%, e a ordenanza é simplemente iso aplicarlle o actual o rebaixe do 0,2% que é o IPC que se prevé para este ano.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non imos facer ningún debate sobre como se presta o servizo de abastecemento e saneamento das augas porque o temos feito moitas veces, aquí ven unha aprobación dunha taxa fiscal polo tanto nos imos referir só á taxa fiscal, como é un acordo ó que chegou o Concello de Barbadás con unha empresa privada cando decidiron privatizar estes servizos que se ían a actualizar os prezos respecto ó IPC, é algo que fixo o Grupo de goberno do Partido Popular, nós non o compartimos esta privatización polo tanto o noso votos vai ser en contra só por iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Nós imos a votar en contra como xa fixemos o ano pasado e anos anteriores porque a redución da taxa oculta outras cuestións, este ano simplemente báixase, ben pois nós levamos feito ano si ano tamén, propostas para que sexa unha taxa máis ecolóxica e que penalice o consumo, o consumo daquelas economías que consumen máis, isto aquí non se fai, polo tanto a equidade social brilla pola súa ausencia e consideramos que desde as administracións estamos na obriga de facer un uso razoable e ecolóxico da auga. Polo tanto cremos que hai que cambiar a ordenanza e polo tanto imos votar en contra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben pois entón votan en contra o PSOE e o BNG e a favor o Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de vertidos de augas residuais de calquera clase**”.



5- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga.**”

6- EXPEDIENTE DE AGREGACIÓN SEGREGACIÓN ENTRE O TERMOS MUNICIPAIS DE BARBADÁS E OURENSE.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entón ó punto seis que é o expediente de agregación e segregación do termo municipal de Barbadás con Ourense, é un tema basicamente técnico, é dicir, que a grandes rasgos é darlle trámite ó proceso que está en marcha que estivo exposto ó público que non houbo alegacións, e simplemente diso se trata, se quere a Secretaria intervir e dicir algo a maiores.

A sra. Secretaria toma a palabra: Nada máis, simplemente que procede a adopción dun novo acordo polo Pleno sobre a procedencia desta modificación do termo municipal, antes de elevalo á Consellería competente en materia de Réxime Local.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Nós a favor tamén e que queremos apoiar tamén o comentario que se fixo no seu momento, a parte de pagar o importe que lle corresponde que percibira o Concello de Ourense intentar mitigar, que quede constancia de que apoiamos esa xestión.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “ **Expediente de agregación-segregación entre os Termos Municipais de Barbadás e Ourense**”

7- APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2015

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entón ó punto 7 que é a aprobación do cadro de persoal para o ano 2015, xa se comentou aquí no presuposto que o cadro de cento tres persoas, dos cales vinte e seis son funcionarios, nove son persoal laboral, cinco interinos e sesenta e tres son persoal laboral temporal, isto é un plantexamento que se chama cadro de persoal neste caso, cadro de persoal do Concello de Barbadás, non sería a RPT , e é o persoal que se necesita loxicamente para dar servizos como se dixo no presuposto, e nada máis asignarlles as funcións que lle corresponden coas súas categorías e os seus salarios, claro.

A sra. González toma a palabra: Levan varios anos vostedes ocultando a RPT deste Concello, nós a



última, creo recordar agora facendo memoria é a do 2011, entón un pouco isto evidencia a política de persoal que fan vostedes aquí, é unha política claramente oscurantista, e é unha política claramente caciquil tal e como se ven demostrando durante todos estes anos, porque vostedes contratan da maneira que contratan a través da urxencia, e a través de fórmula como a que presentaron hai un momento para contratar como por exemplo ao compañeiro sentimental dunha ex Concelleira do Partido Popular, evidencia moito iso. Dende o BNG levamos desde sempre reclamándolle unha política de persoal xusta, realista, que sexa habida a criterios transparentes que provoquen a confianza da cidadanía á hora por exemplo de poder optar a un posto de traballo neste Concello de carácter público e municipal. Os últimos documentos de RPT datan, corríxanme se me equivoco, pero creo que do 2011, e nos posteriores a este vostedes foron amañando contratacións con carácter de urxencia que agochaban maneiras caciquís na política de persoal sempre denunciades dende o Bloque Nacionalista Galego tanto aquí no Concello nos distintos Plenos como co noso voto. Hoxe preséntanos un documento que non é unha RPT que é un cadro de persoal, que non ten informes por exemplo para darnos información tan importante como cal é a función de cada un deles, cales son por exemplo os horarios de dispoñibilidade de cada un dos traballadores de forma que se podan xustificar os distintos salarios ou os distintos complementos, ou cal é o custo que supón por exemplo ter sesenta e tres traballadores temporais. Por outro lado chama fortemente a atención tamén esta oposición que hai entre, no número me refiro, sesenta e tres traballadores temporais, fronte por exemplo a vinte e seis funcionarios, ou fronte a nove laborais fixos, vostedes priman a temporización en postos como por exemplo os de asistentes infantís na gardería, educadoras infantís na gardería, coordinador da gardería. A gardería é unha gardería pública, municipal, rescatouse a xestión hai uns anos, o Bloque levaba pedindo isto hai moitísimos anos, e agora que está rescatada e acaba de recoñecer o Alcalde que é positivo o seu funcionamento, de feito é unha gardería que moitísimos nenos van alí, e parece ser que funciona moi ben, pero moitísimos tamén quedan fóra, e que pensan privatizala tamén a gardería, e por iso manteñen estes postos de traballo temporais, ou a gardería vai a desaparecer, por que manteñen estes postos de traballo, como coordinador da gardería, educadoras infantís, asistentes infantís da gardería por que

O sr. Alcalde toma a palabra: Por que son necesarias

A sra. González toma a palabra: Con carácter temporal estou dicindo

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque non se poden sacar as prazas neste momento Ánxela, e sábeo ben.



A sra. González toma a palabra: Son esas formas de traballar de vostedes o que agochan en realidade é unha maneira de contratación

O sr. Alcalde toma a palabra: É por imperativo legal, non deixan neste momento cubrir as prazas fixas.

A sra. González toma a palabra: Estas formas de traballar vostedes con respecto á política de persoal e sabida e resabida non pola oposición, senón tamén pola cidadanía, a cidadanía se vostede sae a calle a pouco que fale con algunha persoa que non sexa do Partido Popular e incluso algúns do Partido Popular que non están contratados a día de hoxe falan da falta, do obscurantismo e da falta de transparencia que hai nas súas políticas de persoal, porque aparecen contratados familiares de concelleiros e de concelleiras deste Concello, si, ou de ex Concelleiros, ou persoas que despois van, ou sexa están contratadas, que despois van a pagarlle o favor nas eleccións municipais, indo de interventores, facendo de campaña, etc, etc, isto vímolo todos durante todos estes anos, isto é imposible que o neguen porque o vimos todos durante todos estes anos, ben esa é a fórmula que utilizar vostedes, contratacións temporais, ou contratacións de urxencia, despois hai unha entrevista que vale o cuádruple do que valen por exemplo os méritos, prima haber traballado xa no Concello, vostedes levan gobernado vinte e catro anos o Partido Popular levan claro hai moita xente que leva xa tantos anos traballando no Concello, si é unha fórmula vella que manteñen no tempo, e por encima a min non me tranquiliza nada as declaracións que fixo dona Consuelo Vispo cando dixo na prensa, cando tiveron ese acto no que se proclamaba candidata, dixo na prensa que ía seguir a liña de gobernar do señor Freire Couto, non me tranquiliza absolutamente nada, porque a liña de gobernar do señor Freire Couto foi nefasta, concretamente neste aspecto e en moitísimos outros por iso está imputado non vaia a ser, non a vaian a imputar a vostede nin compre en Matosinhos nada, nin se meta neses líos que se meteu el, porque ó mellor cóllena por algún lado que non deberían. Ben, destas eu estou por apostar primeiro, evidentemente o que pasa é que quero ser breve non quero repetir o que dixo Fírvida, pero evidenciase clarisimamente a que lle dan importancia vostedes e a que non lle dan importancia en que priorizan e en quen non, efectivamente no seguinte punto ven unha contratación dunha persoa de axuda no fogar, e recoñece no informe que é unha necesidade patente neste Concello a axuda no fogar, e sen embargo hai unha traballadora contratada como laboral fixo de axuda no fogar e hai nove traballadoras que contratan de forma temporal, despois en cambio pois monitores para o Polideportivo contratan oito, despois administrativos me parece que hai dez ou once, ou unha cousa así, é dicir, dánlle prioridade a administrativos, que si efectivamente non son produtivos porque é



traballo burocrático, non son produtivos a nivel social na época na que estamos, e retiran seguen retirando dende o ano 2008 non recuperamos aínda que había doce traballadoras do fogar naquel entón e hoxe seguimos tendo dez como máximo, cando a poboación a poboación maior aumentou, e non o digo eu que eu estou baseándome no informe que dan para contratar ó Oscar este do punto seguinte. Dende o BNG unha vez máis estamos a que fagan unha RPT onde se reflectan claramente os postos de traballo reais, os previsibles e que se acompañen dos preceptivos informes e das súas características específicas, así como dos complementos económicos respectivos, a razón da súa dispoñibilidade horaria e as consecuencias económicas que pode ter isto. Un informe político que ademais indique a priorización dos postos de traballo sobre outros a sabiendas de que por exemplos o servizo de axuda no fogar como dixen é insuficiente, non hai rede de canguros, por exemplo, que foi outra proposta que fixemos no BNG hai xa uns anos e iso, non hai unha rede de canguros, por exemplo para conciliar vida familiar e laboral que hai moitas mulleres que hoxe non poden traballar por ter fillos, e por enriba non poden saír a buscar traballo tampouco, entón non se pensa por exemplo nunha sala de lactancia, ou nunha Casa da Xuventude para a xuventude, e sen embargo hai dez administrativos totalmente prescindibles que fan unicamente traballo burocrático, deses dez estou segura que algún sería prescindible. En definitiva dende o BNG dicimos que a cousa vai de mal en peor, non mellora absolutamente en nada, reducen información porque isto é un lavado de cara, non da ningunha información, é dicir, a min dáme máis información ca RPT que fixeron no 2011, que isto, isto simplemente é unha xustificación de imos xustificar isto, pero aquí non din criterios económicos, priorizacións, funcións, etc.... Nada máis nós imos votar en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do PSOE.

A sra. Morenza toma a palabra: Grazas. Nós temos que dicir que o Cadro de persoal está composta de sesenta e tres persoas, aumenta ano tras ano, para converterse como ben se chegou a recoñecer na Comisión Informativa nun verdadeiro coladeiro para postos indefinidos, é iso o que se chegou a dicir. Por unha parte escúdanse na cobertura legal restritiva do Goberno Central do Partido Popular, que é quen restrinxen non o podemos esquecer, e para non actualizar a RPT e conformámonos só coa aprobación anual do cadro de persoal, pero por outra banda estase facilitando a posibilidade de converter en indefinidos a numerosos traballadores cando encadean contratos de dous anos e medio, cada tres anos. A política de contratación de persoal do Concello de Barbadás caracterízase deste xeito por agrupar case todos os istmos iso sabémolo ben, o oscurantismo é un deles que o nomeou Ánxela pero hai moitos máis. Este método para pasar a formar parte do cadro de persoal a indefinido é



cuestionable e reprochable e contravén a igualdade de oportunidades, sabémolo todos, pero por desgraza somos coñecedores dunhas tácticas que lle teñen servido a vostedes señor Freire e probablemente pretenden que lle sirvan á señora Consuelo Vispo para perpetuarse no poder. Son precisamente estes contratos temporais concatenados que se convarten en indefinidos son ó abono de perpetuarse no poder e seguir comprando vontades, vendendo favores, hipotecando eternamente a familias enteiras para capturar os votos a cambio de postos de traballo. Este foi sempre o seu xeito de funcionar e da igual que o Alcalde leve bigote ou que a súa herdeira sexa máis do sector do birrete que o da boina, as tácticas son as mesmas, amiguismo, caciquismo, enchufismo, oscurantismo. Vinte e seis funcionarios, nove laborais, cinco persoas interinas, sesenta e tres laborais temporais, sesenta e tres, hoxe apróbase o cadro de persoal para 2015 que irá aumentando ano tras ano, porque como dicíamos antes hai que dar cobertura legal á creación de novos postos como pode ser o caso da contratación de catro persoas para o pavillón, persoas contratadas polo método de urxente necesidade como todos sabemos, os anos pasarán e como todos sabemos estes traballadores encadearán os famosos dous anos e medio e pasarán a formar parte do cadro de persoal, isto é como o conto da faba que nunca se acaba, e pasará o mesmo cos auxiliares de Protección Civil e pasará o mesmo co conserxe do novo colexio, e co persoal da gardería, cos monitores culturais dos colexios e así ata que cadren as contas, as electorais por suposto, contratos indefinidos. Pero sempre cumprimos escrupulosamente a legalidade, diso non cabe dúbida ningunha, encárgase a Secretaria de recordárnolo sempre, pero outra cousa son os criterios políticos que se seguen para contratar a esas persoas, amigos de vostedes. Resulta pasmoso, que presuma de transparencia na política de contratación cando dende o Partido Socialista temos reclamado que se creen listas de contratación para cubrir vacantes, e segue sen facerse, pero sorprendentemente hoxe traen ó Pleno no seguinte punto a dación de contas e ratificación da Resolución de Alcaldía para a contratación dun auxiliar de servizo no fogar, que pretende ser isto un lavado de cara, porque cando hai que cubrir unha baixa ou unhas vacacións noutras ocasións non se fai deste xeito, e dicir, dende que son Concelleira, o Pleno nunca tivo que ratificar a contratación dun traballador para cubrir un mes de vacacións, que pretende demostrar señor Alcalde, cando se están pasando pola porta de atrás como din vostedes noutras administracións, están entrando pola fiestra, porta de atrás sesenta e tres persoas, sesenta e tres non, pero destas sesenta e tres podería presentarlle as preguntas por escrito e vostede teríame que contestar cantas destas son indefinidas, teríamos as cifras concretas que probablemente o pidamos, ou pedímolo xa agora que nos dean por escrito destas sesenta e tres persoas que teñen un contrato indefinido, ou que nos últimos anos pasaron a ser



indefinidos, evidentemente queda claro que non estamos de acordo cos criterios dixitais de contratación do Partido Popular.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben pois nós non imos discutir este tema porque é simplemente un documento digamos gráfico da realidade, entón entendo que imos someter a votación o punto. Votos a favor.

A sra. González toma a palabra: Engado que ademais deses sesenta e tres postos de traballo indefinidos, ou perdón, temporais, hai cinco persoas neste Concello traballando, conseguindo un posto de traballo a maiores, simplemente polo cargo político que teñen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación do Cadro de Persoal para o ano 2015**”

8- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA PARA A CONTRATACIÓN DUN AUXILIAR DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto que é a dación de contas da Resolución de alcaldía para a contratación dun auxiliar de servizo de axuda no fogar, que foi feito creo que no mes de xuño. Ten a palabra a Secretaria.

A sra. Secretaria toma a palabra: Para a cobertura das necesidades do período estival, as vacacións, fíxose necesaria a contratación dun auxiliar de axuda no fogar. Sempre se tira dun procedemento selectivo cando existe este para cubrir vacacións, por que nunca se trouxo ó Pleno, nunca se trouxo ó Pleno porque ata fai un par de anos non era necesario traer ó Pleno a contratación de persoal de forma laboral, como traemos unha memoria, pois para os socorristas, pois para os auxiliares de axuda no fogar, entón isto é unha ratificación, cubriuse no verao para cubrir o trámite formal, en base ó que o que abunda non dana, basicamente dende o punto de vista técnico por se temos algún problema coa avogacía del Estado, por iso se trouxo, pero sempre se tira cando hai procedementos selectivos, sempre se tira para cubrir desa maneira, dos seguintes clasificados, chamouse ós dous anteriores, ou sexa ós que lles correspondía, si o que ocorre é que hai algúns procedementos selectivos nos que sorprendentemente, ó mellor só se presenta unha persoa, ou se presentan dúas e cando vas a polo suplente, xa está traballando e ocorre varias veces, aquí chamouse ós dous primeiros da lista e aceptou



o terceiro porque os dous primeiros xa tiñan traballo, e o rexeitaron.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben se é dar conta imaxínome que

A sra. González toma a palabra: É dar conta pero é gracioso, é dicir, non sei cantos anos levamos aquí e é a primeira vez que isto se trae aquí, eu pregunto que onde están os mesmos informes e a mesma dación de conta para os socorristas.

A sra. Secretaria toma a palabra: Tráese previamente, si hai unha memoria que ven de declaración de servizos prioritarios.

A sra. González toma a palabra: E despois tráese aquí unha contratación a feito consumado, porque este chico segue estando traballando, non.

A sra. Secretaria toma a palabra: Non foi para cubrir unha baixa

A sra. González toma a palabra: Informádenos tres anos despois, ou sexa é que é absurdo, é dicir, é como se me ves con unha contratación que se realiza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque é obriga dar conta ó Pleno.

A sra. González toma a palabra: O único bo que ten este informe é saber que efectivamente temos razón cando estamos reclamando continuamente que se aumente a atención ós noso maiores, esto é o único bo que ten este informe.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben como isto non require votación.

A sra. Morenza toma a palabra: Queríalle preguntar ó señor Alcalde ou a señora Secretaria si nestes dous anos que é obrigatorio traelo a Pleno é esta a única contratación puntual que se fixo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tráense con carácter previo non posterior.

Isto non require votación porque é dar conta.

9- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE CONSTRÚA NO CONCELLO DE BARBADÁS UN CENTRO DE DÍA PÚBLICO

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto que é unha moción do Partido Socialista sobre o Centro de día de Barbadás, que ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Como di a moción un dos retos máis importantes para as sociedades avanzadas do século XXI é o de dar resposta á situación das persoas que chegan á terceira idade. A solución a este reto evidenciará se o Estado do Benestar pervive ou finalmente é destruído polas políticas que actualmente predica a dereita. Desde hai anos, o Grupo Municipal Socialista ven reclamando que en Barbadás haxa un Centro de Día para poder dar unha ampla e extensa cobertura ás



cada vez máis acuciantes necesidades das persoas maiores. Un Centro de Día público, non privado, que sexa capaz de facilitar a atención diúrna a aquelas persoas que presentan algún nivel de dependencia, ben sexa física ou psíquica. Falamos de cidadáns que continúan vivindo nos seus domicilios pero que precisan de coidados e atencións de carácter persoal, social ou médico. O Centro de Día que o Grupo Socialista demanda para Barbadás debe cubrir todas as necesidades fundamentais na atención social e sanitaria que precisan os nosos maiores. Ten que ser o eixo sobre o que pivoten a mellora da súa calidade de vida, pero tamén unha atención médica especializada e colaborar activamente cos parentes destas persoas facilitando o que se coñece por “respiro familiar”. Barbadás ten que coidar dos seus maiores, ten que traballar polos seus maiores, e aquí estamos convencidos que non se fai así. Máis se temos presente que na actualidade hai no noso concello 1.761 conveciños e conveciñas que superan os 65 anos. E como dixo antes o señor Fírvida hai que destacar o envellecemento do envellecemento e que en Barbadás, non é que haxa só 1.761 conveciños e veciñas que teñan máis de 65 anos e que o 51% deles superan os 75 anos, o que fai máis necesario e urxente a existencia do Centro de Día. Desde as últimas eleccións pasaron tres anos e medio e o goberno do PP prometeu a toda a veciñanza un Centro de Día. Un incumprimento máis de todos os compromisos coa cidadanía. E o Partido Socialista presentou no 2013, o 4 de xuño unhas preguntas para ver como se facía realidade ese cumprimento do seu programa electoral, no que preguntaba que xestións se están facendo actualmente para que Barbadás conte con esa dotación, resposta: está o señor Alcalde facendo as correspondentes xestións, pero debido a crise económica está en estudio. ¿Con que están facendo as xestións?, non me contestou. ¿En que prazo haberá centro de día en Barbadás?, está sen determinar en que prazo haberá centro de día, dependendo da situación económica; despois voulle falar eu da situación económica, e vaille quedar claro; pero é que os incumprimentos en relación a esta dotación non son destes tres últimos anos, xa nas eleccións do 2003, os seus concelleiros comprometíanse a súa construción, e novamente facían nas eleccións do 2007. Lembra programa do 2003 do Partido Popular, do 2003, servizos sociais e de terceira idade, faremos un Centro de día para as persoas discapacitadas, 2003. 2007 Centro de día sen máis, eu penso que no ano 2003 non había crise económica, creo que era un ano de bonanza, catro anos transcorreron para poder facelo, catro anos, si, si aquí levan moitísimo tempo, que llo conten ó Polideportivo se levan tempo. 2003 non había crise económica, ano de bonanza, e seguiron catro anos máis de bonanza económica, non se fixo Centro de día, e non 2013 aínda me contesta iso. Ano 2007 volve o seu programa electoral, Centro de día, titular, no 2007 que eu saiba non había crise económica aínda estaba en ciernes, non a había. Vostede a quen



quere enganar señor Freire, a toda a veciñanza, a cuestión é que está sobre papel, entón vostede de verdade un día dixo aquí nun Pleno que prefería mentir a que non sei que outra cousa, dixo algo así, e contesteille eu terá que ir a confesarse.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non creo que dixera eu iso, non me consta a min iso.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Algo así dixo, non me acordo da palabra textual, non me acordo da textualidade do tema, non, non, dixo, eu mentirei pero gaño as eleccións, e contesteille si, si, si, dixo así, eu mentirei pero gaño as eleccións, e seguro que está na acta, dixo mentirei, non afirmou que mentira

O sr. Alcalde toma a palabra: Que gaño as eleccións é evidente, diso non hai dúbida.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero o outro tamén, o outro tamén é evidente, isto tiña que ser unha biblia do seu comportamento. 2003-2014 transcorreron once anos, esta é a mesma historia que a do polideportivo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero conforme se fixo o polideportivo que aí está feito, é unha realidade tamén se vai facer o centro de día.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Señor Freire vostede a súa estratexia política é a do engano e a da mentira sistemática como fixo o señor Aznar coa guerra de Irak, converter unha mentira nunha realidade é o que pretende o señor Freire co seu programa electoral.

O sr. Alcalde toma a palabra: O engano e a estratexia que vostedes utilizan, que se enganan vostedes así mesmos, vostedes engánanse vostedes a si mesmos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dixo o señor Alcalde na Comisión Informativa que non había cuartos, díxoo estes días, pero é que volvo a repetir utilizando o seu argumento no 2003 había cuartos, o que non había era ganas. Vostede mente, o que non hai é capacidade de xestión, igual que os dez mil euros do bonobus de Parada e de Piñor, que o ten enfronte ó empresario é resulta que “desidia del empresario”, nin ten capacidade de presión sobre a Xunta de Galicia, e voulle poñer un exemplo máis diso señor Freire, e son rápido pero creo que son contundente. Vostede creo que lería ou miraría ou se interesaría polos orzamentos da Xunta de Galicia. Ben, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, construción Centro de día fogar residencial Vilardevós, setecentos vinte mil douscentos oitenta e cinco euros, que terá Vilardevós que non ten Barbadás, pois terá un Alcalde que ó mellor, ó mellor, “ que o fai ben”, e que vai a Santiago a negociar, a presionar, ou aquí , ou onde proceda, pero é que é lamentable que un Concello que ten dous mil cen veciños, que polo tanto poñamos que a súa taxa de envellecemento sexa do 30-40%, por ser unha zona moi rural, que teña ó mellor oitocentas



persoas que superan os sesenta e cinco anos, pero é que en Barbadás hai mil setecentos sesenta e un, e non hai un peso para un centro de día, pola súa incapacidade política e de xestión señor Freire, nin máis nin menos, e os papeis está aquí, nin máis nin menos e punto e final. Que diferenza hai entre o Concello de Vilardevós e o de Barbadás, o que dicía, ou ó mellor hai outra diferenza máis que o señor Alcalde de Vilardevós gañou as eleccións hai tres anos, por dous ou tres votos de diferenza, sete votos de diferenza, entón hai que ancorar ese voto e captar ese Concello definitivamente.

O sr. Alcalde toma a palabra: O que lle doe é que perdera o PSOE.

O sr. Valcárcel toma a palabra: A min non me dou nin me deixa de doer, eu son militante do Partido Socialista, son Concelleiro do Partido Socialista e evidentemente prefiro que gañe un candidato do Partido Socialista, pero é que Vilardevós precisamente non me preocupa, preocúpame Barbadás, así de claro. A min o que lamento, o que teño que lamentar e que vaian setecentos vinte mil euros a Vilardevós con seiscentos ou setecentos anciáns, e a Barbadás con mil setecentos sesenta e un non veña un chavo, pero é que máis digo, esta inversión, este investimento que se fai en Vilardevós, non é de setecentos vinteun mil euros, porque eu entrei na páxina do Concello de Vilardevós, e resulta que o investimento é de un millón catrocentos mil euros, Barbadás cero. Simplemente a moción o que pretende é que se esixa a este Concello, e ós seus gobernantes e á Xunta de Galicia a que se inicie de xeito inmediato o proceso para construír un Centro de Día público en Barbadás, en cumprimento do seu programa electoral do 2003.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG.

A sr. González toma a palabra: Levan toda unha vida gobernando vostedes, e fanse vellos, eu tamén me fago vella, e aquí de Centro de día nada, nin co tempo, nin con tempo. Claro que o señor Alcalde poderá ir a pasar os últimos días seguramente algún Centro de día privado seguramente ó mellor aquí, ó mellor en Matosinhos onde sea, eu non, eu necesito un Centro de día público a poder ser, porque non son tan rica como vostede, son máis riquiña, pero non tan rica. Entón un Concello coma o noso de máis de dez mil habitantes, con poboación avellentada nos pobos e que ronda sobre as dúas mil persoas, que superan os sesenta e cinco anos, é inconcebible que non teña servizos tan básicos coma este. Iso si foi unha promesa, como dixo Valcárcel, da súa campaña electoral. Mesmo se facemos memoria no ano 2009 tiñan vostedes un proxecto de adicar os baixos que están por riba do Mercadona a esta instalación, daquela o BNG dicía que pretendía facer un aparcamento para persoas maiores, porque para saír do paso querían adicar uns baixos nun lugar a todas luces inadecuados para o Centro de día. Finalmente non o fixeron, pero botaron terra sobre o asunto e aquí paz e despois gloria. Aínda



así manteñen unha Consellería de Servizos Sociais pola o que o seu Concelleiro cobra ó redor de dezaioito mil euros ó ano, isto é a súa austeridade. Vostedes meten a man no peto das familias para solucionar a súa situación, e deixa sen servizos á xente que o necesita, incluíndo por colectivos tan vulnerables como son os nosos maiores, e tempo tiveron señor Alcalde. Na época do bipartito negáronse a unirse ó Consorcio de Benestar por cuestións partidistas e saíron perdendo ós cidadáns puxeron sempre por riba dos intereses dos nosos maiores os seus intereses partidarios e mesmo persoais derivando diñeiro ás adicacións exclusivas e restando dos dereitos sociais e sempre seguindo criterios economicistas no eido dos servizos sociais algo impensable para o BNG. Así coa complicidade de todos os gobernos do Partido Popular, de todos, converteron Barbadás nun Concello sen servizos, máis cos servizos máis básicos, os mínimos que pode haber como son nos servizos sociais que polo número de habitantes tiña que ter moitísimos máis. Agora ven a campaña electoral, dona Consuelo Vispo xa dixo que había que seguir na liña de Freire, pero mal imos, porque todos sabemos que Freire está imputado e está sendo cuestionado pola súas propiedades e negocios, e como os conseguiu, ¿vai ser outra promesa electoral o do Centro de día Chelo?, ou vai ser unha intención que se vai a cumprir, ou ¿que vas levar ti no programa electoral con respecto a este tema?.

O sr. Alcade toma a palabra: Nós vámoslle votar en contra por a sinxela razón de que nós temos a nosa propia política que é a que estamos intentando levar a cabo, nós temos presentado na Xunta de Galicia a solicitude para facelo precisamente neses baixos que se di, cun presuposto e cun proxecto feito, e o único que temos loxicamente é que esperar e presionar para que nolo fagan, pero a iniciativa xa está posta en marcha dende fai moito tempo, como vostede dixo antes hai que ter iniciativa, nós xa a tivemos, pero xa a tivemos fai anos, e estamos pendente de que se execute e punto, e trataremos de presionar o máximo para que se leve a cabo non é necesario que vostedes nos veñan aquí dando ordes, o que nin como nin cando temos que facer nada porque xa o puxemos en marcha xa fai varios anos e o único que temos que facer é, nós presionar politicamente para cando sexa o momento que se faga.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Señor Freire entón vostede non ten capacidade de política ningunha, se o presentaron xa hai dous o tres anos, xa me contará porque o leva Vilardevós e non o leva Barbadás, de verdade e non quero falar de Vilardevós, pero é o que toca porque está aí. Non o comprendo señor Freire, agora di vostede que quere gobernar e que quere presionar, pois faga o seu traballo porque desde logo o Alcalde de Vilardevós están facendo moito mellor que vostede, e volvo a dicir nós non vimos a dar, fala vostede de dar ordes, a oposición aquí non ven a dar ordes, ven a facer propostas e debía de estar moi agradecido de todas as propostas que levan feito os compañeiros do



Bloque e compañeiras, e as que levamos feito nós, porque lle damos iniciativas sistematicamente, pero o que realmente vimos a trasladar aquí son as inquiredanzas das veciñas e dos veciños non a dar ordes, vimos a propor e a trasladar o que nos transmiten os veciños, e volvo a dicir a mil setecentas sesenta e unha persoas das cales máis do 51% superan os setenta e cinco anos e mil setecentas sesenta e unha que superan os 65, pense neles non lle vaia a prestar simplemente o servizo a súa casa, que ó mellor é unha forma de encadear e de absorber un botiño, preste o servizo onde o ten que prestar que é nun centro de día público, e déixese de lerias, e déixese de que vostedes xa o están facendo, non, non o están facendo, porque o tiñan que haber feito no 2003.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben moitas gracias. Ten algo que dicir a voceira do BNG.

A sra. González toma a palabra: Eu só o podo cualificar a vostede de miserable moral en estes termos, así, porque está dando unhas respostas que se está rindo de todos nós, estanos enganando reiteradamente non a min, senón a toda a cidadanía de Barbadás, e vaise, vaise vostede, tense que ir coas orellas gachas, tal como se vai sinceramente, porque en colectivos tan vulnerables como son as persoas dependentes, as persoas maiores, e os nenos, deixan moito, moito que desexar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “Moción do PSdeG-PSOE para que se constrúa no Concello de Barbadás un Centro de día público”.

10- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR O REXISTRO DO CONCELLO NO DOMINIO .GAL.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción que é do BNG sobre o Concello, sobre o dominio .GAL. Ten a palabra o seu voceiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recoñecemento público e o éxito de acollida do PuntoGal demostra que a sociedade galega apoia a normalización do idioma nos máis diversos ámbitos. Máis de 120 colectivos, as principais institucións culturais do país, as tres universidades, colexios profesionais, empresas de novas tecnoloxías, medios de comunicación, asociacións culturais de base, formacións políticas e milleiros internautas a título individual amosáronse a prol deste identificador para a lingua e cultura galegas na longa carreira para que a ICANN concedese este dominio propio para Galiza.

Deste xeito, a comunidade galega no mundo, a nosa lingua e a nosa cultura xa gozan dunha marca



propia con que identificar os contidos que xeramos na Rede e, así, facérmonos máis visíbeis dentro deste espazo de comunicación global. O .gal é o dominio que nos corresponde como comunidade con fortes vínculos lingüísticos, culturais, históricos e sociais. Unha especie de sufixo con que identificamos na internet as páxinas escritas en galego e que se dirixen á sociedade galega nas súas comunicacións en liña e que, tendo en conta a dispersión do pobo galego no mundo, non se circunscribe a un ámbito territorial concreto. Tecnicamente viábel e económica, social, lingüística e culturalmente rendíbel, o .gal encádrase nos dominios patrocinados de primeiro nivel.

Este dominio é xestionado pola Asociación PuntoGal e os ingresos económicos que se producen pola súa actividade serven para o mantemento do propio dominio e, no caso de se produciren beneficios, estes son investidos no fomento da lingua e cultura galega dentro do ámbito das novas tecnoloxías.

O dominio .gal fai que se poidan localizar os contidos destinados ao público galego ou referentes á sociedade galega de xeito máis rápido, poderanse organizar os contidos en galego na rede de xeito máis eficiente e as institucións poden presentarse perante o público galego dun xeito máis próximo. O dominio galego axudará a consolidar unha comunidade galega na internet, o .gal permitirá facer visíbeis os produtos, a cultura e a comunidade galega no mundo e contribuirá ao uso e fomento das novas tecnoloxías por e para a sociedade galega.

Segundo os prazos que se dispuxeron para rexistrar os dominos .gal, o Programa Pioneiros púxose en marcha para un grupo reducido de páxinas web baixo unhas condicións especiais. Durante o pasado mes de xuño recibíronse solicitudes na Asociación PuntoGal e 93 delas entraron en funcionamento o pasado 25 de xullo.

A seguir, na fase de lanzamento, ábrese o período coñecido como **Abrente** ou Sunrise que permitirá que aquelas entidades tanto públicas como privadas poidan exercer o seu dereito preferente de solicitaren un dominio. Esta fase desenvolverase entre os meses de **setembro e novembro**. Simultaneamente ao Abrente desenvolverase o proceso de **Carreira** ou Landrush, en que aquelas persoas interesadas en dominios sen prioridade de especial interese poderán ter a súa oportunidade de solicitalo. Finalmente daráselle paso á Fase Aberta, en que se abrirá o rexistro libre de dominios para o público xeral e que comezará a funcionar arredor de decembro.

Asemade hai que facer especial fincapé no feito de que máis alá dun beneficio económico (porque o dominio e as web **.gal** tributarán en Galiza), este paso suporá unha maior proxección no eido dixital e servirá para que o noso país se vexa no mundo.

Por iso pedimos ao Pleno do Concello de Barbadás a adopción dos seguintes



ACORDOS

- 1.- Instar o Goberno municipal para que rexistre e active .gal no enderezo da web institucional -e nas demais de ámbito municipal- nos prazos establecidos pola asociación que xestiona o dominio.**
- 2.- Instar o Executivo municipal para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións locais co obxecto de que comecen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio que nos identifica como país.**
- 3.- Instar o Goberno local a fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas ás entidades e asociacións municipais para facer fronte á tarifa da Asociación PuntoGal que se publicará como “prezo normal” .**

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois ó longo deste ano creouse unha asociación chamada puntoGAL, que o que fai é xestionar, primeiro conseguíuse que en internet existise o dominio .GAL, e despois está xestionando que todas as administracións públicas, organismos, empresas ou persoas privadas, poidan ter os seus dominios con este, os seus dominios de internet acabados en .GAL. Isto non é solo unha cuestión de informática ou de internet, é unha cuestión tamén de identidade nacional, é unha cuestión de que se queremos ser alguén no mundo, e ademais a cultura, lingua é un valor económico moi importante en todo o mundo, pois debemos aproveitar esta oportunidade para facernos visibles en todo o mundo como nación que somos, e como patrimonio e como cultura propia que temos, deberíamos ter todos os enlaces que se xestionan e se dirixen neste País colgados co .GAL. Ademais tamén ten un beneficio económico, todas as empresas que traballen en internet con enlaces .GAL, tributarán os seus impostos en este País, como sucede actualmente con Iberdrola, que ten os ríos galegos absolutamente estragados, os montes cheos de muíños de vento, pero tributa en “el Paseo de la Castellana”, pois o .GAL tamén podería ser para iso, entón nós o que pedimos é que o Concello de Barbadás de adhira a esta iniciativa, que se poña en contacto coa asociación .GAL, que pida o rexistro do Concello, instar ó Goberno para que se rexistre, despois os dous seguintes puntos da moción son:

- Instar o Executivo municipal para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións locais co obxecto de que comecen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos e tamén instar o



Goberno local a fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas a estas asociacións municipais para que se podan subscribir ó dominio .Gal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

O sr. Fírvida toma a palabra: Perdón e que o dominio principal do Concello de Barbadás sexa. GAL

A sra. Morenza toma a palabra: Nós nada, pouco temos que dicir estamos totalmente de acordo coa iniciativa do BNG, dicir só que Concellos máis pequenos ca Barbadás, con menos habitantes, e con menos de con mil habitantes incluso de Galicia, xa fixeron a xestión no mes de xullo, entón que quede claro sempre chegamos tarde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, nos vamos a apoiar a moción, sobre todo no rexistro de .GAL, o das subvencións neste momento acabamos de aprobar os presupostos xa non sei de onde imos sacar as subvencións, se é que as queremos. En todo caso nós vamos a aprobar á moción, ou sexa non vamos a discutir, que incluso xa a rexistramos aquí estamos, ou sexa que non é ningunha novidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aparte diso hai outros puntos dos acordos desta moción, hai un, facer unha campaña de promoción deste enlace, transmitirllo a todas as asociacións culturais, educativas de empresarios, comerciais do Concello, e incitar, favorecer á súa subscrición a este dominio, e di que non hai diñeiro, non hai diñeiro para o que non queren, porque para o que queren sobra diñeiro, e xa nos anticipou antes nos orzamentos que para o calendario hai diñeiro, que non hai diñeiro para os orzamentos, nos orzamentos para parques e xardíns, porque o pensan sacar dunha futura modificación de crédito. Se é futura non se pode ter aprobado, modificación co cargo ó remanente, dixéstelo vós.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a votar a favor entón entendo que votamos todos a favor, Bloque, PSOE e PP.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

Moción do BNG para solicitar o rexistro do Concello no dominio .GAL: 1.- Instar o Goberno municipal para que rexistre e active .gal no enderezo da web institucional -e nas demais de ámbito municipal- nos prazos establecidos pola asociación que xestiona o dominio.

2.- Instar o Executivo municipal para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións locais co obxecto de que comecen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio que nos identifica como país.

3.- Instar o Goberno local a fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas ás entidades e asociacións municipais para facer fronte á tarifa da Asociación PuntoGal que se



publicará como “prezo normal” .”

11- MOCIÓN DO BNG SOBRE O FUNCIONAMENTO DO POLIDEPORTIVO DE BARBADÁS.

O sr. alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción tamén do BNG sobre o funcionamento do Polideportivo, ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira, e lle vai responder despois a Concelleira de deportes.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nós temos recibido moitas queixas, non unha nin dúas, moitas queixas non unha nin dúas de moita xente que utiliza algo de deportes neste Concello, ou ben as Escolas deportivas, ou ben o Polideportivo novo. Entón eu vou facer referencia a todas elas, ao que a xente nos transmite, e tamén ó que nós vemos lóxicamente. Unha delas é que neste Concello e que fai ter diñeiro para todo, senón tes diñeiro non podes nin saír da casa, tes que estar pechadiño. Para xogar ó fútbol, para xogar ó tenis, para xogar a calquera deporte tamén hai que ter diñeiro, tamén é unha forma grave de discriminación, sobre todo para os nenos pequenos, que hai familias que os seus pais que non poden permitirse o luxo de pagar noventa euros no mes de setembro, anotar a un fillo, se ten dous fillos, tres, xa non digamos se practica dous deportes, e despois enriba de cobrarlles estes oitenta ou noventa euros polas taxas das Escolas deportivas, lles obrigan a comprar o material escolar. Hai xente que nos di que gasta douscentos euros con un deporte, porque tes que comprar unha mochila, unha sudadera, un plumífero, un chándal, un pantalón de deporte, unha sudadera para adestrar, camiseta para xogar, uns tenis e unha raqueta e non che chegan douscentos euros, é dicir, non se poden permitir levar ós seus fillos a facer deporte neste Concello, non se pode, poderá facelo quen teña diñeiro, o que non teña diñeiro non pode facelo, e ademais é obrigatorio, comprar o material deportivo, e hai que compralo nunha tenda onde quere a señora Chelo, hai unha tenda en Ourense provincia e todo dios ten que ir a esa tenda, a comprar alí o chándal de Barbadás, porque si, e se non tes chándal, ou material deportivo non podes practicar ese deporte, palabras transmitidas non por unha, nin por dúas, por moitas nais, por moitos pais, por varias nais e pais que lles pasou, que lles dixeron: “niño si quieres jugar aquí traes el chándal”. Mira no meu tempo xogábamos ó fútbol, eu xoguei o fútbol toda a vida, pero íbamos adestrar cada un con unha camiseta dunha cor, corríamos igual que corríamos agora, e se había petos, nos poñíamos un peto para diferenciarnos, os roxos para un lado e os azules para outro, e as camisetas de xogar eran do club, e o acabar de xogar levábamos a camiseta, lavábamos a camiseta en casa e devolvíámoslla o club porque non eramos os propietarios da



camiseta, un día xogabas co 7 e outro día co número 11. Claro o sorprendente é que cando a señora Concelleira se lle pregunta por estas cousas, contesta: “as Escolas municipais de Barbadás levan unha imaxe durante moitos anos”, imaxe, isto colexio de elite, Oxford, “imaxe que fan que se diferencien pola súa indumentaria”, é dicir, somos de Barbadás igual que las camisetas azules eran de la Falange española, igualiño, aquí segregamos non só por capacidades económicas senón tamén pola indumentaria que levan os nenos, entón se queres pertencer a unha clase social determinada tes que vestirse igual que esa clase social, iso roza algo que foi moi perigoso en Europa no século pasado. E pódense sentir distintos e incluso desprazados e discriminados, non señora Concelleira, desprazado e discriminado, síntese o neno que querendo xogar o fútbol queda na súa casa porque os seus pais non teñen diñeiro, ningún neno se sente desprazado, discriminado do fútbol con unha camiseta de cor verde, non hai ningún neno xogando ó fútbol se sinta desprazado, porque son felices xogando ó fútbol, como se lles pode obrigar a comprar material deportivo a esta xente na tenda que ti lles mandas ir, ó prezo que ti lles marcas, que o mellor teñen unha camiseta de cinco euros, como vendes as veces de publicidade, ou che venden os rapaces nos institutos para unha excursión, e xogas con esa, ou que, porque non, ten que ser co que vos decides. Mirade tedes un complexo de inferioridade, de clase social bestial, atroz, isto cheira a maristas e de aí para arriba, é un complexo que tedes na dereita, a diferenciación, a discriminación, a segregación e todo en base ás rendas, todo, todo circula ó redor a iso. Ben despois, hai moitísimas máis queixas, hai moitísima xente que se queixa que incluso despois de facerche comprar material deportivo, resulta que os nenos non están federados, nin van a participar en ningunha competición, como pasa co tenis, como pasa co judo, como pasa co balonmán, non se sabe en que Polideportivo van a xogar, porque resulta que pagas noventa euros, o anotas a tenis, pero xogas a tenis no Ruxidoiro, iso si con chándal, iso é o máis importante. Páxina web do Concello, eu mateime a buscar por aí información, nadita de nada, propaganda política toda, información nada, non hai nada de información na web do Concello. O Polideportivo, xa o dixos antes a Concelleira, pecha ás dez da noite, a nós parécenos pouco tempo, hai xente que traballa e sae de traballar ás oito, e chega a Barbadás ás oito e media, xa sei hai o problema dos horarios e dos traballadores, pero haberá que pór quendas, en vez de traballar de mañá terán que entrar ás cinco da tarde, ou ás catro da tarde, e traballar de catro a once, aí hai unha marxe lóxica para establecer un horario laboral, igual que hai en todos os sitios que hai quendas, un de mañá e outro de tarde, ou como sexa, unha persoa para pechar ás dez da noite, ben e encima ás dez da noite, pero ás nove e media xa están dicindo que tes que ir saíndo, porque teñen que pechar, claro media hora antes xa che están dicindo, vaian abandonando o espazo.



Despois o Polideportivo ten un tellado arriba, pintaron aquilo, pero claro, ¿pódese usar aquilo como zona de xogo?, ¿ten as medidas de seguridade acaídas?, ¿alguén xogou alí a tenis, a baloncesto, a fútbol sala, a voleibol ou a badminton?, para que hai ese tellado, serve, se vai haber competicións, esa cancha do tellado está homologada, como é aquilo, e se te pegas un golpe contra a alambrada, como é esa alambrada, manca, non manca, ten cobre todo, ninguén se vai caer de alí, non sabemos para que está a situación esa do tellado, pero se practicas dous deportes tes que comprar dous chándales, porque os chándales, porque os chándales son de diferentes cores, e o chándal de tenis non o podes levar a balonmán, ¿non é certo?.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): É o mesmo para todas as escolas, tes mal a información.

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Teño mal?, e o material deportivo é igual para todas as escolas, si xa sei que mo vas a explicar porque cho preguntei antes. Mira, xa non digo as contestacións que nos das, pero resulta que para xogar a baloncesto, que nos dis que hai que xogar con camiseta de sisas é mentira, a selección francesa de fútbol, acaba de xogar o mundial, perdón de baloncesto, acaba de xogar o mundial cunha camiseta de manga, os Chigago Bulls xogan cunha camiseta de manga, ah, pero resulta que en Barbadás se queres xogar a baloncesto tes que comprar unha de sisas. Persoas que pagan oitenta e noventa euros e non teñen ningún tipo de forma de competir, que non están federados e non pertencen a ningún tipo de club federado para poder competir, como tenis e baloncesto. Unha pregunta, ¿que diñeiro recibe o Concello como subvención da Xunta de Galicia para material deportivo, para monitores, para actividades deportivas?, ¿recibe algún tipo de subvención?, porque sería alarmante que recibise subvencións e que esas subvencións en vez de ser adicadas a financiar os vestiarios dos , fose utilizado, claro, xa sabemos que hai cinco mil euros para o vestiario dos monitores, os monitores teñen un salario, e encima pagámoslle, claro, oe, a Policía Local eu entendo ou hai que darlle material, ou hai que darlle diñeiro para que o compre, bastante vello e malo o que teñen, nin sequera para pistolas, pero iso é outra historia, pero é un Policía Local, pero claro nisto da imaxe, e que “todos seamos iguais y todos tal”, ata tamén temos que uniformar ós monitores, como temos oito, máis un coordinador, máis unha concelleira, pois moito diñeiro para material, para vestimenta. ¿Por que non se contou cos ximnacios de Barbadás para programar as actividades deportivas deste último trimestre?, se contratou unha empresa privada, outra externalización máis, e eu é que de verdade, hai oito persoas traballando en Barbadás, nas Escolas deportivas, colexios, no colexios non iso vai aparte, Escolas deportivas, pavillón e campo de fútbol, oito, máis un asesor externo, unha empresa externa quedou claro agora, máis unha Concelleira, e resulta que temos que



contratar ás actividades a unha empresa privada que nos cobra dous mil catrocentos euros, e que fan os outros oito, é dicir, cantos carnés piden para que haxa oito persoas, porque eu vou ó pavillón dos Remedios e hai alí tres persoas, expedindo carnés e levando, e aquí temos oito para facer carnés, carnés que non existen, non existen porque vas ó banco a pagar e dache o banco un recibo e ese é o teu carné, o recibo que che da o banco, o de facer o ingreso, non hai nin carnés, en fin, é unha pena, desidia absoluta, unhas ganas de non traballar, de non querer facer as cousas, de non botarlle imaxinación, de non botarlle ganas, de non querer estar no que se está. Despois o máis alarmante, os prezos, primeiro eu quero saber se isto é legal ou ilegal.

O sr. Alcalde toma a palabra: É legal.

O sr. Fírvida toma a palabra: É legal, isto é legal, non hai taxa pública, no hai ordenanza pública que regule as taxas do pavillón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Que llo diga a Interventora.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non hai, entón eu pregunto se é legal ou ilegal, que me contesten porque, se isto é legal porque acabamos de debater agora a modificación de dúas ordenanzas públicas para as taxas de abastecemento, por que se fixo unha taxa pública para a recollida do lixo, por que se fai para terrazas e veladores, e por que non se fai para ser socio dun pavillón, cando noutros Concellos eu sei que si que hai ordenanzas públicas que regulan taxas e prezos públicos dos servizos públicos, é máis por aquí tamén ven o de utilizar, xa falaremos despois. Iso esta é a información que hai. Resposta da Concelleira: “as familias numerosas teñen desconto”, é mentira, porque aquí pon: contía das actividades de mañá, xubilados, persoas en situación de desemprego, familiar a partir do segundo membro incluído, iso non é unha familia numerosa, iso é familia, familiar segundo membro, persoas con discapacidade; despois todo o día, xubilados, persoas en situación de desemprego, familiar e persoas con discapacidade, mire primeira persoa por todo o día vinte euros ó mes, vinte euros ó mes para poder facer cinco actividades deportivas, cinco ou seis, que coinciden no tempo co cal non poderías facer todas, a sala de musculación xa quedou pequena, porque Barbadás, xa o dixo antes a Concelleira, que era tan marabilloso que había trescentas persoas anotadas, non Chelo non é porque sexa marabilloso, é que é por pura necesidade, é que non hai outra en Barbadás, ou vas aí ou non vas a ningún lado, ás veces a necesidade obriga, hai que ir aí, que é o único sitio que hai; a sala de musculación pequena, o ximnasio pequeno, todo pequeno, e claro non hai para facer todas as actividades, e cobrar vinte euros a primeira persoa, e dezaseis euros a partir do segundo membro. Ben eu fixen unha suposición, unha familia con catro persoas, un matrimonio, unha parella, e dous fillos,



pois terían que pagar oitocentos dezaseis euros ó ano, este é o pavillón máis caro de toda a provincia de Ourense, pero con creces, ou sexa, pero outros valen trescentos, trescentos cincuenta, douscentos e pico, oitocentos dezaseis, senón fas pilates, si fas pilates tes que sumarlle oito euros ó mes por persoa que queira facer pilates ou danza do ventre, ou se estás embarazada, pilates para embarazadas, que terías que pagar oito euros máis, é dicir, máis de mil euros ó ano, por un pavillón pequenísimo que xa non cobre as necesidades da xente, e pondes estes prezos, pero vós pensades que pode haber moita xente en Barbadás que poida permitirse o luxo de pagar sesenta euros ó mes, unha familia de catro persoas, por ir alí a practicar unha hora e media un deporte, e se fas alí deporte, porque isto é alí no pavillón, pero ti imaxínate que tes o neno alí xogando ó fútbol alí na Escola deportiva, lle pagas noventa euros, lle compras a roupa, despois se quere ir a facer musculación ó polideportivo, ala sesenta e oito euros, é unha loucura, é que só pensades en cobrar, o máis caro da provincia, onde está o desconto para familias numerosas, aquí non figura, onde está a taxa fiscal reguladora dos prezos, improvisación, xa sei que me ides dicir que é legal, non me importa, improvisación. Eu sei hai dez anos que se vai facer un polideportivo en Barbadás, si porque puxeron alí un cartel, hai dez, non hai doce anos, eu sabíao que se ía facer un polideportivo, oes fíxose.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista, por favor se pode abrevie porque a moción é a deles, se se vai remitir ó mesmo.

A sra. Morenza toma a palabra: Non vou repetir, porque hai moito, hai de abondo para falar do polideportivo. Non acabamos de entender porque a posta en marcha do polideportivo, incluso antes de que se abriera ten xerado tanta polémica. Non temos claro se terá que ver coa xestión da Concelleira de deportes, Chelo Vispo, o que si estamos seguros é que así é, polémicas, problemas, controversias hainas e moitas, xa desde antes de empezar a funcionar, algúns exemplos están relacionados co uso das canchas de xogo. O voceiro do Grupo Socialista presentou o pasado trece de outubro, unha serie de preguntas sobre o fútbol sala neste caso, do que non falou o compañeiro Fírvida para completar os problemas que se xeran entorno ó polideportivo. Estas preguntas querían coñecer como se chaman os equipos non profesionais de fútbol sala, que poden adestrar ou xogar na cancha do polideportivo, que criterio se seguiu para aceptar a estes equipos e non a outros porque había polémica, é certo que o equipo Carril Futsal foi o primeiro en inscribirse, cumprindo os prazos, por que razón foi excluído este equipo do uso da cancha, tamén se pregunta se é certo que un fillo da Concelleira de deportes e flagrante candidata do Partido Popular xoga nun dos equipos que poden utilizar, que si poden utilizar a cancha do multiusos, ó mellor é unha casualidade non pasa nada. ¿É certo que o pavillón tan só se



utiliza cinco horas en fin de semana cada quince días para este deporte?, ¿Cal é a razón para que os equipos de baloncesto non poidan disputar as súas ligas no polideportivo dos Carrís?, as respostas tardaron quince días en chegar, chegaron, xogan tres equipos e ningún deles é o Carril Futsal. Os equipos que presentaron a solicitude en tempo e forma, segundo o regulamento foron os que foron admitidos. Presentouse fóra de prazo a solicitude feita polos Carril Futsal, mentira, para poder adestrar non tiña horas, e déuselle a opción de compartir os domingos pero non aceptaron, mentira, xa o explicarei agora moi brevemente. O fillo da Concelleira, si asegura a Concelleira na resposta, que é un pouco raro isto, porque en realidade quen ten que contestar é o Alcalde, porque son preguntas dirixidas ó Alcalde, pero xa estamos acostumados. A Concelleira recoñece que o seu fillo pertence á xuventude do Concello e xoga nun equipo que solicitou autorización da cancha multiusos evidentemente non ten porque existir discriminación. O pavillón neste momento abre cada quince días para a liga de fútbol sala e de baloncesto. Aclara tamén a Concelleira que a pista xa foi homologada pola Federación de baloncesto, e xa se está disputando os domingos pola mañá, pero segundo os propios interesados en ningún momento se lles notificou que houbo un prazo de entrega de documentación, incluso a persoa encargada de recibir á instancia deu por feito que serían aceptados como calquera outro equipo. É destacable ademais que o representante dun dos equipos preguntoulle a membros de Futsal como cubrir a instancia, polo cal é incerto asegurar que o presentou fóra de prazo, cando foron eles os que lle dixeron como tiñan que cubrir a instancia, e si foron aceptados ese equipo. O que está claro é que non se lles informou que existía unha data límite para presentar a documentación, e queremos aclarar tamén, que este equipo foi e con maiúsculas excluído inxustamente cando só pediu a cancha para xogar cada quince días, non para adestrar. E o suma e segue do cuestionable funcionamento do pavillón non remata aquí, outro cabalo de batalla dunha parte da cidadanía son as esixencias respecto ó equipamento dos alumnos das Escolas deportivas do que falaba Fírvida, a pesar do que diga a Concelleira de deportes estas escolas parece que pretenden ser de élite, cando unha familia media de A Valenzá é precisamente de clase media, e non nos vales os argumentos esgrimidos pola Concelleira de deportes na Comisión Informativa, quen asegura que se alguén ten problemas para pagar a equipación acuda ós Servizos sociais, non lle é esa a solución, unha solución de élite, si esa é a solución de élite. Pero esta postura é o máximo expoñente do clasismo máis rancio señora Consuelo Vispo, quérolle lembrar á señora Concelleira de deportes que hai familias con dificultades si se poderían permitir mercar o equipamento para dous ou tres fillos, con moitas dificultades, e non terían porque ir ós Servizos Sociais porque probablemente non lle



axudarían, andarían xustiños, pero simplemente o consideran un exceso para os tempos de crise que estamos a padecer o común dos mortais, non vostedes está claro. Non se pode esixir para ofrecer tan pouco señora Consuelo Vispo, e non se pode facer, o que se pode facer é invitar despreciativamente a levar ós fillos e fillas dos veciños e veciñas de Barbadás a outros concellos como fai vostede invitar ás persoas que pagan impostos neste Concello, que teñen os fillos neste Concello, que teñen os amigos neste Concello a que vaian a este Concello que lles é máis barato, pero non lle é así. Hai que xestionar e ter moi claro que a veciñanza de Barbadás temos dereitos a facer uso das instalacións en Barbadás, e os nenos non teñen porque ser segregados polo clasismo máis rancio do Partido Popular, e a cousa non termina aí, porque Vispo Seara terá que explicarnos, e leo rápido porque xa non quero abusar do tempo, que explicarnos por que non se poden usar as canchas descubertas do tellado do Polideportivo, por que non se poden usar. Xa sabemos que o chan é deslizante, xa o sabemos, o que non acabamos de entender é por que o xerente, coordinador, chámennlle vostedes como queiran a esta persoa contratada a dedo, o propio xerente das instalacións lle pediu axuda á oposición cando fixo a visita xirada, para que presionemos nós, a oposición, os Concelleiros do BNG e os Concelleiros do Partido Socialista, para que presionemos para que se constrúa unha cuberta nestas canchas, isto si que é antixestión do Partido Popular, unha persoa que contratan vostedes, para que lle digan á oposición que ten que seguir presionando para que vostedes fagan o seu traballo, ou que fixera un proxecto que non correspondía, nin estaba dimensionado para a poboación de Barbadás, e queremos tamén que Consuelo Vispo nos explique por que non se dimensionou axeitadamente o pavillón, para poder practicar a competición de ximnasia rítmica, por que non se dimensionou para poder practicar a cama elástica, e terá que explicar tamén, porque é a máxima responsable na área de deportes, por que non se planificaron no seu día os vestiarios, que se lles ocorreu facer cando xa estaban a punto de abrir as portas, e tamén terá que detallar os problemas que houbo co dimensionamento da caldeira, estas faltas de previsión retrasaron a apertura e incrementaron o custe supoñemos. Tamén supoñemos que Vispo botará balóns fóra, e dirá que somos os mellores e os máis baratos, que é o argumento que usa sempre, ou que vaian ós servizos sociais, ou que vaian para Ourense, e queremos saber si xa están elaboradas as tarifas, xa formalmente, se xa as pode coñecer a cidadanía, e tamén dicirlle que si tiveron case quince anos para facer o polideportivo non entendemos porque tiñan tanos defectos. Que criterios, tamén queremos coñecer que criterios se seguiu na contratación porque aínda non o aclararon do coordinador da área de deporte, porque aínda non nolo dixeron, que criterios, bo a dedo claro, non o aclararon, vostede non o aclarou. Este xerente cobra mil trescentos euros damos por feito que a Seguridade Social págaa el, e



tamén queremos saber porque non se lle contestou ás empresas que son do municipio, foron convocadas pois para falar supoño, para facer un procedemento negociado, para facer, ou unha reunión informal, unha oferta, e porque non se lle contestou finalmente, e non se lle deron algún tipo de argumento de por que se excluía se contratou a unha empresa externa, a unha empresa fóra do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar antes de que tome a palabra a Concelleira, porque sobre o tema de funcionamento vai loxicamente a defendelo ela, dicir que o proxecto técnico feito se fixo antes de ser a Concelleira, que se fixo na Deputación, vamos na Deputación non, fixémoslo nós, pero executouna a Deputación en dúas fases e as dimensións tanto do Polideportivo como dos servizos auxiliares foron feitos todos por un arquitecto cos seus criterios técnicos, nós non somos técnicos loxicamente non entendemos diso, e se lle encargou precisamente a iso ós arquitectos co cal, ela pode responder do que é o funcionamento a partir de agora porque se vai facer cargo, pero o que colleu feito xa o colleu, non pode facer outra cousa, subsanar defectos como se subsanaron con relación ós vestiarios e os que veñan evidentemente, nada máis ten a palabra agora a Concelleira.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Creo que si teño que contestar, vou ir un pouco deprisa e contestar un pouco por enriba, creo que contestei durante todos estes días ás preguntas que me fixeron os dous grupos políticos, en tempo, dicías que eran quince días, mandástesme unha batería de preguntas, a la que eu contestei unha por unha, e creo que consecuentemente. Imos ver, vou contestar ás preguntas do BNG e despois contestarei ás súas. Imos ver, as queixas do Polideportivo, entendo que as queixas que hai no Polideportivo das Escolas deportivas cóntanllas a vostedes, nós non temos ningunha queixa neste momento, dixeron sobre o Polideportivo na Comisión Informativa hai unha caixa de suxestións xa para que a xente non teña que facerlas directamente, porque ó mellor non queren, e a única suxestión que se meteu nesa caixa, díxeno na Comisión informativa foi dun secador de pelo. Imos ver señor Fírvida, todas as escolas de Ourense, e se quere poder mirar, teño mire feitos os deberes, fixéronme traballar e sigo traballando, todo isto, as Escolas deportivas de Ourense son os prezos, non as vou a enumerar e as teño, doulles unha copia, somos os máis baratos da provincia de Ourense, os máis baratos. Señor Fírvida pregunte que lle digo calquera, e a parte son que poden contrastalas. O Polideportivo empezamos polos ximnacios de aquí, falamos con diversas empresas non soamente a que está contratada neste momento que é a máis barata, ós dous ximnacios déuselles a opción de entrar a formar parte para dalas clases colectivas, as individuais non no ximnasio porque temos dous técnico contratados polo Concello, ós dous ximnacios déuselle a oportunidade, falei



persoalmente cas dúas persoas, tanto dun lado coma de outro, non vou a nomealas para non sacar aquí ós seus nomes, un deles díxome directamente que non tiña a capacidade suficiente como para, quieto, quieto, está, está por escrito, a capacidade para ter os monitores, segundo que o prezo que nos deu é máis elevado que a empresa que temos hoxe. Segundo ximnasio, díxonos, deunos o prezo para as actividades e era máis caro, entón tampouco puido ser, a un deles déuselle a opción porque nos pediu reiterativamente se lles podíamos axudar coa escola que daba a súa actividade no seu ximnasio, díxémoslle que si que non había ningún problema, incluso démoslle, como non temos horas porque temos todo moi fraccionado, démoslle fóra das instalacións do Polideportivo, outra ubicación para poder levar a súa escola a cabo, de momento non teño noticias, ou sexa que si intentamos axudar ós ximnacios. Prezos dos ximnacios teño a lista dos prezos dos ximnacios de Ourense incluídos os de Barbadás, e somos os máis baratos, o ximnasio de aquí soamente vou dar os prezos son trinta e cinco euros o ximnasio dun e doutro, despois as actividades tanto como pilates ou o que dean cóbrase a parte, entón por favor infórmense, estoulle dando tódolos datos e se pode contrastar. Despois a roupa, hai oito anos que levo de Concelleira de deportes, a roupa, teño aquí outro listado onde se poden ver todas as empresas que nos viñeron a dalos presupostos da roupa, temos os presupostos no Polideportivo. Durante seis anos tivemos unha tenda onde se compraba, que era Turini, todo o mundo o sabe, tiñamos mal funcionamento con esa tenda, déuselle a oportunidade durante varios anos, e ó final os pais si que tivemos queixas, aí si que tivemos queixas incluso nunha reunión que tivo lugar na Casa da Cultura, onde estivemos diversos concelleiros, e pedíronos por favor o cambio, iso eran cento vinte ou cento trinta persoas que estaban na Casa da Cultura, que nos pediron reiterativamente que cambiáramos a tenda, eu non poño a tenda señor Fírvida, entón estas empresas el problema que tiñamos era que tiñamos que montala tenda nós, dentro do Polideportivo e iso en canto eu estea aquí non, porque non temos nin sitio e sería que teríamos que ter máis xente contratada non podemos facelo, entón o que fixemos foi coa empresa que nos fai todo o material deportivo, traballaba con Turini e con Moncho Deportes, entón Moncho Deportes quedouse porque como Turini funcionaba mal, démosllo a Moncho Deportes a ver como funcionaba e de momento gracias a Deus todo funcionou perfectamente, cambiamos a forma de traballar, no mes de maio cando se fixeron as inscricións das Escolas deportivas, o que fixemos é que os nenos tiñan unha folla que se lles daba, como non traballamos nin facemos nada, dabamoslle unha folla onde tiñan que marcar a roupa que querían para o ano que ven e se foi xa pedido automaticamente á empresa, ese neno no mes de setembro cando empezou a actividade tiña a súa roupa. Imos ós prezos da roupa, é que lle vou a



contestar a todo, ó mellor saímos de aquí ás catro da tarde. Prezos da roupa, imos ver, os prezos da roupa os podemos comparar coas outras escolas de Ourense, e somos a máis barata, non me fagas así, demostramo, demostramo. Vouche dicir unha cousa aquí hai un recorte dun periódico dun club xogador Os Carrís fútbol inhabilitado por unha agresión, imos ver, este equipo e vouche a dicir unha cousa e non tiña que dicilo neste Pleno, o fillo dun compañeiro meu de empresa que está prexubilado, veu falar comigo, e voucho a dicir, a normativa do Polideportivo, por iso vouche dicir que está fóra de prazo, a normativa pon que ten que ser no mes de maio cando piden, poncho aquí na normativa do Polideportivo, e de pedila cancha diche que ten que ser no mes de maio e pódelo ler, os tres equipos que se inscribiron, e máis os de baloncesto, e os sabedes perfectamente, foron en tempo e forma, Os Carrís o que fixeron foi, e voucho dicir así de claro porque os dous equipos pódéncho dicir na Federación cando foron a pedir as horas, dixéronlle a normativa e todas estas cousas que fan eles nas súas reunións, ían o equipo de Os Carrís dicindo que tiñan cancha, cando non a solicitaran, entón os outros equipos dixéronnos, mira que as horas non var dar porque máis ou menos tiñamos todo programado, porque hai outro equipo a maiores, eu cheguei o Polideportivo e dixen quen é este equipo, entón antes de falar ese señor comigo, e dinme que foran, estaban en Celanova xogando, estouvos contando o que eu sei, e o que dixeron eles persoalmente ós meus técnicos. Entraron dicindo que eles estaban xogando a liga de Celanova, a liga de Celanova non a había, ó parecer a quitaran, entraron dicindo que viñan a Barbadás para pedir a subvención e que aquí sabían que ían a xogar, que tiñan horas, iso eles mesmos, eles foron no mes de setembro cando che di a normativa que no mes de maio é cando tes que pedila cancha, entón están fóra, iso é mentir o que estades facendo, o que vos están contando eles, cal é a miña sorpresa que gracias a Deus non están en Barbadás, porque o presidente do club está totalmente fóra neste momento do equipo por agredir a un árbitro, e eu non quero que no Concello de Barbadás, nin queriades vós que pasaran estas cousas, entón gracias a Deus que non están aquí. Señor Fírvida temos carnés, estamos traballando e o que pasa é que vostede non sabe como funciona o Polideportivo. Temos un sistema informático onde se meten os datos, explícoche como funciona, hai un ordenador na entrada, se queredes ensínovos todo como funciona, somos transparentes, hai un ordenador na entrada que eles entran co carné que se fixo, e pasa e sae como unha, do outro lado loxicamente pola Lei de protección de datos, aparece unha luz verde cando pagaron a cota e unha luz vermella cando non pagaron a cota, e a persoa que está na porta dille por favor, é que non lle estamos dicindo, dámoslle tempo, dez días, incluso a xente que cobra o paro lle damos ata o día 10 o día 15 para que abonen os recibos, así funciona, teñen os seus propios carnés,



teñen controlada a entrada de tódalas persoas, e se houbera tantas queixas non habería 380 persoas, todo o mundo nos dá a parabéns polo funcionamento do Polideportivo, entón non sei creo que contestei a todo. Un momento que me falta algo, só un segundo, o tema do baloncesto, imos ver o único deporte neste momento que no compite é o tenis, o tenis non ten neste momento competición porque non temos a pista axeitada, é o único deporte e o teño que recoñecer, balonmán está competindo, baloncesto está competindo, ximnasia rítmica, pero cama elástica non temos esa actividade, Valcárcel non temos esa actividade. Cama elástica en ningún momento pediron a actividade, senón miraríase, neste momento descoñezo se se pode facer ou non, un segundo, pero é que non teño esa actividade, entón para que quero competir, tamén podía competir en badminton, digo eu, e tampouco pediron a actividade, non sei que fixación tes ca cama elástica, sinceramente. Baloncesto está competindo, a pista está homologada, fútbol sala está competindo, a pista está homologada, ximnasia rítmica vai a competir, todos menos o tenis, son os únicos. Non teño nada máis que dicir, se queredes preguntar algo.

O sr. Alcalde ten a palabra: Señor Fírvida ten o dereito de réplica.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nas preguntas que fixen sobre o funcionamento do Polideportivo. Contratouse a unha nova empresa, a unha empresa para facer actividades este trimestre que cobra dous mil catrocentos euros, había unha pregunta que era que tipo de contrato se lle fixo, non mo contestaron, non sabemos que tipo de contrato se fixo a esta empresa, supoño que será tamén unha asesoría externa, unha prestación de servizos, pero non se me contestou, queríamos saber si esta empresa vai seguir traballando no Polideportivo de Barbadás durante o ano 2015, se vai seguir ofertando as mesmas actividades, se os prezos van a seguir sendo os mesmos, e se van a seguir aí, se van a seguir aí contratadas e que contrato se lle vai facer. Despois non se dixo nada dos prezos para min é o máis grave, porque todo o demais son cuestións de funcionamento. Ben Chelo nos contestou algunhas, nos aclarou unhas, outras aquí a versión que teño é moi diferente á túa, a xente a min de dá as queixas, a ti dante os parabéns, pero eu repito ti cres que se pode pagar oitocentos dez euros ó ano por ser socio dun pavillón como de Barbadás, que xa é pequeno antes de que se constrúa, porque é moi pequeno, faise baixo mínimos como se fai todo aquí, si porque son catro persoas dunha familia vinte euros o primeiro, dezaseis os tres seguintes por doce meses da oitocentos dezaseis, senón fas pilates ou senón estás embarazada e queres facer pilates, senón sobe a máis de mil euros, outra cousa por que seguides obrigando á xente a comprar material deportivo, isto non son as Josefinas nin as Franciscanas, a min dáme igual que me busques unha tenda barata, non é iso a cuestión é que non se



debe cobrar polo material deportivo, un neno pon os tenis que lle pete pór, non tes porque dicirle que se compre uns puma verdes, bo pois entón o chándal, pola mesma razón, pola mesma, pola mesma razón. Pero se ti, Manolo, tes dous fillos e o teu fillo fai fútbol no Pavillón dos Remedios e ten un chándal, e tes un fillo pequeno herda o chándal do maior, iso pasa na miña casa e en todas, e se fai baloncesto no Blanco Amor, pode xogar aquí ó baloncesto cunha camiseta de mangas e non de sisas e non pasa nada, vai meter as mesmas canastras, pero estou dicindo a adestrar, e ir ós campos, e para xogar o que habería que ter é unha indumentaria do Concello, pagada polo Concello e prestar para xogar o partido, e despois devolvela, de maneira que os nenos non pagasen nada, e que non vos enterades do que quero dicir. Entón ó mal funcionamento, acábase de abrir hai tres meses ben, podedes ter a concesión da dúbida de que se abriu hai pouco e que empecen a funcionar as cousas mellor, o noso traballo é dicírvolo, que non che pareza mal. Entón unha taxa fiscal reguladora dos prezos públicos, un funcionamento claro e transparente na páxina web, todo iso que acaba de preguntar Victoria que non lle contestaches, e despois os prezos son desorbitados, non vos parece oitocentos dezaseis euros unha salvaxada, que familia pode pagar isto pero escoitade, pero nin sequera para estar nas Escolas deportivas, para ir ó Polideportivo, que se o neno che fai tenis, ou balonmán ou outra cousa, pagas máis, pagas os noventa euros máis tal, máis a roupa, máis a mochila, da igual, pois da igual, sondes moi ricos, porque non vos asustan estas cousas, a min si que me asustan, e ó mellor non por min pero quero dicir, é así.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, imos dar por concluído esta moción porque senón.

O sr. Firvida toma a palabra: Pero non queda nada claro, vaise seguir obrigando ós nenos a levar roupa e a pagar estes prezos, nada da igual, e isto é o que hai de información.

A sra. Morenza toma a palabra: Non é que queira facer unha intervención simplemente recordar á Concelleira de deportes que non nos contestou ás nosas preguntas unha delas é que non se pode xogar na pista do tellado, e outra das preguntas é a terminoloxía que utiliza, o que dicía antes clasismo rancio, démosllo a Moncho Deportes, como que llo demos, e o posto do xerente tamén llo dimos a Modesto, é que é terminoloxía que doe. E despois queremos saber unha das cousas, por que o xerente, un xerente ó que lle deron o posto, non sabe nin tan sequera o nome da empresa que é a que xestiona a actividade do Polideportivo, e que falla por todas partes. Vostede fai a comparación dos prezos, vostede fala dos prezos, e compara ximnasios con Polideportivos, non, compare Polideportivo con Polideportivo, ximnasio con ximnasio, misture as churras coas merinas. E contéstenos por favor a todas as preguntas que lle fixemos, e senón presentámosllas por escrito, porque considero que moitas



delas non están respondidas axeitadamente. E por favor non teñan tanto clasismo coas persoas.

A sra. Vispo toma a palabra: Ben, a continuidade da roupa, o meu fillo maior ten vinte e dous anos, vouno meter aquí e estivo xa na Escola de fútbol, os chándales que teño hoxe na casa, pódalos utilizar o meu fillo pequeno que ten oito, de todas as Escolas, é que é o mesmo chándal Fírvida, a continuidade da roupa. Escóitame un momento pero é que a imaxe das Escolas, atende un segundo, imos ver, ti sacas ós nenos, lévalos cun monitor, hasta hoxe nos colexios pónenlle pois ou un pano, ou unha gorra para diferencialos, si ou non, home imos a ver, os nenos teñen unha imaxe, socialmente facémolo para que os nenos non se sintan discriminados, decídelo ó revés vós, nós mirámolo da outra maneira, para que o neno que teña unha camiseta Michael Jordan, e outra que non a pode levar, as leven iguais para que non teñan esa discriminación entre eles, facémolo por ese motivo. A pista de arriba, de Victoria, si se pode utilizar, se pode utilizar e se pode pedir, de feito xa temos peticións para utilizala, soamente cando o tempo o permita, se loxicamente está chovendo, non podemos porque en primeiro lugar entrarían cos pes, non porque a xente se molle, no fútbol tamén se mollan, senón porque entrarían cos pes, date conta que o Polideportivo é exterior, entón un pouco temos que ter coidado coas instalacións, incluso a ver, pódena utilizar cando queiran, ¿quen dixo que era deslizante, pero é que un non sei quen vos di esas cousas?, eu non sei de onde quitades iso. E por último xa, Eva pódemos explicar o do prezo e a diferenza entre prezo público e taxa pública, entón neste caso é prezo público e foi aprobado en Xunta de Goberno, por iso estamos dentro da legalidade, ela ten o expediente aí, e se o queredes ver, ou sexa que realmente estamos facendo todo dentro da legalidade, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Moción do BNG sobre o funcionamento do Polideportivo de Barbadás”**

12- MOCIÓN DO BNG SOBRE OS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALIZA DE 2015 E AS PROMESAS INCUMPLIDAS EN BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos, quedan tres mocións, entón eu agradezo brevidade, porque senón, polo ben de todos.



O sr. Fírvida toma a palabra: Os orzamentos da Xunta de Galiza demostran o que vimos dicindo hai xa non sei cantos anos, que aquí méntense, que son uns caloteiros, e que enganan, e que usan electoralmente á poboación, e o que dixo antes Ánxela, e que son iso o que son, pois por que, porque nos orzamentos da Xunta de Galicia non hai nin un só euro para Barbadás, para ningún tipo de infraestrutura, vostede di a gardería porque non quixo non sei quen, o instituto porque non hai terreos, o Centro de saúde porque están en fondos europeos, sempre botando balóns fóra, vostede non ten culpa de nada, vostede fíxose un experto en non responsabilizarse das súas funcións, e entón así temos o Concello, absolutamente sen nada, podería estar falando agora sobre isto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por suposto, pero chove sobre mollado, sempre é o mesmo.

O sr. Fírvida toma a palabra: Chove sobre mollado, pero seguimos sen nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor sexa breve como ponente. Ten a palabra.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Estamos rematando a lexislatura e o Partido Popular de Barbadás ten que responder diante da cidadanía dos múltiples incumprimentos non só ante a Xunta senón tamén do seu propio programa electoral. Falaban da construción do instituto, pois o novo instituto nin está nin se lle espera, como consecuencia da súa funesta xestión urbanística, dos sistemáticos erros no uso indebido de plantexamentos técnicos. Incluso trouxeron hai varios anos ó Conselleiro de educación, xa o sabemos, pois no 2003 concorre o señor Freire ás municipais coa promesa da construción do centro da ESO, aquí volve a estar. No 2007 o seu programa recolle textualmente “esixiremos á Xunta de Galicia a construción dun instituto, en instituto ou colexio de secundaria, canta mentira e canta ineficacia. Pero levaban tamén a posta en marcha do Centro de saúde de A Valenzá e comezarían as obras de xeito inmediato, tamén está aquí, de xeito inmediato, xa pasaron máis de tres anos e aínda está o solar como estaba a monte. O Grupo Socialista presentou o 30 de outubro unha batería de preguntas sobre a dotación en cuestión, dado que nos orzamentos da Xunta non figura partida económica ó efecto. Primeira pregunta pode confirmar o señor Alcalde a existencia do financiamento para a construción do Centro de saúde, resposta: segundo a xerencia de primaria si. Pois ben, nos orzamentos non hai nada de nada, argumenta a Consellería que o financiamento é por medio dos Fondos FEADER, o señor Alcalde ten que saber que estes fondos remataban no ano 2013, pero que podían ser prorrogados ata finais do 2015, sempre e cando esa obra estivera iniciada, non é o caso, cousa que non ocorre aquí; segunda pregunta, en que prazo se rematará, pensado rematar no 2015. as fantasías son libres señor Freire, a construción do Centro de saúde e o seu funcionamento non é cousa dun ano, ten que saber que para que poidan aplicar os Fondos FEADER dos que falaba antes, a obra



ten que estar rematada e funcionando plenamente no 2015, dubido moito que nun ano se dote de persoal, e se remate a obra. No seu programa do 2004, prometía a construción do Centro de saúde, bo nun próximo ano, xa o dixen antes. Hai máis incumprimentos coa Xunta de Galicia, un claro exemplo é o das piscinas municipais, o 28 de xuño de 2009, a Secretaría xeral para o deporte anunciaba na prensa en compañía do señor Freire, unha actuación importante para as piscinas, nunca máis se volveu a saber, esa é unha promesa incumprida máis, as piscinas seguen sendo unha charca grande, pero insuficiente para a poboación de Barbadás e que ano tras ano resulta perigosa. Outra promesa incumprida é a que afecta ó lugar dos Muíños, tamén se lle segue esperando, así que por moito que o señor Alcalde se empece en falar dunha situación idílica en canto a dotacións a realidade queda patente no seu programa electoral, promete cousas que dende o 2003 aínda non cumpre hoxe, e que están sen facer, e non vou dicir nada máis, máis que se lea o seu programa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, suficiente, que ó fin e ó cabo é o mesmo xa, iso debe estar nas actas.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero señor Freire recoñeza os seus erros e punto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu recoñezo o que é, e o que non é non o podo recoñecer evidentemente. Con relación á moción que é do que se trata, dicir que é verdade que se nos dixo que o financiamento está con fondos europeos, e por iso non está nos presupostos da Xunta, e con relación ó demais, pois evidentemente saben cal é a situación, xa se lle explicou anteriormente aquí, e non me vou volver reiterar como fan vostedes sobre o mesmo.

Votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Moción do BNG sobre os orzamentos da Xunta de Galiza de 2015 e as promesas incumplidas en Barbadás.”**

13- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA FOMENTAR DESDE O CONCELLO A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS A NENOS E NENAS DE 0 A 3 ANOS.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entón á seguinte moción que é do Partido Socialista para realizar actividades de nenos e nenas de 0 a 3 anos. Ten a palabra a súa voceira, agradézolle como dixemos antes pois brevidade.

A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE): O Concello de Barbadás, actualmente supera os 10.000 habitantes, é un dos poucos municipios que segue a gañar poboación ano a ano; en xeral



trátase dunha poboación moza, polo que tamén é un dos municipios de Galicia onde a taxa de natalidade é máis elevada. Resumindo temos ó redor de trescentos nenos entre 0 e 3 anos, é un tramo de idade que está totalmente esquecido para o Grupo de Goberno do Partido Popular, pois desde o Concello non se ofrece ningunha actividade para nenos e nenas de menos de tres anos, extraescolares, deportivas, campamentos de verán, Nadal, Semana Santa, contan co acceso á Casa de Xuventude, restrinxido todo iso a nenos menores de tres anos, teatro, pintura, inglés, ningunha para nenos menores de tres anos. É importantísimo destacar o papel destas actividades nos primeiros meses de vida dos máis pequenos, e son moitos os Concello, moitos, incluso con menos de seis mil habitantes, que conscientes desta relevancia inclúen nas súas propostas municipais a realización de propostas dirixidas ós máis pequenos e ás súas familias, porque son actividades que normalmente se desenvolven ca súa nai ou co seu pai, co seu cuidador. Son moitas, e variadas as actividades que se poden levar a cabo, tiña aquí un resume dos beneficios de cada un, pero non imos entrar niso, podía ser psicomotricidade para bebés, teatro para bebés, música e percusión para bebés, moitas delas a partir dos dous meses de idade, natación para bebés a partir dos catro meses de idade, e o Grupo de Goberno do PP non se preocupa que as familias de Barbadás se teñan que desprazar a outros termos municipais a desenvolver estas actividades, que si existen noutros lugares, e ó desenvolver fan que os nenos se estimulen canto antes. O Grupo Municipal Socialista si que escoitamos ós veciños, e esta é unha inquedaanza que leva tempo reclamando a poboación que ten fillos nestas idades, e como dixo vostede ó principio do Pleno que había que darlle servizo a tódolos cidadáns, pois tódolos nenos de Barbadás teñen que ser iguais, e todos teñen que ter servizos, é ó mellor pola idade difícil na que están non poidan ter tantas actividades como nenos de 4, 5 e 6 anos, si se pode adicar algo de tempo a pensar en actividades para nenos de 1 ano, 2 ou 3 anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG.

A sra. González toma a palabra (BNG): En Barbadás non só os nenos de 0 a 3 anos os que se quedan sen servizos, que na franxa de idade infantil-xuvenil, pois a partir dos 12 anos xa se comentou antes que os nenos tiñan que emigrar a Concellos limítrofes para facer actividades, de feito aquí hai Casa da Xuventude para mozos. Entón con respecto ós nenos de 0 a 3 anos que son os que se refire esta moción, pois realmente non suporía un gasto a maiores, simplemente é un pouco de imaxinación e intención política, porque eu creo que espazos hai a día de hoxe máis ou menos, igual había que adecuar algún un pouco, pero vamos hai unha biblioteca, no que se poden facer contacontos para bebés, na que se poden facer actividades en inglés se se quere que está tan de moda, hai un



Polideportivo que se podería habituar para psicomotricidade para bebés, non hai piscina climatizada, por poderíase facer convenios penso eu. Nós imos votar a favor desta moción porque nos parece interesante, e queremos increpar un pouco ó Grupo de Goberno para que lle bote un pouquiño de imaxinación ás cousas que ó mellor isto supomos que non sería para tanto a nivel de gastos, e si de beneficios para a xente, pero que vaian pensando tamén, e aí sería a segunda parte en como ofertar tamén posibilidades a xente maiores, a nenos e nenas maiores de 12 anos, porque está pasando unha cousa, que aquí non hai instituto, a ver aquí créanse unha serie de vínculos x entre os nenos, na etapa de educación primaria, entón van xuntos ás Escolas deportivas, ás Escolas de música, e despois chegan ós 12 anos como aquí non hai instituto tense que repartir e espaxer polos institutos onde os collen por Ourense, entón dáse esa situación de que se sente totalmente desintegrados, e incluso eu sei de casos de que están tendo problemas a conta de que non hai un grupo a esas idades, e que dende aquí non se fomenta porque si que están completamente abandonados.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois nós sen prexuízo de que tomemos nota da cuestión nós imos votar en contra, porque entre outras cousas aparte das actividades, como están vendo xa se están facendo, como é psicomotricidade, como é inglés na gardería, e dende a gardería entendemos que é dende onde hai que canalizar a maioría das actividades a estas idades, entón como loxicamente nós entendemos que parte delas se están facendo e as outras pois en principio pois non son asumibles, pois imos a votar en contra.

A sra. Presas toma a palabra: A ver, agora resulta que hai psicomotricidade para bebés no Polideportivo, na Comisión Informativa non se informou á compañeira de que había psicomotricidade para bebés, vale estamos falando de actividades para nenos de 0 a 3 anos.

A sra. Vispo toma a palabra: Na Comisión Informativa dixen que na gardería había inglés e psicomotricidade de 0 a 3, no Polideportivo hai psicomotricidade, non para bebés para os nenos un pouquiño máis maiores debe de ser de 3-4 anos.

A sra. Presas toma a palabra: No colexio teñen inglés, e hai clases de reforzo de inglés municipais, para que as teñen. Teñen psicomotricidade e teñen ximnasia, para que fan deportes fóra entón, cantos nenos hai na gardería, de 0 a 3. Cento e pico, hai trescentos e pico nenos de 0 a 3 anos en Barbadás, entón quedan cento e pico nenos que como non van a gardería pública, non teñen psicomotricidade nin inglés.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben en todo caso é unha idade bastante conflictiva para facer actividades



A sr. Presas toma a palabra: Conflitiva.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pequeniños para tratalos, delicada digamos, é unha idade delicada.

A sra. Presas toma a palabra: Eu non sei se saben que esas actividades, que a meirande parte desas actividades fanse en compañía cas nais e cos pais, os masaxes para bebés vai a súa nai co bebé alí, ninguén ten que coidar a catro nenos de seis meses, que lle hai que cambiar o cueiro ou vomitan, nin hai que ter título. Cando vas a psicomotricidade van os pais cos bebés tamén, vostede igual xa se esqueceu pero igual hai Concelleiras aquí que teñen nenos novos, non sei penso que saberán como funciona e que é importante, pero non é conflitivo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, delicada. En primeiro lugar neste momento nós o servizo estámolo dando o que podemos, porque unha cousa é o que podemos e outra cousa é o que queremos, seguramente se puidéramos teríamos marabillas. Estudarase cara ó sucesivo, pero neste momento é inasumible polo cal temos que votar en contra.

Votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “Moción do PSdeG-PSOE para fomentar desde o Concello a realización de actividades dirixidas a nenos e nenas de 0 a 3 anos”.

14- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA A POSTA EN MARCHA DUN PUNTO DE ENCONTRO ENTRE A POBOACIÓN INFANTIL E OS/AS PAIS/NAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á última moción que é a do Partido Socialista sobre facer un encontro para a poboación infantil cos pais e nais. Ten a palabra a súa voceira, e se pode ser breve mellor.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas señor Alcalde. Non é facer un encontro puntual, é facer un punto de encontro.

En Barbadás o crecemento poboacional está asegurado. O municipio está sempre nos primeiros postos da clasificación en aumento da natalidade. O Concello ocupa o segundo posto en incremento demográfico relativo de Galicia. Está case asegurado o nacemento dun centos de nenos ó ano. Esta situación alentadora contrasta coa falta de políticas activas que fomenten a calidade de vida e o desenrolo en condicións óptimas do tempo de ocio dos cativos e cativas. O grupo de goberno do PP limítase a prestar os servizos mínimos e indispensables á poboación infantil, por non falar dos mozos.



As inquiredanzas que traslada a cidadanía en relación con melloras nas dotacións para atender á poboación infantil reciben unha resposta INSUFICIENTE. As prazas de gardería pública non chegan para cubrir a demanda, os Puntos de Atención á Infancia no medio rural brillan pola súa ausencia, non será pola falta de iniciativa que ten tomado o Partido Socialista neste sentido, unha dotación que resultaría moi útil na Valenzá, como é un Espazo Infantil (solicitado hai anos tamén polo Grupo Socialista), parece non interesar ós xestores do Partido Popular. Non se entende este nulo interese do goberno do Partido Popular polas crianzas nun concello onde o número de mozos supera ás persoas da terceira idade. Debería haber unha maior implicación política coas demandas desta destacada franxa de idade. Pero os nenos e nenas teñen necesidades para cubrir con unha calidade media e unha ampla oferta e o Partido Popular non ofrece respostas. Os pais e as nais reclaman solucións a plantexamentos lóxicos para mellorar a atención ós seus fillos e fillas. É preciso actuar en variados ámbitos coma o tempo de ocio, as actividades lúdicas, a programación didáctica non regrada, ou o apoio á escolarización, etc. Hai unha necesidade e os gobernantes teñen que abrir os ollos, a mente e, sobre todo, a súa receptividade a propostas que veñen directamente da cidadanía. Os pais e nais da Valenzá demandan que se poña a disposición por parte do Concello dun local para uso da poboación infantil. Trátase de habilitar un lugar que se converta en punto de encontro entre pais e nais con cativos e cativas. Este lugar serviría para cubrir necesidades que na actualidade teñen que facerse en precario e dun xeito privado ó carecer de instalacións axeitadas para tal fin. Sempre se fala da discriminación do medio rural respecto da Valenzá, pero neste caso a marxinação afecta á poboación infantil deste barrio. Hai que ter en conta que en practicamente tódolos pobos do Municipio de Barbadás existe un local social que pode ser usado a cotío pola poboación en xeral, pero que se converte nun punto de confluencia no caso dos máis pequenos. Este beneficio para pais e nais e cativos e cativas non existe no caso da Valenzá e sería de grande utilidade a tódolos niveis, é dicir, non só para cubrir un espazo destinado ó ocio, senón tamén para organizar actividades educativas, lúdicas, culturais, etc. O sistema sería mesmo a constitución dun grupo de pais e nais en asociación para facerse cargo da actividade cotiá do punto de encontro. Existen múltiples fórmulas, pero ten que haber unha apertura de miras por parte dos mandatarios municipais que ata agora non a houbo, e unha dispoñibilidade material e económica para dar forma a unha proposta que daría resposta ás inquiredanzas dunha importante parte da poboación. Esta dispoñibilidade material, mesmo o dixo o Alcalde na Comisión Informativa que poderían ser os locais da zona do Mercadona. Non podemos esquecer ademais que este “punto de encontro” sería o lugar idóneo para poder organizar actividades para os cativos e cativas ás que doutro



xeito non poderían acceder debido á situación de crise económica pola que atravesan moitas familias. Con un local para uso de pais, nais cativos e cativas poderían atenderse ademais necesidades que na actualidade non poden ser cubertas máis que coa iniciativa privada e ás que non poder acceder a maior parte das familias do Concello, ou polo mesmo do barrio de A Valenzá. O que está claro é que as palabras poden adornarse e edulcorarse señor Alcalde, pero tamén resulta evidente que a raíz deste tipo de propostas como as que plantexa hoxe o Grupo Socialista pódense dar moitos rodeos ou utilizar milleiros de escusas, o que importan son os feitos e a implicación real e efectiva, que se vai facer, vaise reflectir hoxe aquí neste Pleno. E quérolle lembrar ó señor Freire e a todos os Concelleiros, que estamos en crise, que as familias de Barbadás teñen dificultades para chegar a fin de mes. Quérolles dicir tamén que ter problemas económicos ou vivir apretados ou xustos non significa obrigatoria. Para as persoas que mollamos os pes nos charcos que vostedes non arranxan, as que tropezamos nas barreiras arquitectónicas que non eliminan, ou as que esvaramos nas baldosas que non repoñen a crise é moito máis. Para as persoas que vivimos no mundo real e non en torres de marfil, a crise é non poder levar ós teus fillos a un centro lúdico, crise é non poder celebrarlle os cumpleaños con todos os seus amiguiños e amiguiñas nun lugar cómodo e amplo, a crise a verdadeira crise é non poder pagar a gardería cando tes que facer xestións, esa é a cruda realidade das persoas que botan de menos un local, ou punto de encontro entre pais, nais, fillos e fillas, un punto de encontro que non é ciencia ficción, señor Alcalde, é un lugar físico, non no que os cativos de A Valenzá podan facer uso do mesmo, o mesmo que fan os de As Lamas, os de Piñor ou os de Parada, e sinxelo de plantexar, sinxelo de entender, sinxelo de xestionar. A dúbida é se serán vostedes capaces de ser permeables ás necesidades reais que existen aí preto, no mundo real, moi cerca de vostedes, aínda que vostedes non o preciban. O punto de acordo é que se habilite un local para ser utilizado como “punto de encontro” entre pais, nais, fillos e fillas, e pola poboación infantil co obxecto de cubrir un espazo de ocio, cultura e didactismo no barrio de A Valenzá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra a voceira do BNG.

A sra. González toma a palabra: Pois eu, moi claro, eu non sei, non o vexo tan claro, porque a min paréceme que misturas moitas cousas, e estou falando de min persoalmente, que a min, non o Bloque, a min, paréceme que misturas moitas cousas. Dende o punto de vista do Bloque, compartimos o que é a esencia da moción, no sentido de que é bo que haxa un espazo, no que haxa posibilidades de comunicación e de relación interxeneracional, é dicir, tanto nenos con pais, incluso con avós, incluso con persoas maiores, iso vai ser enriquecedor porque na diversidade está o enriquecemento, e ademais



porque todos aprendemos de todos. Estamos de acordo tamén en que debería existir un espazo no que se dera a posibilidade de axuda e cooperación entre as familias de A Valenzá, evidentemente axuda e cooperación no sentido libros, pois moitas veces as familias como é un barrio máis ou menos grande non se coñecen todas as familias, aínda que de vista ás veces si, pero non ca confianza suficiente, libros pois eu déixoche os do meu fillo que xa acabou, vale, disfraces, idem, halloween, idem, etc. Nese sentido estamos completamente de acordo, agora ben, se isto o comparas co que pasa nos pobos, nos pobos hai asociacións de veciños, autoxestionadas, que lle dan contido a ese local, e que conflúen alí, porque os pobos son máis pequenos, e conflúen, a poboación é diferente xa, porque é unha poboación moi asentada de hai moitos anos, todos vimos nacer ós fillos de moitos e coñecemos ós avós que xa morreron, entón é algo que xa ten contido “per se”, non, entón como ten contido “per se” si que se dan este tipo de relacións que son diferentes nos pobos, no que é un barrio como o que é A Valenzá, crecendo como creceu. Entón nós consideramos como BNG, e que eu non sei se entendín ben a moción, consideramos como BNG que de terse que crear unha asociación de veciños, ten que saír dende abaixo, non dende arriba. Dende o BNG pensamos e opinamos sempre, e sempre opinamos da mesma maneira neste sentido, que cando se crea unha xestora veciñal, unha xestora de algún tipo de asociacionismo determinado, son os propios asociados os que teñen que facer a solicitude, e os que teñen que buscar tal para que ninguén os poida dirixir, é dicir, que sexan eles os que se autoxestionen, os que busquen os obxectivos, e os que busquen os que indiquen que tipo de local, que tipo de necesidades teñen. Entón se esa asociación de pais e nais existe, e a necesidade é un local votamos que si, senón eu non acabo de entender a moción, eu. Non a acabo de entender en ese sentido.

O sr. Alcalde toma a palabra: Imos ver, eu coincido case o 100% co que di a voceira do BNG no aspecto que plantexa. En primeiro lugar non é igual a relación veciñal no pobo que en A Valenzá, en A Valenzá xa teñen un montón de actividades que se poden interrelacionar os rapaces, cos que non son tan rapaces, cos mozos porque teñen actividades de todo tipo, empezando por aí, teñen a Escola de fútbol, teñen Escola de música, ou sexa, teñen un montón de sitios onde se poden relacionar, eu sei que estades pensando a relación interxeneracional. Mire, imos ir a realidade, porque a realidade é a que é, nos pobos, en Piñor concretamente, ou en As Lamas, efectivamente a asociación de veciños está xestionando alí os locais, alí fan pois actividades, porque alí non hai actividades como hai en A Valenzá, hai que ser realistas, os avós non van alí para nada, os avós están alí xogando ás cartas, e os nenos van abaixo cos pais, porque o levan ó mellor ó cumpleaños, ou o que sexa, as cousas son así, esa é a realidade. Ben, que faga falta un local en A Valenzá, pois podémolo estudar, nós neste



momento dispoñemos dun local, que lle podemos poñer a disposición para esa actividade, que pode ser o local da asociación de veciños, que está libre neste momento, non se usa, ben, pero claro obviamente o que non podemos é empezar a dotar de locais a todo o Concello porque os locais hai que abrilos, hai que equipalos, hai manter calefacción, e hai que manter cousas, e en A Valenzá hai moito onde poder relacionarse, hai a Casa de Cultura, hai a Casa de Xuventude, aínda que non a consideren como tal, hai a Escola de música, hai o local de Fonval, hai montóns de locais a disposición que hai que pensar un momento de que non é abrir o local sen máis, porque é certo que hai que optimizalos recursos. Entón sen prexuízo de que se estude a posibilidade de poñer a disposición ese local, nós desde aquí o brindamos, se lles é útil e adaptado á circunstancia, pero abrir un local novo máis dos que temos neste momento non o vexo viable porque o local de que falábamos de Mercadona está destinado en principio para Centro de día, cando se faga. Entón aceptamos a moción con eses condicionantes que acabo de expor, ese local é o que hai dispoñible, podémoslo poñer á disposición, sen prexuízo de que se estuden outro máis adiante se hai posibilidade.

A sra. Morenza toma a palabra: Vou falar eu, para aclarar un pouco tanto ó Partido Popular coma ó Bloque Nacionalista Galego que ó mellor non entenderon o concepto da moción. O concepto da moción é que unha serie de pais teñen problemas económicos, ou problema de deixar ós seus fillos, ou non poder estar dez nenos nunha casa, queren un local no que compartir xoguetes, no que levar libros, un local onde estar, onde non teñan que pagar a gardería, é fácil.

O sr. Alcalde toma a palabra: E quen llos coida.

A sra. Morenza toma a palabra: Os propios pais, eles ofrecéronse, e eles téñenlle pedido a vostede, locais para celebrar os cumpleanos, eu xa non o quixen poñer tan directamente na moción, porque vostedes acusaríanos de que estamos aquí propiciando.

O sr. Alcalde toma a palabra: E que se lle vamos ter que dar un local só para celebrar os cumpleanos.

A sra. Morenza toma a palabra: Por favor señor Alcalde, estamos en crise económica a xente non pode celebrar cumpleanos, non pode deixar ós seus fillos, estamos falando de que eles lle pediron locais a vostedes, varios pais, varias persoas, e vostedes dixéronlle que con dous días de antelación non se pode organizar un cumpleanos, nin unha quedada de pais, organizar como fixeron nunha ocasión, María pode contalo, unha sorpresa que lle fixeron un grupo de pais ós seus fillos unha obra de teatro, ou así era, son actividades sinxelas, é un local, non se busquen, isto non ten porque ser regrado nin nada, un local, e a xente non ten dispoñibilidade económica para pagar unha gardería



O sr. Alcalde toma a palabra: Pero imos ver, iso son cuestións puntuais o que vostede plantexa, un cumpleanos, esto ou o outro

A sra. Morenza toma a palabra: Non pero eu plantéxolle que os pais e os fillos podan estar alí, que un pai poda encargarse de tres fillos ese día, ou poda axudarlle a facer os deberes, trátase un punto de encontro entre pai e nais, agora non falei de avós, nin de que vaia máis xente como nos pobos, puxen que a xente dos pobos que o ten máis fácil, é verdade, a xente nos pobos teno máis fácil, ir a un local social sen ningún problema, pero púxeno esa similitude, aquí o que se pide é un local para os pais e para os fillos, e para as nais e para as fillas, pídesse un local dese tipo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós ese local que lle acabo de plantexar, o da asociación de veciños, podémolo en principio, hai que buscar que actividades están facendo se é posible compatibilizalo e se lle pode, por suposto.

A sra. Morenza toma a palabra: Isto é só un medio para ver se vostede abren a súa mente que non a abren, e como non a dan aberto o Partido Socialista trae isto, non pretendemos protagonismo ningún, simplemente os pais están dispostos a constituírse en asociación de pais e pedir un local, pero e que vostedes estean dispostos, pero tivemos que chegar a este punto de traelo ó Pleno e debatilo aquí para que llo deixen, e lévanllo pedindo meses señor Alcalde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Con eses condicionantes nós votámoslle a favor, non hai ningún problema, con esa proposta.

A sra. Morenza toma a palabra: Cal sería o acordo, entón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós aceptamos neste momento o local que temos que podíase compatibilizar co que está facendo no local a asociación de veciños, e poñelo a súa disposición, sen prexuízo de que se estude máis adiante, quen estea aquí pois outras posibilidades.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Moción do PSdeG-PSOE para a posta en marcha dun punto de encontro entre a poboación infantil e os/as pais/nais: Que se habilite un local para ser utilizado como “punto de encontro” entre pais,nais, fillos e fillas, e pola poboación infantil co obxecto de cubrir un espazo de ocio, cultura e didactismo no barrio de A Valenzá. “

- PARTE DE CONTROL



15- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

16- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Fírvida toma a palabra: En Bentraces puxeron uns pivotes na entrada que hai, na primeira entrada alí, non se sabe moi ben, alí os veciños algún protestou porque non pasan ben os coches.

O sr. García toma a palabra: Alí pasa o regato por debaixo e fúndese, xa estaba fundido e tivémolo que arranxar, entón é para que os camións non se metan por alí.

O sr. Fírvida toma a palabra: Fixéronse obras na Ferreira en Sobrado pero quedou aquilo fatal, cheo de grava e de terra e é moi perigoso, estes días que chove, eu fun hoxe a mañá e se baixas para abaixo que non das freado. E dixéronme que estaban facendo unha pista en Bouza Chás de douscentos metros de largo que están ademais botándolle piso, asfaltado, ou sexa están facendo a estrada porque era de terra para dar acceso a unhas viñas alí dun señor, e que é a mesma empresa, e as mesmas máquinas que fixeron a obra da Ferreira.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso nós non somos.

O sr. Fírvida toma a palabra: É privado, non sabe nada o Concello. Claro é que está pregunta habería que facerlla á Concelleira Miriam, que ten exclusividade, que gaña mil trescentos euros ó mes, sempre estamos dicindo ó mesmo, pero non está presente, ausentouse do Pleno. Se é un motivo persoal pido desculpas, pero que alguén o diga, é que me parece moi feo.

Por último hai aquí un acordo da Xunta de Goberno para aplicar un aluguer á Casa da Xuventude, para usuarios da Casa da Xuventude, volvemos ó que estaba dicindo agora Victoria e Ánxela, non hai nada neste Concello, e o pouquiño que hai só se pensa en cobrar. Casa da Xuventude o único punto onde se pode xuntar a xente, onde se pode ir a unha biblioteca, consultar un computador, ir a un salón de actos e ides, e ides cobrar por ir alí a algunha asociación, ou imaxinemos por caso algunha empresa para facer unha reunión, ou unha asociación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Se é para dar cursos ou algunha cousa de fóra.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pero se unha asociación quere ir alí, poñamos por caso para dar unha charla sobre a sanidade pública, xa non digo de mítines.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu volvo a insistir co tema do Centro de saúde, porque o señor Freire non o clarexou, eu fixen unhas preguntas en xuño do 2013, e dicían cando está previsto o seu remate, vinte meses.



O sr. Alcalde toma a palabra: Eu contesteille o que me contestaron a min, que quere que lle diga, non lle poden dicir outra cousa.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede é o Alcalde deste Concello tería que saber o que lle estou dicindo eu, se se financia cos fondos FEADER da Unión Europea tiña que estar iniciada a obra, e que tiña que no 2013 non está, se se prorroga, que ten finalizarse no 2015, pero estando cas chaves entregadas e o centro funcionando con dotación de persoal sanitario, vai ser iso ou non.

O sr. Alcalde toma a palabra: A min dinme que si, eu que quere que lle faga, eu non poden facer outra cousa.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu creo que o están enganando, ogallá non, que conste en acta que di que si que vai estar funcionando no 2015 cos fondos FEADER

O sr. Alcalde toma a palabra: Dígolle que a min que me din que si os do SERGAS.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Perdoe que o dubide, e ogallá me equivoque eu, insisto. O Centro de día claréxenos algo máis entón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa lle dixen o suficiente, non vou repetir o que dixen xa tres ou catro veces no Pleno.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero para cando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Imos ver, nós temos presentado o proxecto na Xunta dende fai anos, proxecto e obra, estamos intentado que o fagan, cando estime a ben a Xunta, canto antes mellor, para nós e para Secretaría.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Entón porque me contestaron aquí o ano pasado que ó tratarse dunha adxudicación, non isto é do Centro de saúde, algo así como que non había dispoñibilidade económica e que estaba facendo xestións, o ano pasado contestoume que estaba en conversas con empresas privadas falou vostede ademais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, foi outra opción que se plantexou.

O sr. Valcárcel toma a palabra: E está desbotada esa opción das empresas privadas, porque nós falamos dun centro público.

O sr. Alcalde toma a palabra: En principio a idea é facelo público.

A sra. Morenza toma a palabra: Eu quería preguntar se se fixo algún tipo de revisión das farolas para evitar posibles electrocucións en A Valenzá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos con iso a día de hoxe, senón que llo diga o Concelleiro que está agora de substituto de obras.



A sra. Morenza toma a palabra: Estase facendo. Hai un cadro eléctrico á vista con posibilidade, de unha posible electrocución na zona das torres novas, das torres onde o Alcalde ten varios locais, non lle sei dicir onde está, onde é o punto exacto, pero claro estoulle dicindo, son dúas preguntas diferentes, unha é se se está facendo a revisión, ben, e outra que existe, isto é case unha posta en comunicación, que existe un cadro eléctrico alí á vista. O camiño dos Fornos estaba en obras, estíbese facendo un investimento, e pararon as obras, porque non se lle pode pagar á empresa ou simplemente porque chove.

O sr. Alcalde toma a palabra: Como que se pararon as obras, a obra fíxose.

A sra. Morenza toma a palabra: E que existe, non, aínda está aquilo como o demo, como se di vulgarmente.

O sr. Alcalde toma a palabra: O muro fíxose, agora hai que pavimentalo, que vai noutro Plan diferente.

A sra. Morenza toma a palabra: Non se pararon as obras, non porque os veciños

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, acabouse a obra que se ía facer, que era o muro, o ensanche, agora o que é a pavimentación vai noutro tipo de presuposto.

A sra. Morenza toma a palabra: E farao outra empresa. O camiño das Canivelas temos entendido que ó mellor vaise facer algo alí porque parece que estiveron limpando ou algo, camiño das Canivelas en Parada, asfaltar un cacho. A pista preto do Lidl, unha pista que se pode subir e baixar que está en moi mal estado con moitos baches.

O sr. Alcalde toma a palabra: Metelo no próximo plan.

A sra. Morenza toma a palabra: E despois tamén lle quería preguntar, en Santa Uxía estanse facendo obras naquel cacho que faltaba por arranxar, había un cacho, en Santa Uxía estanse facendo unhas obras, que xa llo comuniquéi ó Concelleiro de Servizos sociais, que faltaba por asfaltar, estaba en moi mal estado, entón polo visto ós veciños comentan que o ideal sería facer algo de cuneta para recoller as augas ou algo, porque senón iso vaise volver levantar ca chuvia, entón é para que se teña en conta, é un rogo para que se teña en conta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso neste momento non está previsto.

A sra. Morenza toma a palabra: Ou sexa só se vai facer botar asfalto arriba para, de cara ás eleccións municipais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sen prexuízo de que se mire de facer a cuneta.

A sra. Morenza toma a palabra: De que se volva a estragar e despois se fagan as cunetas para



volvolo a vender para outras eleccións.

- PARTE DE CONTROL

12- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó outro punto que é Dación de Contas das Resolucións de Alcaldía que teñen copia todos, se simplemente, non sei se teñen algún tema, iso é dar conta nada máis.

13- ROGOS E PREGUNTAS.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 15:45 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO